A lectura é unha das principais fontes de coñecemento, axúdanos a comprender o mundo, a comunicármolos e a pensar de xeito crítico e creativo. Non é unha materia, senón unha actividade transversal necesaria que no ámbito escolar non sempre hai que entender como unha obriga. Neste sentido intentaremos potenciar o hábito lector no alumnado, desde as aulas e desde as actividades complementarias e extraescolares: **teatro, clubs de lectura, festivais de poesía, exposicións, relatorios, obradoiros de creación, contacontos, intervencións artísticas e concertos, concursos e rutas literarias, encontros con escritoras, escritores ...**

Queremos promocionar a lectura libre, creativa, espontánea, literaria, utilizando todos os recursos, medios e formatos, con especial fincapé no uso das **novas tecnoloxías** como fontes de coñecemento, creatividade e investigación, que conte cun **equipo educativo comprometido** que estimule o interese e desenvolva a sensibilidade literaria do alumnado transmitíndolles e facéndolle descubrir as súas propias emocións e impresións como persoas lectoras, sendo ademais protagonistas da súa propia aprendizaxe.

Contemplaremos distintos tipos de lectura: a lectura comprensiva, a lectura como instrumento de aprendizaxe (para informarse e comunicarse), a lectura expresiva, a lectura lúdica, a lectura creativa, a lectura reflexiva, as TIC... e atenderemos ás seguintes demandas: literatura infantil e xuvenil, literatura clásica e moderna, poesía, teatro, banda deseñada, libros informativos, prensa, revistas, filmes e música, **tendo sempre presente a perspectiva de xénero e a normalización e dinamización lingüística**. O Plan Anual de Lectura está integrado no Proxecto Educativo do Centro, polo que se require a participación de todo o profesorado, a colaboración da Administración e a implicación das familias e do alumnado. O noso compromiso é continuar a desenvolver este plan, coa perspectiva de melloralo, dinamizalo e profundar no mesmo.

1.1. OBXECTIVOS PARA O CURSO 2023-24.

1. **Colaborar** coas actividades do **Club de Lectura “Raíña Lupa”**.
2. **Desenvolver** actividades en colaboración cos distintos departamentos didácticos a partir do lema proposto pola Consellería de Educación: “Centro creativo das aprendizaxes”.
3. **Renovar o Equipo de Biblioteca**, tendo en conta a incorporación de novo persoal, que agardamos axude a:
 - a) **Ampliar a influencia da biblioteca con espazos noutras zonas do centro**, despois de ter engadido nos cursos pasados zonas diferenciadas na biblioteca.
 - b) **Potenciar a zona de xogos**, coa celebración de actividades que a dean a coñecer entre o alumnado, aproveitando as posibilidades do xogo como canalizador das aprendizaxes.
 - c) Continuar coa **catalogación** dos fondos da biblioteca e do centro segundo o sistema de catalogación



internacional.

d) Seguir co labor de expurgar os libros obsoletos.

4. **Continuar** co programa de **Bibliotecas Escolares Solidarias**, coa iniciativa **Voluntariado Na Biblioteca Escolar** . Este será o noveno ano consecutivo que participemos nesta iniciativa.
5. **Organizar xornadas de alfabetización** no uso e aproveitamento da biblioteca, orientadas fundamentalmente a 1º ESO, que permitan ampliar o número de alumnado que colabora no voluntariado da biblioteca.
6. Continuar co **proxecto de dinamización** presentado en xuño 2015, tendo como prioridades:
 - a. **Dinamizar desde a biblioteca escolar** o mundo da lectura, con actividades de fomento da lectura, tal como se vén facendo no curso anterior, con, por exemplo, exposicións que xiran arredor do mundo da lectura e da literatura, recomendacións dos fondos da biblioteca mensualmente, proxeccións de películas.
 - b. **Dinamizar desde a biblioteca escolar** o mundo da información e da aprendizaxe con carácter dinámico e en constante actualización.
7. **Continuar** coa **mellora do espazo da biblioteca** (acondicionamento, estética, información aos usuarios...).
8. **Seguir ampliando os fondos** bibliográficos, audiovisuais e informáticos da biblioteca. Neste curso temos o obxectivo de intentar conseguir a proporción que recomendan as directrices internacionais de 60% de materiais de carácter informativo e 40% de materiais de ficción.
9. Seguir mellorando as **TIC** na biblioteca. Préstamos para fóra da biblioteca dos recursos TIC, ao profesorado que así o solicite, para optimizar recursos e non interferir coas actividades habituais desta.
10. Abrir a biblioteca a toda a **comunidade educativa**, se a dispoñibilidade do centro o permite, continuando o proxecto comezado en cursos pasados.
11. Implicar os diferentes departamentos no **uso da biblioteca** para a utilización desta como fonte de información, aprendizaxe e realización de traballos do alumnado.
12. Realizar programas e **actividades de fomento da lectura** que integren o audiovisual e o libro impreso.
13. Promover cambios no profesorado que faciliten a **integración das tecnoloxías emerxentes**, a mellora da calidade e a renovación das prácticas educativas. Para isto, reforzarase a formación do profesorado para un maior uso dos amplos recursos que as bibliotecas escolares poñen á súa disposición.
14. Mellorar a **comunicación** con toda a comunidade educativa, buscando un lugar máis destacado na páxina web do IES, sen esquecer outras canles de comunicación: redes sociais (Instagram).
15. Colaborar cos **proxectos e programas do centro**, Aturuxo films, EDLG, Club de Lectura, Club de Debate, Polos Creativos, Aula de teatro, Radio na biblio e todos aqueles que se incorporen neste curso.



16. Continuar e afianzar a **colaboración** coa ANPA, o Concello de Teo e a Biblioteca do Concello, así como con outras entidades, bibliotecas e clubs de lectura.
17. Contribuír á **normalización** da lingua e da literatura galega e fomentar o plurilingüismo existente no noso centro, potenciando tamén a lectura noutros idiomas.
18. Axudar a transversalizar a **perspectiva de xénero**, desde a nosa responsabilidade para exercer unha acción contra a discriminación sexual.
19. Atender a **diversidade** e dar resposta ás necesidades do alumnado menos favorecido a nivel social, económico e cultural.
20. - Fomentar o **traballo en equipo**, a educación inclusiva, a cooperación e os valores dunha educación para a cidadanía.



2. ORGANIZACIÓN DA BIBLIOTECA. FUNCIONAMENTO PREVISTO.

A organización e funcionamento da biblioteca establécese a principio de curso e inclúese na PXA. Formouse un equipo de profesorado específico que lle da continuidade ao de cursos pasados e que incorpora profesorado novo, que realizará reunións periódicas coa vicedirección e a persoa responsable da mesma, a profesora M^a Teresa Rivera Estévez, coa finalidade de levar a cabo as actividades programadas; este equipo encargárase tamén do servizo de préstamo. Dirixido polo profesor coordinador, o equipo de biblioteca marcará unhas reunións periódicas para elaborar o plan de traballo a seguir. Nestas reunións estableceranse as liñas prioritarias de actuación e a programación de actividades, así como o reparto de tarefas; decidiranse as novidades a mercar de lectura e de fondos audiovisuais (documentais, filmes, CD), atendendo as peticións dos diferentes departamentos. Realizaranse tamén actividades de formación e de autoformación, e programaranse actividades de dinamización e proxectos en que a biblioteca se implicará e aquelas que o propio equipo porá en marcha. Informarase periodicamente ao profesorado do claustro e ao consello escolar do funcionamento, organización e plan de traballo da biblioteca, e das novidades a mercar, a través das reunións de Claustro, Consello Escolar, boletíns informativos ou e-mails, e a toda a comunidade educativa sobre todo a través da páxina web do centro, sen esquecer as redes sociais. Haberá unha comisión da biblioteca dentro do consello escolar e atenderase as súas suxestións e as da comunidade educativa en xeral para contribuír á mellora da biblioteca.

Horario específico de atención a biblioteca.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:30 - 9:20	PUENTES VÁZQUEZ, LUCÍA	RODRÍGUEZ ALDREY, YOLANDA (AF)	LÓPEZ RODRÍGUEZ, MERCEDES (AF)	SALGUEIRO SALGUEIRO, ROSA (AF)	FARIÑA BUSTO, MARÍA ÁNGELES (AF)
9:20 - 10:10	RIVERA ESTÉVEZ, MARÍA TERESA	RIVERA ESTÉVEZ, MARÍA TERESA	RIVERA ESTÉVEZ, MARÍA TERESA	RIVERA ESTÉVEZ, MARÍA TERESA	CORTIZAS DÍAZ, MANUELA (AF)
1 ^o RECREO	DOMÍNGUEZ MALLO, LORENA	CAMBRONERO LÓPEZ, FERRÁN	DOMÍNGUEZ MALLO, LORENA	CIFUENTES CORDERO, GONZALO	CARBAJO LAGO LAURA
10:30 - 11:20	RIVAS CASTRO, OLGA	RIVERA ESTÉVEZ, MARÍA TERESA	TURNES MEJUTO, RICARDO ISIDRO (AF)	CORTIZAS, DÍAZ, MANUELA	PÉREZ ARENAS, ANXO (AF)
11:20 - 12:10	GONZÁLEZ BUDIÑO, MÓNICA REUNIÓN EQUIPO BIBLIOTECA	SERRAMO GONTÁN, M ^o DULCE(R)	RIVAS CASTRO, OLGA (AF)	CIFUENTES CORDERO, GONZALO (AF)	CRUCES COLADO, RAMÓN (AF)
2 ^o RECREO	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, MARÍA XESÚS	CIFUENTES CORDERO, GONZALO	GONZÁLEZ BUDIÑO, MÓNICA	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, MARÍA XESÚS	CIFUENTES CORDERO, GONZALO
12:30 - 13:00	PUENTES VÁZQUEZ, LUCÍA	QUINTANA BUSTABAD, ADELA(AF)	ISABEL MATO SÁNCHEZ (AF)	CIFUENTES CORDERO, GONZALO	SALGUEIRO SALGUEIRO, ROSA
13:20 - 14:10	CORTIZAS DÍAZ, MANUELA	MARIÑO FARIÑAS, SERGIO (AF)	MARTÍNEZ NÚÑEZ, AURELIA	SEBIO VÁZQUEZ, LAURA (AF)	CABALEIRO CARRACELAS, M ^a JOSÉ
14:10 - 15:00	UGARTE OTERO, XOAN	CIFUENTES CORDERO, GONZALO			



A biblioteca presta especial atención aos períodos de recreo arriba indicados, pero ábrese ao público todos os días no horario escolar completo, con atención completa de profesorado, como se pode observar no horario.

Dada a situación do noso centro, nas aforas e sen transporte escolar dispoñible para o alumnado, non vemos factible nin práctico abrila fóra de horario escolar, a non ser en momentos puntuais para a realización de actividades como obradoiros literarios, xornadas de fomento da lectura, encontros coa ANPA, nais e pais e Club de Lectura para a presentación de exposicións e outras actividades.

Nas horas de **garda**, o profesorado do equipo dedicarase a diferentes tarefas, como son:

- a. A organización e xestión da biblioteca:
 - Reordenación da Biblioteca e acondicionamento dos espazos.
 - Nova disposición dos libros nos andeis.
 - Reorganización da columna malva, CD, DVD.
 - Barrido de fondos inservíbeis, obsoletos, en mal estado.
 - Catalogación, clasificación e fichado de fondos.
 - Entrega e recollida de libros, mediante o programa Meiga.
- b. A dinamización e promoción dos recursos da biblioteca:
 - Actualización do Plan Lector.
 - Deseño de actividades de dinamización e proxectos:
 - Traballos de investigación na biblioteca.
 - Exposicións e mostra de libros e imaxes.
 - Celebración de datas conmemorativas de interese.
 - Ideas para o fomento da lectura.
- c. A autoformación e formación de usuarias/os da biblioteca, de profesorado, alumnado e resto da comunidade educativa. Programa Meiga.
- d. A coordinación cos diferentes departamentos do centro, EDLG, Club de Lectura, Vicedirección...
- e. Relación con outras entidades (Concello, Biblioteca municipal, ANPA)...

O alumnado e os/as usuarios/as en xeral dispoñen dun carné de Biblioteca ou un nº de socio/a.



3. ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA. RUTINAS DE LECTURA.

As actividades de fomento da lectura previstas son aquelas que aparecen no anexo Plan de dinamización da biblioteca escolar, tendo como obxectivos prioritarios os que aparecen no Anexo I.

3.1. Actividades de Fomento da Lectura programadas nos distintos departamentos para o curso 2023-2024.

Libros de lectura por departamentos.

Tal e como aparece no Anexo V do Decreto 133/2007 (DOG do 13 de xullo de 2007), *“O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.”* Estas actividades aparecen nas respectivas programacións de cada departamento.

3.2. Hora de ler

A “Hora de ler” para 1º, 2º de ESO forma parte das iniciativas de promoción da lectura, consiste nunha hora de lectura semanal para estes grupos. A actividade “Hora de ler” leva funcionando no centro desde o curso 2013-14, con diferentes modalidades e con graos de satisfacción dispares por parte da comunidade educativa. Ao longo destes anos a implicación do profesorado foi fundamental para que os resultados mereceran o esforzo. Propóñense, un curso máis, varias posibilidades para planificar esta actividade:

- a. Lectura voluntaria en que o alumnado leva a súa propia lectura no formato que prefira (igual que o profesorado).
- b. O profesorado leva a proposta de lectura para o grupo e aproveita para comentar, falar na aula, buscar explicacións, etc. (Literatura divulgativa, “científica”, artigos...).
- c. Levar unha lectura que logo se poda utilizar nas aulas dalgunha das linguas impartidas no IES ou doutra materia; podendo incluír:
 - os libros propostos polos departamentos na súa programación, ou a utilización de contos, microrrelatos, etc.
 - lecturas dramatizadas, por exemplo de obras teatrais. Se o alumnado non dispón dos libros, pódese reservar a biblioteca para esa hora e colabórase desde a mesma con textos nos ordenadores da biblioteca.
- d. Caixas de lectura: encóntranse na biblioteca, individualizadas para cada curso, con libros e revistas para poder levar á aula.
- e. Lectura en voz alta por parte do alumnado ou profesorado sobre a proposta de lectura que eles elixan.



4. ACTIVIDADES PROGRAMADAS

<p>4.1. Organización e xestión da biblioteca</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Clasificación, catalogación e fichado dos novos fondos adquiridos. • Carnés para os novos lectores (1º ESO). • Número de lector para todo o alumnado, profesorado e outros membros da comunidade educativa. • Aumento do número de andeis expositores. • Rotulado dos diferentes andeis con códigos de cores que permitan unha identificación rápida dos fondos. • Programa de alumnado voluntario de biblioteca.
<p>4.2. Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Préstamo do material audiovisual. • Promoción de todo o relacionado coa biblioteca (actividades, compra de novidades, reformas, exposicións) na televisión da entrada. • Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca, a través da páxina web do IES, de e-mail, das redes sociais... • Nomear a un equipo que manteña actualizadas todas estas redes. • Proxección na televisión da entrada de todos os materiais que se vaian elaborando: vídeos, presentacións, imaxes,... • Informar ás xefaturas de departamento e procurar a súa colaboración, planificando e incluíndo no currículo actividades de dinamización e de alfabetización múltiple utilizando os recursos audiovisuais e impresos da biblioteca, indicando a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas.
<p>4.3. Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Asistencia do profesorado responsable da Biblioteca escolar e do Club de Lectura a: <ul style="list-style-type: none"> - Encontros do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares - Xornadas de Bibliotecas escolares - Xornadas dos Clubs de Lectura - Cursos de formación relacionados coa xestión da biblioteca. • Formación para o alumnado de 1º de ESO: <ul style="list-style-type: none"> - Visitas guiadas á biblioteca escolar. • Formación para o profesorado e comunidade educativa: <ul style="list-style-type: none"> - Charla informativa no mes de outubro. - Reunións periódicas do equipo de Biblioteca para formación inicial e posta ao día das novidades ao longo do curso. - Elaboración de folletos informativos. • Visitas on-line a bibliotecas (uso do catálogo das bibliotecas). Uso de enciclopedias e dicionarios físicos e on-line. • Actividades pedagóxicas ligadas a diferentes departamentos ou de carácter interdisciplinar e que tivesen como resultado final a elaboración dun produto que se expoñerá nas dependencias do Centro.



	<ul style="list-style-type: none">• Realización en cada departamento un ou varios traballos de investigación na biblioteca que teña como resultado final un produto en formato audiovisual e a ser posible con perspectiva de xénero.
4.4. fomento da lectura	<ul style="list-style-type: none">• Realización de exposicións na biblioteca que apoien os traballos levados a cabo polos departamentos.• Hora de ler.• Club de Lectura:<ul style="list-style-type: none">- Itinerarios lectores.- Propostas de lectura e recomendacións.• Concursos literarios:<ul style="list-style-type: none">- Concursos de relatos de terror, no Samaín.- Concurso de Poesía.- Concurso de Fotografía.• Xogos na biblioteca:<ul style="list-style-type: none">- Torneo de xadrez.- Torneo de xogos de estratexia.• Obradoiros de creación literaria e audiovisual (vídeo poemas):<ul style="list-style-type: none">- Creación de videopoemas, selección de textos na biblioteca e montaxe na biblioteca ou audiovisuais.• Encontros con escritoras/escritores, con ilustradoras / ilustradores, con contacontos... intentando un encontro por cada trimestre.• Festival da poesía combinando recital poético con imaxes e deseño sobre poesía.• Visitas externas a exposicións, saídas culturais, asistencia a obras de teatro...• Cinefórum: proxección de películas trimestralmente.• Conmemoración de datas importantes:<ul style="list-style-type: none">▪ 1º trimestre:<ul style="list-style-type: none">- 31 de outubro, Samaín- 25 de novembro, Día da Non Violencia para as Mulleres.- Novembro, celebración do mes da ciencia en galego.- 10 de decembro, Día dos Dereitos humanos.▪ 2º trimestre:<ul style="list-style-type: none">- 30 de xaneiro, Día Mundial da Paz e Día da ilustración.- 9 de Febreiro, Entroido.- 23 de febreiro, Día de Rosalía.- 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.- 21 de marzo, Día mundial da poesía.▪ 3º trimestre:<ul style="list-style-type: none">- 1 de abril, Día das Artes Galegas.- 23 de abril, Día Mundial do Libro.- 17 de maio, Día das Letras Galegas.• Programas e proxectos de aula/centro (PFPP):<ul style="list-style-type: none">- Eva-Edixgal. Iniciación.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

Rúa Constenla 36, Cacheiras
15833 Teo -A Coruña-
☎ 881 86 64 73 ☎ FAX 881 86 64 80
ies.cacheiras@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/escacheiras>



	<ul style="list-style-type: none">- Eva-Edixgal. Avanzado.- Seminario de Creación de Contidos dixitais.- Programa de Polos Creativos.- Erasmus Plus.- Radio na Biblio.
--	--



TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS POR TRIMESTRES

1º TRIMESTRE:	2º TRIMESTRE:	3º TRIMESTRE:
<p>SETEMBRO</p> <ul style="list-style-type: none"> • 25 a 29 setembro: xuntanzas co alumnado interesado en colaborar coa BIBLIO e o EDLG e en participar na Aula de teatro. <p>OUTUBRO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Semana do 2 ao 6: formación de usuarios da biblioteca e entrega dos carnés ao alumnado de 1ª de ESO. <ul style="list-style-type: none"> - Programa voluntariado da biblioteca: primeiras reunións, reparto de tarefas, horarios... • 17 de outubro: Día das escritoras. <ul style="list-style-type: none"> - Exposición de libros de escritoras na biblioteca. • Semanas do 9 ao 31: <ul style="list-style-type: none"> - XI Concurso <i>Relatos</i> e VI Concurso de <i>microrrelatos</i> de terror. - Concurso de maquillaxe de Samaín. - 20 outubro: comezo da "Hora de ler" na ESO, reparto das caixas viaxeiras. <p>NOVEMBRO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Club de lectura: primeiras reunións, reparto de libros. • Celebración Samaín: <ul style="list-style-type: none"> - Exposición libros de terror na biblioteca. - Lectura e entrega de premios do concurso literario de relatos e 	<p>XANEIRO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Visita ás bibliotecas municipais co alumnado de 1º de ESO. • 30 xaneiro: celebración do Día da Ilustración (aniversario Castelao): <ul style="list-style-type: none"> - Exposición álbumes e libros ilustrados. - Concurso de portadas ilustradas do libro favorito. <p>FEBREIRO</p> <ul style="list-style-type: none"> • 9 de febreiro: Entroido (colaboración co EDLG) • 2 de febreiro: Día da Candeloria <ul style="list-style-type: none"> - Chíos de amor. - Dramatización da Aula de teatro. • 23 de febreiro (semana 19-23): Día de Rosalía. <ul style="list-style-type: none"> - Dramatización de versos de Rosalía co alumnado da Aula de teatro. <p>MARZO</p> <ul style="list-style-type: none"> • 8 de marzo: Día internacional da muller. <ul style="list-style-type: none"> - Entrevistas preparadas polo alumnado a mulleres de Teo. • 21 de marzo: Día mundial da poesía. <ul style="list-style-type: none"> - Concurso de fotografía poética. • Semana do 25 ao 29 de marzo: <ul style="list-style-type: none"> - Concurso de fotografía poética. 	<p>ABRIL</p> <ul style="list-style-type: none"> • 23 de abril: Celebración do Día do libro. <ul style="list-style-type: none"> - Cita a cegas cun libro. - Exposición de libros curiosos. <p>MAIO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Saída cultural co voluntariado da biblioteca, club de lectura, club de debate e voluntariado EDLG. • Semana do 13-16: Día das letras galegas. <ul style="list-style-type: none"> - Participación no concurso para elaborar unha exposición sobre Luísa Villalta. - Obradoiro de Comunicación oral con Paula Carballeira enfocado á homenaxeada nas letras galegas. • 30 de maio: Roteiro teatral <p>XUÑO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Publicación dun folleto informativo con recomendacións do club de lectura e novidades da Biblioteca.



<p>microrrelatos de terror e do concurso de maquillaxe.</p> <ul style="list-style-type: none">• Celebración do mes da Ciencia en galego.<ul style="list-style-type: none">- Exposición de fondos da Biblioteca.• Club de debate: primeiras reunións.• 25 novembro: Día da non violencia de xénero.<ul style="list-style-type: none">- Actividades diversas nas titorías.- Concurso “Deseña a túa porta violeta”.- Concerto do alumnado do centro e entrega de premios. <p>DECEMBRO</p> <ul style="list-style-type: none">• 1 de decembro: estrea da Aula de Teatro no salón de actos.• 10 de decembro: Día dos Dereitos humanos.<ul style="list-style-type: none">- Exposición de fondos da Biblioteca.• Publicación dun folleto informativo con recomendacións do club de lectura e novidades da Biblioteca.	<ul style="list-style-type: none">- Semana cultural “Emociónate”:<ul style="list-style-type: none">- Actividades da Aula de teatro.- Sesións de cine.- Charlas.• Publicación dun folleto informativo con recomendacións do club lectura e novidades da Biblioteca.	
--	---	--



5. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

5.1. Criterios de avaliación:	5.2. Procedementos de avaliación:	5.3. Os instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> • Número de visitas á biblioteca e cantidade de préstamos realizados. • Preferencias en canto aos materiais levados en préstamos. Adecuación das mesmas ás liñas de traballo e ás novas adquisicións. • Adecuación das actividades programadas para o fomento de lectura e formación de usuarios e de educación para o acceso á información. • Número e tipoloxía das actividades programadas polos titores. 	<ul style="list-style-type: none"> • Recollida das suxestións do claustro, do alumnado e das familias. • Rexistro do número de préstamos global e por titorías. • Rexistro das preferencias dos usuarios/as. • Rexistros da finalidade das visitas realizadas polo profesorado co seu alumnado. • Ficha de avaliación das actividades programadas para as familias, o claustro e o e alumnado. • Gráfica comparativa con cursos anteriores. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario para os membros do club lector e para as familias deste alumnado. • Cuestionario para avaliar a actividade <i>Hora de Ler</i>. • Cuestionario para recoller a tipoloxía das visitas á biblioteca das titorías. • Cuestionario para avaliar a biblioteca escolar por parte do claustro. • Cuestionario para avaliar o funcionamento da B.E. por parte do alumnado. • Cuestionario para avaliar o funcionamento da B.E. por parte das familias.



ANEXO I. Liñas prioritarias de actuación da biblioteca escolar para o curso 2023/2024

1. Actuacións en relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como «laboratorio creativo de aprendizaxes».

- Propoñer á Dirección do centro que o equipo de biblioteca poida contar co maior número posible de horas lectivas para a súa dedicación á biblioteca. Procurar tamén que estea atendida o maior número de horas posible.
- Manter no equipo de biblioteca membros pertencentes ao maior número posible de departamentos e con intereses variados, para seguir tendo unha organización máis dinámica. O resto dos integrantes intentaría completarse seguindo esa pauta.
- Manter ou mellorar a comunicación do equipo de biblioteca e o traballo en grupo, mediante reunións periódicas, polo menos unha semanal. Reunir a comisión da biblioteca do consello escolar polo menos unha vez ao trimestre.
- Manter a comunicación e colaboración coa rede de bibliotecas municipais. Programar visitas guiadas do alumnado de 1º ESO a estas bibliotecas promocionando a expedición de carnés de usuario para os que non o posúan.
- Continuar coa centralización de fondos e a catalogación atendendo ao sistema universal, fornecendo diferentes cores ás etiquetas dos estantes, para chegarmos a formar parte da Rede de bibliotecas de Galicia e co fin de que poidan ser consultados online.
- Continuar estendendo o uso da biblioteca e os seus fondos a toda a comunidade educativa (alumnado, ANPA e público en xeral).
- Emitir o carné da biblioteca en papel unicamente ao alumnado de 1º ESO como medida motivadora para o achegamento ao espazo de lectura e ao alumnado de nova incorporación. Axilizar os préstamos e devolucións de fondos a toda a comunidade educativa (alumnado, ANPA e público en xeral), usando unicamente o número de lector.
- Continuar co programa de alumnado voluntario de biblioteca, no que levamos xa seis cursos, con grupos de 9, 18, 18, 14, 15, 10, 22 e 9 voluntarios, respectivamente, con moi bos resultados e un gran traballo na organización dos espazos e libros.
- Continuar coa reorganización dos fondos aproveitando a creación do Depósito de libros duplicados pouco demandados.
- Propoñer a biblioteca como un espazo colaborativo de traballo.
- Poñer o equipo informático da biblioteca a disposición do alumnado na casa se fose necesario.
- Intentar asentar un novo punto de lectura informal na planta baixa que complemente o que se atopa na entrada do centro.
- Mellorar as diferentes zonas de lectura na propia biblioteca que posibiliten unha mellor circulación.
- Tratar de reservar unha zona da biblioteca permanente para a actividade lúdica nos recreos, zona de xogos.
- Reorganizar o número de andeis expositores. Sinalizar os diferentes andeis con códigos de cores que permitan unha identificación rápida dos fondos.
- Continuar coas exposicións dos materiais finais producidos polo alumnado, logo da realización de traballos de investigación ou de traballos creativos mediante a utilización da biblioteca como recurso.



- Seguir mantendo unha interacción constante coas xefaturas de departamento para satisfacer as súas demandas de fondos. Seguir catalogando aqueles fondos adquiridos polos departamentos susceptibles de ser usados por outros membros da comunidade, para evitar a innecesaria duplicidade de compras.
- Continuar o traballo de compensar as porcentaxes entre libros informativos (de maior carácter pedagóxico) e de ficción.
- Continuar ampliando fondos de material audiovisual e, se non é posible ampliar o número de ordenadores, procurar polo menos substituír os máis obsoletos.
- Continuar coa adquisición e clasificación (banda deseñada, ensaio, narrativa, poesía) de fondos para a columna malva (feminismo).
- Continuar ampliando os fondos de banda deseñada, tanto en cantidade como en variedade de temáticas, e darlle un espazo máis amplo nos andeis (parte deles poderían ir á zona informal de lectura).
- Manter a perspectiva de xénero e a coordinación co EDLG e outros equipos de dinamización do IES, así como con toda a comunidade educativa.

2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

- Informar ás xefaturas de departamento e procurar a súa colaboración, planificando e incluíndo no currículo actividades de dinamización e de alfabetización múltiple utilizando os recursos audiovisuais e impresos da biblioteca, indicando a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas.
- Mellorar a lectura comprensiva, a escritura e as habilidades no uso da información do noso alumnado, para transmitir a todo o profesorado a necesidade e conveniencia do uso da biblioteca neste sentido.
- Continuar na senda da mellora da comunicación con toda a comunidade educativa, para a promoción dos recursos e actividades. Manter esa comunicación sobre todo a través da páxina web do IES, e usar cando procedan as redes sociais (Instagram). Buscar a formación dun equipo formado por alumnado e profesorado que manteña actualizadas estas canles.
- Ter prevista a reactivación da aula virtual da biblioteca para manter a comunicación co alumnado no caso de ter que volver a situacións de ensino telemático ou semipresencial.
- Anunciar o relacionado coa biblioteca (actividades, compra de novidades, reformas, exposicións) na televisión da entrada. Expoñer nela exemplos dos materiais que se vaian elaborando: vídeos, presentacións, imaxes,...
- Adquirir novo mobiliario adaptado aos materiais audiovisuais (expositores de CD, DVD,...) xa que o actual está a chegar ou seu límite de ocupación.
- Adquirir libros electrónicos e dispositivos para a lectura.
- Potenciar a adquisición de recursos dixitais e fomentar o uso de E-ELBE-2 e doutras bibliotecas virtuais.



3. En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual «competencia dixital»).

- O profesorado responsable da Biblioteca escolar e do Club de Lectura, asistirán aos Encontros do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, ás Xornadas de Bibliotecas escolares e ás Xornadas dos Clubs de Lectura, celebrados en Compostela todos os anos. Procurarase facer tamén cursos de formación relacionados coa xestión da biblioteca.
- Xornadas de portas abertas para o alumnado de 6º dos CEIP adscritos ao noso IES, durante o mes de xuño, coincidindo coa visita organizada desde a Dirección do centro. Aproveitar a visita para amosar a organización e funcionamento da biblioteca, que se completará a principio de curso co seguinte punto.
- O alumnado de 1º ESO asistirá ás horas de formación impartidas a principio de curso na actividade "Visita guiada á biblioteca escolar".
- Ao longo de todo o curso, cada departamento didáctico incidirá na formación do alumnado no referente ao acceso a información, ao tratamento da información e competencia dixital e a competencia informacional mediante a utilización da biblioteca como recurso para a realización de traballos de investigación ou de traballos creativos (teatro, recital poético, vídeo poemas, deseño gráfico en relación cos textos, animación audiovisual).
- O proxecto anual de biblioteca contemplará o deseño de actividades de alfabetización mediática e informacional para o alumnado e outros membros da comunidade escolar.
- Desde a biblioteca escolar potenciarase a elaboración de materiais en formato audiovisual en todas as áreas.

4. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro en materia de lectura, escritura, e habilidades no uso, tratamento e produción de información).

- Continuar co programa "Hora de Ler" recollendo as suxestións de alumnado e profesorado do pasado curso (lecturas compartidas, uso dos libros dixitais da plataforma do proxecto E-LBE.2, etc)
- Continuar as actividades dos Clubs de Lectura.
- Roteiros literarios para o alumnado.
- Cinefórum: proxección de películas trimestralmente.
- Convocar concursos literarios e audiovisuais: de poesía, narrativa, fotografía, publicidade, campañas de concienciación... Promoveremos tamén a participación do noso alumnado en concursos externos.
- Publicar, en colaboración co EDLG, folletos interactivos periódicos.
- Promover e apoiar en cada departamento un ou varios traballos de investigación na biblioteca que teñan como resultado final un produto a ser posible en formato audiovisual.
- Realizar exposicións anuais na biblioteca.
- Participar en obradoiros literarios e audiovisuais.
- Organizar recitais combinando poesía con imaxes, deseño e música.
- Crear vídeos artísticos que promovan a lectura e a literatura.



- Crear vídeos científicos de información ou literarios, de tal xeito que o punto de partida para a documentación e recollida de información sexa a biblioteca.
- Organizar encontros con escritores e divulgadores científicos.
- Crear campañas de animación á lectura nas que participe activamente o alumnado voluntario.

5. En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.

- Identificar as necesidades en materia de cultura dixital de alumnado e familias mediante unha enquisa. Diseñar actividades que contribúan a paliar as necesidades detectadas.
- Coordinar a biblioteca cos diferentes proxectos do centro: Plan Proxecta, Aturuxo films e aqueles que se vaian propoñendo durante o curso.
- Mercar algún exemplar de todos os libros de lectura obrigatoria e o material necesario para que todo o alumnado teña oportunidade de acceder a eles evitando desigualdades de tipo económico. Facilitar tamén a posibilidade de acceso ao carné de usuario de bibliotecas públicas co mesmo obxectivo.
- Continuar coa adquisición de fondos bibliográficos (libros de lectura fácil) e material audiovisual adaptado ao alumnado con NEAE.
- Adquirir mobiliario adaptado a alumnado con discapacidade física que favoreza a súa autonomía persoal.
- Continuar coa cesión de material adaptado, tanto informático como noutros soportes, para o apoio ao alumnado con NEAE.
- Dar a coñecer entre os diferentes departamentos os fondos da biblioteca adaptados ao alumnado con NEAE.
- Axudar a transversalizar a perspectiva de xénero, as discapacidades físicas e psíquicas e as necesidades educativas de alumnado NEAE.

6. Outras actuacións.

- Desenvolver actividades arredor de diferentes datas conmemorativas: Día da Biblioteca; Día da Non Violencia para as Mulleres; Día universal dos dereitos da Infancia; Día Mundial da Paz; Día Internacional das Mulleres; Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil; Día Mundial do Libro; Día das Letras Galegas; Día en contra da homofobia e transfobia...
- Implicar a nais e pais nas actividades da biblioteca. Continuar e afianzar a colaboración coa ANPA, o Concello de Teo e a Biblioteca do Concello, así como con outras entidades, bibliotecas e clubs de lectura.
- Continuar e afianzar a colaboración con outros axentes sociais que poidan contribuír á construción da sociedade lectora e que teñen incidencia na poboación escolar, como encontros con escritoras, escritores; con ilustradoras, ilustradores, sesións de contacontos.
- Incentivar o uso da biblioteca escolar por parte da comunidade educativa, aproveitando os seus recursos para unha mellor atención á diversidade e unha máis óptima atención á multiculturalidade, ás necesidades educativas específicas e ao plurilingüismo.

7. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se utilizarán.



- Valorar o volume e carácter dos empréstitos realizados na biblioteca a través dun rexistro que distinga os materiais de carácter voluntario dos obrigatorios.
- Medir o grao de participación do profesorado, do alumnado e outros usuarios nas actividades relacionadas coa biblioteca.
- Medir o grao de satisfacción do alumnado voluntario e a súa implicación e valoración das actividades propostas.
- Verificar o uso dos materiais da biblioteca na posta en práctica do Proxecto Lector.
- Avaliar o nivel de formación dos usuarios para localizar e utilizar os recursos da biblioteca, mediante a observación da súa capacidade de facelo de forma autónoma e satisfactoria.
- Relacionar o nivel de ocupación dos postos de lectura, sobre todo informal, co emprego dos libros como obxectos de lecer.
- Relacionar o nivel de uso dos equipos informáticos co uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación e utilízalo como indicador do avance en alfabetización informacional.

Os instrumentos usados para a avaliación serán:

- Datos extraídos do Proxecto Meiga.
- Ocupación da biblioteca por parte do profesorado para actividades, tanto docentes como complementarias.
- Enquisa a toda a comunidade educativa sobre diferentes aspectos do funcionamento da biblioteca e das actividades desenvolvidas.

8. Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.

Da coordinación e dinamización da biblioteca no próximo curso encargarase a profesora M^a Teresa Rivera Estévez, do Departamento de Lingua Castelá e Literatura.

Ademais da coordinadora, a biblioteca estará atendida por profesorado e alumnado voluntario no horario máis amplo posible dentro da dispoñibilidade do centro. Intentarase que haxa profesorado responsable luns e martes de primeira a sétima e o resto de días de primeira a sexta, e en todos os recreos.

O horario será como mínimo de seis horas de dedicación para a profesora coordinadora, e o resto repartiranse entre o equipo de biblioteca e o voluntariado da biblioteca ata cubrir o tempo de dedicación específico previsto. Este horario fixarase a principio de curso.

A coordinadora

V. e pr.
A directora

Asdo. M^a Teresa Rivera Estévez

Asdo. Olga Simón Cruz

CLUB DE LECTURA

CURSO 2023-2024

IES CACHEIRAS

CLUB DE LECTURA RAÍÑA LUPA

1. BREVE HISTORIA:

Nace no ano 2009. Daquela este é o décimo terceiro ano ininterrompido de funcionamento. Este é un pequeno resumo das actividades desenvolvidas nestes anos:

- **Lectura** de novidades literarias e **dramatizadas** con música creada e interpretada polo alumnado (recollido en DVD). No curso 2018-2019 e 2019-20 fomentouse de maneira especial a lectura de obras de teatro e poesía nas sesións dos Clubs.
- **Club de lectura de igualdade, vinculado á Columna Malva** con libros e DVD de temática non sexista e en contra da violencia de xénero que se vai ampliando ano tras ano.
- **Saídas culturais 2012-2013:** Fundación Nova Caixa Galicia, As paisaxes nórdicas no Prado; cubertas da Catedral de Santiago; Fundación Granell; Como naceu Compostela iconográfica/Descubriendo o proceso creador no Pazo de Xelmírez. **2013-2014:** Pazo de Xelmírez, Biblioteca América, Facultade de Xeografía e Historia (biblioteca e cubertas). Exposición “Maside en Compostela. O testamento pictórico do mestre”. Rota rosaliana con Manuel Lorenzo Baleirón como guía. Excursión a Celanova (Curros – Celso Emilio Ferreiro). Mosteiro de San Rosendo, biblioteca do IES de Celanova, visita a Vilanova dos Infantes e castro de Castromao. Ruta pondaliana, Museo do xoguete de Ponteceso, praia de Balarés, Monte Branco e esteiro do Anllóns. Dolmen de Dombate e castro. **2014-2015,** roteiros literarios, A Esmorga (Ourense), Manuel Antonio (Rianxo), As sete portas de Compostela. **2015-2016,** Museo Provincial de Pontevedra, Museo do Pobo Galego, Parque natural da Illa de Arousa. Realización do xogo poético Manuel María “Visita a exposición “Isaac Diaz Pardo”Visita a biblioteca pública “Anxel Casal”. **2018-2019,** visita á Casa Museo Rosalía de Castro. **2019-20:** visita a unha librería de cómics e ao Museo de Belas Artes e o MUNCYT na Coruña.
- **Propostas de lectura e itinerarios de lectura:** nos cursos **2019-20, 2020-21, 2021-2022, 2022-2023** fíxose especial fincapé en que os membros dos clubs lecturas elixiran as súas propias lecturas a partir dunha proposta variada das persoas coordinadoras. Tamén se proporcionaron itinerarios de lectura temáticos e de xéneros que incentivaran a lectura doutras obras.
- **O club de lectura recomenda:** no curso 2019-20 comezamos esta actividade, que se prolongou ao longo do pasado curso 2022-23, o alumnado recomenda mediante tarxetas que se colocan nos andeis da biblioteca lecturas realizadas e recomendadas polos seus membros.

- **Encontros literarios**, no curso 2019-20, con Paula Carballeira, Héctor Cajaraville, Antía Yáñez e Nando López; no curso 2021-2022 con Paula Carballeira e Yolanda Castaño, no 2022-2023 con Paula Carballeira e Manuel Núñez Singala.
- Proxección de **cine e documentais** relacionados coas lecturas realizadas.
- Incorporación ao **arquivo audiovisual** de abundantes imaxes e vídeos do alumnado.
- **Obradoiros de narración oral e obradoiros sobre micromachismos** (organizado polo grupo de igualdade).
- **Outras actividades: visitas a bibliotecas** de Galiza e participación nas **xornadas de club de lectura convocadas por Bibliotecas Escolares; visitas guiadas polo alumnado** ás exposicións realizadas na biblioteca do centro, con presenza de nais e pais; **festival da Poesía de Cacheiras; representacións teatrais** fin de curso do **grupo de teatro do IES; representacións teatrais de grupos...; recantos do CdL**, espazos “proprios” para o CdL; **recanto malva** (creado durante o curso 2018-19) espazo onde tiñan lugar as reunións do club de lectura de igualdade; **árbore de Nadal**, en colaboración co alumnado, equipo de biblioteca e persoal non docente; **chocolate lector**, recreo de libros e chocolate feito polo profesorado e alumnado do Club de Lectura.

2. OBXECTIVOS

- **Fomentar o hábito de lectura “Ler por pracer”**. Descubrir a lectura como actividade para o lecer e, polo tanto, agradable e divertida.
- **Fortalecer a mellora nas competencias básicas**, especialmente en comunicación lingüística, cultural, persoal, social e de aprender a aprender e dixital.
- Na liña do ideario do centro, recollido no PEC, **favorecer o diálogo**, o intercambio de opinións e a aprendizaxe de actitudes de respecto mutuo: saber escoitar e falar, respectar as opinións do resto do grupo...
- **Promover o uso da biblioteca como equipamento cultural** e crear un punto de encontro para os membros do club, buscando un lugar dinámico onde compartir o gusto pola lectura e participar das actividades culturais.
- Favorecer as dinámicas de **traballo en equipo**, establecer relacións con outros clubs de lectura e colaborar cos demais membros da comunidade educativa favorecendo a interdisciplinabilidade entre departamentos (Inglés, Castelán, Galego, Matemáticas, Orientación, EDLG, Plástica, Portugués ...) aos que engadimos as actividades coa ANPA e o Concello de Teo.
- Dar a coñecer **outras manifestacións artísticas**: cine, música, pintura...

- **Promover a perspectiva de xénero**, ofrecendo lecturas e preparando actividades que reflexionen e que se interroguen sobre a desigualdade de xénero. Daremos visibilidade a autoras e autores que aborden, igualmente, temáticas LGTBI+.
- Incidir na **normalización da lingua galega** promovendo a colaboración de profesorado de Lingua e Literatura Galega, pero tamén daqueloutro para que se implique na recomendación de obras en galego como propostas para o Club.

3.- ACTIVIDADES

- **Fomento da lectura de xéneros non narrativos e mixtos**, como poesía ou teatro. Adquisición de fondos nestes xéneros.
- **Fomento da lectura en banda deseñada**, acompañado por un incremento dos fondos dispoñibles.
- **Xuntanzas** cos participantes dos **distintos Clubs** do centro para comentar as lecturas elixidas.
- **Cine e literatura**: proxección de películas ou curtas relacionadas coas lecturas seleccionadas ou que as complementen.
- Elaboración de **itinerarios de lectura**: folletos con lecturas recomendadas relacionadas co libro elixido en cada sesión.
- **“O club de lectura recomenda”**: recomendacións literarias do club de lectura para a comunidade educativa en formato *podcast*, audiovisual e escrito.
- **Realización dun xogo de pistas tipo Escape Room** nas dependencias do centro, no que os diferentes clubs de lectura do instituto organicen colaborativamente unha historia, baseada na súa experiencia lectora, que deberá ser solucionada a través da resolución de enigmas e probas de enxeño nun tempo determinado. O alumnado dos clubs montará o relato, a ambientación e as diferentes probas para os seus compañeiros e compañeiras. A actividade poderá celebrarse na Semana Cultural ou no final do curso.
- **Outras actividades como as relacionadas a continuación** (a súa realización dependerá da valoración sobre as mesmas do equipo directivo e o Consello Escolar ao longo do curso):
 - **Saídas culturais e visita a certames**: paseos e rutas literarias, visita a librarías, bibliotecas ou espazos culturais singulares, visitas a casas de autoras e autores...
 - **Encontros con escritoras/es**: sesións abertas, non só para membros dos CdL.

- **Encontros cos clubs de lectura:** buscaremos compartir lecturas con outros clubs (IES de Brión e CPI de Vedra).
- **O Club de lectura de portugués** compartirá e comentará unha das súas lecturas coa Escola Secundária da Ramada en Odivelas (Portugal).
- **Obradoiros de temática diversa:** narración oral, ilustración...

4.- LECTURA EN GALEGO

- Haberá un club de lectura só en galego.
- As lecturas propostas nos Clubs de 1º da ESO,BACH e Lectura fácil alternarán a lingua galega e a castelá.
- Darase **prioridade ao encontro con autores en lingua galega** fronte a autores noutros idiomas.

5.- VARÓNS / FAMILIAS

- Propoñer a lectura de libros **manga e outro tipo de banda deseñada** nos diferentes clubs de lectura, xa que son publicacións máis demandadas polos alumnos.
- Promover a lectura de obras escollidas por eles e sobre temas que lles interesen.

6.- NEAE

- Consolidación **club de lectura fácil** coa colaboración do departamento de Orientación e o profesorado de Pedagogía terapéutica.

7.- ORGANIZACIÓN

O Club de lectura Raíña Lupa terá este ano 6 grupos de diversos cursos e de diversas linguas como se especifica máis adiante. Unha persoas coordinará todos os clubs.

Cada grupo contará, este curso, coa presenza dunha profesora coordinadora. Ademais, nas sesións complementarias das lecturas realizadas (cinema, obradoiros de escrita e dramatización, elaboración de críticas literarias...), pedirase a colaboración de profesorado do centro de diferentes materias para que doten as sesións dun contexto histórico, científico, tecnolóxico, humanístico ou artístico. Preténdese reforzar tamén as diferentes actividades con encontros con escritores e saídas culturais.

Aínda que inicialmente o profesorado deberá asumir un rol de guía, procuraremos que todas as persoas implicadas no club participen na toma de decisións. Tentando, mesmo, que nas

lecturas posteriores haxa propostas que non partan das persoas coordinadoras. Aconsellaranse lecturas, presentaranse as actividades previstas en relación coas mesmas, todos/as aportarán ideas, valoracións, etc.

Procurarase que o alumnado dos clubs se implique nas distintas tarefas que se realizarán: levar rexistro das lecturas, elaboración de recensións, opinións, podcast, ilustracións, realización e presentación de exposicións, etc

Todas as actividades serán realizadas en períodos de lecer ou non lectivos.

Farase unha xuntanza inicial, aproximadamente a finais de outubro, para que a persoa coordinadora presente diversos libros, sobre os que se fará a escolla para a primeira lectura. A toma de decisións incluírá tanto a lectura escollida como as reunións previstas ata a súa finalización. Nas reunións comentaranse as lecturas propostas e realizaranse as actividades complementarias co profesorado coordinador. A reunión inicial e as reunións intermedias serán preferentemente en horario de recreo. As reunións finais logo do remate de cada lectura poderán ser tamén nun recreo ou ben en horario extraescolar.

No caso do Club de lectura fácil atenderase ás particularidades e obxectivos específicos marcados polos departamentos correspondentes en función do alumnado participante.

Niveis educativos (ou rangos de idade) de cada un dos grupos:

O club de lectura “Raiña Lupa”, coordinado por M^a Xesús Rodríguez Fernández, terá os seguintes grupos con diferentes linguas¹:

Vanse realizar os seguintes clubs de lectura:

- **Club de lectura 1º ESO:** 11 persoas, coordinado pola profesora de Matemáticas: María Sanmiguel (galego e castelán)
- **Club de lectura 2º ESO:** 15 persoas, coordinado pola profesora de Lingua galega e literatura: María Xesús Rodríguez Fernández (galego)
- **Club de lectura fácil:** 3 persoas, coordinado polas profesoras do departamento de Orientación: M^a Carmen García Castro e Helena Cebey Martínez composto por alumnado con necesidade de apoio educativo de 2º ESO (galego e castelán)
- **Club de lectura *Lusofoneando*** (alumnado de portugués, profesorado): **10 persoas**, coordinado pola profesora de Lingua portuguesa: Yolanda Rodríguez Aldrey (**portugués**)
- **Club de lectura en Inglés 4º de ESO e Bacharelato:** **7 persoas**, coordinado pola profesora M^a José Brey (inglés)

1 Indícase ao final e entre parénteses a lingua ou linguas nas que se van realizar as lecturas.

- **Club de lectura Bach:** 2 persoas, coordinado por Teresa Rivera Estévez (galego e castelán)

O número de alumnos/-as que participa nestes clubs non está pechado, posto que esperamos a incorporación de algúns máis neste primeiro trimestre.

8.- HORARIO E CALENDARIO

Todos os clubs de lectura van organizarse da seguinte maneira:

15027411	IES de Cacheiras	Teo	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	7
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	9
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	16
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	18
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	19
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	19
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	25
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	26
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	27
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	38
o) Outros apartados	38

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Tal e como vén recollido no decreto 156/2022 (currículo da ESO) e no decreto 157/2022 (currículo de BAC) : defínese como obxectivos os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

- A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

- O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Defínese como competencias as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

A concreción curricular é a recollida no anexo II do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo da ESO en Galicia. Asemade, no Bacharelato, a concreción curricular das materias é a recollida no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo de Bacharelato en Galicia.

Estes currículos establecen oito competencias. Para cada materia establécense unha serie de obxectivos, entendidos como o desempeño que o alumnado debe poder desprezar en actividades ou situacións que para a súa abordaxe requiren de aprendizaxes asociados a contidos de cada materia. Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre o perfil de saída do alumnado por unha banda, e os criterios de avaliación e contidos das materias pola outra, na etapa da ESO; mentres que no BAC, os obxectivos constitúen un elemento de conexión entre as competencias por unha banda e os criterios de avaliación e contidos pola outra.

No relativo á ESO, o perfil de saída identifica e fixa as competencias clave que o alumnado debe adquirir e desenvolver ó finalizar a educación básica. Este perfil non se establece no Bacharelato.

En ambos casos se confire importancia ás competencias clave, entendidas como os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os seus retos e desafíos globais e xerais.

Os currículos, establecen orientacións pedagóxicas, entendidas como indicacións para orientar ó profesorado no deseño e planificación das estratexias, procedementos e accións docentes de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permitan o logro dos obxectivos e adquisición das competencias clave.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Os elementos transversais son tratados no artigo 18 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo na ESO en Galicia, e artigo 19 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, que establece a ordenación e o currículo do Bacharelato en Galicia. Estes decretos indican:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade, que se traballarán en todas as materias.
2. Fomentarase de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
3. A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.
4. Evitaranse comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero. A linguaxe será libre de prexuízos e estereotipos sexistas.
5. A consellería fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de actitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza en un mesmo e o sentido crítico.

Neste curso 2023-24 no IES de Cacheiras os proxectos e iniciativas do centro nos que se traballarán os temas transversais son os seguintes:

1. Conmemoracións
 2. Actividades complementarias e extraescolares propostas e/ou coordinadas pola vicedirección
 - 2.1. Promoción e consolidación da lingua
 - 2.2. Traballo de conciencia sobre o feminismo e a igualdade de xénero
 - 2.3. Programas educativos relacionados co programa de actividades extraescolares e complementarias.
 - 2.3.1. PLAMBE. Fomento da lectura. Club de lectura. Biblioteca solidaria. Radio na Biblio
 - 2.3.2. Club de debate.
 - 2.3.3. Proxecto Aturuxo Films
 - 2.3.4. Programa Polos creativos
 - 2.3.5. Contrato programa EDUinnova. O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente. LUSOFONEANDO
 - 2.3.6. Contrato programa EDUexcelencia. O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento. TALLER DE ESTATÍSTICA
 - 2.3.7. Contrato programa EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables. RECREOS ACTIVOS
 - 2.3.8. Contrato programa EDUsostibilidade. O centro educativo comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. LABORATORIO MEDIOAMBIENTAL
 - 2.3.9. Contrato programa Inclúe. INCLÚE-T. TEATRANDO COA...AULA DE TEATRO DO IES DE CACHEIRAS.
 - 2.3.10. Contrato programa Inclúe. INCLÚE-T. SEMANA CULTURAL
 - 2.3.11. Club de ciencia
 - 2.3.12. Plan Proxecta. Consumópolis
 3. Viaxes
 4. Programas internacionais de intercambio e inmersión lingüística
 5. Proposta de actividades complementarias e extraescolares dos Departamentos Didácticos
 6. Proposta de actividades complementarias e extraescolares da ANPA
 7. Proposta de actividades complementarias e extraescolares do Concello
- Os contidos destes proxectos poden consultarse na PXA do presente curso.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Defínese como metodoloxía didáctica ao conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

A Comisión Europea da Educación estableceu unhas competencias clave ou destrezas básicas necesarias para a aprendizaxe das persoas ao longo da vida e animou aos estados membros a dirixir as súas políticas educativas nesta dirección. Defínese a competencia clave ou básica como a capacidade de responder ás demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas da forma adecuada. Supón unha combinación das habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais que actúen conxuntamente para o logro dunha acción eficaz.

As competencias claves son aquelas nas que se sustentan a realización persoal, a inclusión social, a cidadanía activa e o emprego.

Faise necesario xerar a convicción de que o sistema educativo recompensa de xeito transparente e equitativo o rendemento que se logre nos obxectivos educativos e que reconece especialmente a súa contribución á mellora do contorno.

Nos Decretos 156/2022 e 157/2022, do 15 de setembro, citados con anterioridade, a agrupación por bloques dos criterios de avaliación e dos contidos de cada materia non supón unha secuencia establecida nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnado a que van dirixidas.

En calquera caso, nestes establécese que os centros, no marco da súa autonomía, impulsarán e desenvolverán os principios, obxectivos e a metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio da cidadanía activa.

Todas as competencias citadas anteriormente buscan o seguinte:

1. A metodoloxía será activa e participativa xa que entendemos a aprendizaxe como un proceso persoal e de interacción social que os alumnos e alumnas constrúen en función das relacións comunicativas que se organizan no contexto do centro e aula. Neste contexto fomentárase a creación dun clima e ambiente que permita relacións informativas e formativas que xeren, en definitiva, un contexto estimulante cara á aprendizaxe e a cultura mediante a creación de vínculos positivos. En concreto, unha metodoloxía baseada na integración do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. En consecuencia, favorecerase a participación do alumnado na dinámica xeral da clase, procurando a implantación de actividades que fomenten o traballo en grupo e propicien o deseño e desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe.

2. Os principios básicos da aprendizaxe aos que nos imos a cinguir son:

- A coherencia, na medida do posible, de todas as materias.

- A adaptación que cada profesor/a deberá facer en función das características do grupo e que completará coas contribucións da experiencia docente diaria. O profesorado adoptará o papel de guía do proceso de ensino/aprendizaxe.

Tipos de aprendizaxe que se utilizarán:

- Aprendizaxe por facilitación (consistirá en proporcionar dun xeito ordenado os contidos relevantes) e aprendizaxe por descubrimento (dispoñer as condicións e os materiais máis idóneos para que o alumnado, asumindo unha actitude máis autónoma, adquira o seu propio coñecemento).

- Practicar ou aplicar os coñecementos sempre que sexa viable, posto que isto supón unha das mellores formas de consolidar as aprendizaxes.

- Facer explícita a utilidade dos contidos que se imparten en dous sentidos (para aumentar a motivación): a súa utilidade nos aspectos académicos e o seu uso no desenvolvemento no ambiente cotián.

- Propoñer algunhas tarefas como un desafío, como unha meta con certo grao de dificultade pero asequible ao mesmo tempo, aumentará o interese nos adolescentes e contribuirá a incrementar o grao de autonomía e a consideración positiva cara ao esforzo.

O traballo en grupo:

- Pode facilitar o intercambio de experiencias e a cooperación entre o alumnado.

- É non só un medio senón un fin en si mesmo nunha sociedade que aposta cada vez máis por este procedemento.

- Non pode nin debe aplicarse sen a debida reflexión.

- Seleccionar previa e coidadosamente a actividade e o momento máis adecuado para desenvolvela.

- Definir claramente os obxectivos que se pretenden e o procedemento para levala a cabo.

- Establecer de xeito flexible a composición dos grupos.

- Explicitar como e cando finalizará a tarefa.

A título orientativo, podemos establecer unha clasificación das actividades, segundo a seguinte tipoloxía:

- Actividades de introdución-motivación, que teñen a finalidade de introducir ao alumnado nun obxecto de estudo determinado.
 - Actividades de coñecementos previos, orientadas a coñecer as ideas, opinións e intereses do alumnado sobre os contidos que se van desenvolver.
 - Actividades de desenvolvemento, que permitirán a aprendizaxe de conceptos, procedementos, actitudes e a comunicación aos demais da tarefa realizada.
 - Actividades de consolidación, que serven para contrastar as novas ideas coas ideas previas do alumnado.
 - Actividades de recuperación, orientadas a atender a aquel alumnado que non conseguiu as aprendizaxes previstas.
 - Actividades de ampliación, que permiten construír novos coñecementos ao alumnado que realizou de forma satisfactoria as actividades establecidas.
3. Partiremos das necesidades, demandas, expectativas e intereses do alumnado.
 4. Perseguimos a funcionalidade das aprendizaxes partindo dunha estreita relación co contorno mediante visitas, saídas ou traballos de campo, coa idea de resolver problemas, satisfacer inquietudes, realizar investigacións que permitan comprender a realidade ou novos fenómenos. Esta perspectiva funcionalista da aprendizaxe logrará captar a atención e a motivación do alumnado ao favorecer que utilice o aprendido en circunstancias da vida real, en situacións prácticas ou utilizándoo como instrumento para lograr novas aprendizaxes.
 5. Esta concepción construtivista da aprendizaxe permítenos expor a necesidade de enfoques interdisciplinares na abordaxe das actividades ou propostas de traballo, nas que o alumnado se converte en protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe.
 6. Igualmente, favoreceremos e partiremos do traballo intelectual activo mediante o uso das técnicas de traballo e estudo que favorezan a memorización e, sobre todo, a comprensión.
 7. Finalmente, debemos dicir que con esta formulación pretendemos a motivación adecuada do alumnado a fin de conseguir unha redución do fracaso escolar.
 8. Por outra banda, resta indicar que, tendo como marco estes principios metodolóxicos xerais, cada un dos departamentos didácticos abordará de modo específico as súas propias estratexias metodolóxicas.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Tal e como se indica no decreto 156/2022, as programacións didácticas das materias ou dos ámbitos das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato incluírán, dentro da metodoloxía empregada:

- Concrecións metodolóxicas.
- Materiais e recursos didácticos.

O IES de Cacheiras foi seleccionado para participar no Proxecto E-Dixgal en 1º da ESO no curso 2018-19, segundo a resolución definitiva publicada no portal da Consellería de Educación e O.U.

O proxecto E-Dixgal consiste en proporcionar ao alumnado un ordenador portátil co obxectivo de traballar con recursos dixitais gratuítos (libros dixitais, actividades interactivas, etc.). O alumnado pode acceder ao material seleccionado polo profesorado tanto a través dunha conexión a internet (modo online) como dende o seu netbook (modo offline). Deste xeito, garántese que o alumnado que non dispoña de conexión a Internet desde a súa casa, poida seguir o curso sen dificultade.

Obxectivos do proxecto:

Ao incorporármonos a este proxecto, pretendemos acadar, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Mellorar a competencia dixital do noso alumnado.¿
- Ampliar ferramentas para apoiar diferentes liñas metodolóxicas entre o profesorado.¿
- Integrar os recursos dixitais co resto de recursos educativos que o centro pode aportar e os que poidan dispoñer na súa contorna familiar.¿
- Estender a dispoñibilidade dos recursos TIC cara os sectores máis desfavorecidos do alumnado do noso centro.¿
- Reducir o gasto económico das familias ao prescindir dos libros de texto en papel, reducindo ao mesmo tempo o peso da mochila do alumnado.

Ademais, o alumnado e profesorado participante recibirá formación específica no uso da plataforma.

Ao non estar incluído o Bacharelato no proxecto Edixgal, todas as materias posúen o seu apartado na aula virtual do centro onde o profesorado proporcionará o material de uso didáctico que considere apropiado para a súa materia.

- Materias que se impartirán en dixital en 1º da ESO:

Educación plástica, visual e audiovisual

Relixión e Proxecto competencial

Matemáticas
Ciencias sociais, xeografía e historia
Educación física
Bioloxía e xeoloxía
Lingua galega e literatura
Lingua castelá e literatura
Lingua estranxeira: inglés
Tecnoloxía e dixitalización

- Materias que se impartirán en dixital en 2º da ESO:

Ciencias sociais, xeografía e historia
Educación física
Física e química
Lingua castelá e literatura
Lingua galega e literatura
Matemáticas
Música
Relixión e valores éticos
Tecnoloxía

- Materias que se impartirán en dixital en 3º da ESO:

Bioloxía e xeoloxía
Educación en valores cívicos e éticos
Educación física
Educación plástica, visual e audiovisual
Física e química
Lingua galega e literatura
Matemáticas
Música
Relixión e Proxecto competencial
Tecnoloxía
Xeografía e historia

- Materias que se impartirán en dixital en 4º da ESO:

Bioloxía e xeoloxía.
Ciencias aplicadas á actividade profesional.
Cultura científica.
Economía.
Educación física.
Educación plástica e visual.
Física e química.
Iniciación a actividade emprendedora e empresarial
Lingua galega e literatura.
Matemáticas.
Música.
Relixión e valores éticos.
Tecnoloxía.
Tecnoloxías da información e da comunicación
Xeografía e historia.

Con respecto aos libros de texto que se usan no IES de Cacheiras no curso actual temos:

- En 1º ESO:

- Francés: LES BLOGUEURS 1 CAHIER D'ACTIVITÉS (Éditions Maison Des Langues; ISBN: 978-84-190-7200-9)

- Inglés: COLLABORATE LEVEL 1 WORKBOOK WITH DIGITAL PACK (CAMBRIDGE UNIVERSITY PRESS; ISBN: 978-8413-22-067-3)

- En 2º ESO:

- Francés: LES BLOGUEURS 2 CAHIER D'ACTIVITÉS (Éditions Maison Des Langues; ISBN: 978-84-115-7031-2)
- Inglés: COLLABORATE LEVEL 2 WORKBOOK WITH DIGITAL PACK (CAMBRIDGE UNIVERSITY PRESS; ISBN: 9788413220703)

- En 3º ESO:

- Francés: LES BLOGUEURS 3 CAHIER D'ACTIVITÉS (Éditions Maison Des Langues; ISBN: 978-84-190-7207-8)
- Inglés: COLLABORATE LEVEL 3 WORKBOOK WITH DIGITAL PACK (CAMBRIDGE UNIVERSITY PRESS; ISBN: 978-8413-22-073-4)
- Lingua Castelá e literatura: LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA 3 BL CER (EDITORIAL VICENS VIVES; ISBN: 9788468284842)

- En 4º ESO:

- Inglés: COLLABORATE LEVEL 4 WORKBOOK WITH DIGITAL PACK (CAMBRIDGE UNIVERSITY PRESS; ISBN: 9788413220765)
- Lingua Castelá e literatura: LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA 3 BL CER (EDITORIAL VICENS VIVES; ISBN: 9788468293127)
- Latín: LATIN 4º ESO CONSTRUYENDO MUNDOS (EDITORIAL SANTILLANA; ISBN:9788468293127)

- En 1º BAC:

- Inglés: SHAPE THE FUTURE LEVEL 1 STUDENT'S BOOK (CAMBRIDGE UNIVERSITY PRESS; ISBN: 978-8-49-036635-6)
- Lingua castelá e literatura: LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA 1 (EDITORIAL CASALS; ISBN: 978-84-218-7467-7)
- Latín: VIA LATINA: DE LINGUA ET VITA ROMANORUM (EDITORIAL CULTURA CLÁSICA; ISBN: 978-84-945346-2-1)
- Lingua galega e literatura: LINGUA E LITERATURA.1º BACHARELATO (EDITORIAL EDICIÓN XERAIS; ISBN: 978-84-9121-871-5)
- Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais: BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS 1. OPERACIÓN MUNDO (EDITORIAL ANAYA EDUCACIÓN; ISBN: 978-84-143-1134-9)

- En 2º BAC:

- Inglés: SHAPE THE FUTURE LEVEL 2 STUDENT'S BOOK (CAMBRIDGE UNIVERSITY PRESS; ISBN: 9788490365830)
- Lingua castelá e literatura: LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA 2 (EDITORIAL CASALS; ISBN: 9788490365830)
- Bioloxía: BIOLOXIA 2. OPERACIÓN MUNDO (EDITORIAL ANAYA EDUCACIÓN ; ISBN: 978-84-143-2981-8)
- Lingua galega e literatura: LINGUA E LITERATURA II DOUTRA MANEIRA (EDITORIAL RODEIRA-GRUPO EDEBÉ; ISBN: 978-84-8349-831-6)

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Segundo o que se recolle nos decretos 156/2022, 157/2022 e na Resolución do 6 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023-2024:

- No primeiro curso as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

- a) Bioloxía e Xeoloxía.
- b) Educación Física.

- c) Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
- d) Lingua Castelá e Literatura.
- e) Lingua Estranxeira.
- f) Lingua Galega e Literatura.
- g) Matemáticas.
- h) Segunda Lingua Estranxeira.
- i) Tecnoloxía e Dixitalización.

Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha sesión lectiva semanal de titoría.

No primeiro curso os centros docentes contarán con dúas horas de libre disposición que dedicarán a incrementar a carga lectiva das materias recollidas anteriormente, nos termos que establezan na súa concreción curricular. No IES de Cacheiras, estas horas de libre disposición reforzarán a Lingua Galega e Literatura e a oralidade da lingua estranxeira.

Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha sesión lectiva semanal de titoría.

Exención da Segunda Lingua Estranxeira: o alumnado do primeiro curso que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso, recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do departamento de orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exenta ou exento.

A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal do alumnado afectado pola medida.

A distribución das materias en cada xornada e durante a semana realizarase atendendo exclusivamente a razóns pedagóxicas e organizativas.

- No segundo curso as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

- a) Educación Física.
- b) Física e Química.
- c) Lingua Castelá e Literatura.
- d) Lingua Estranxeira.
- e) Lingua Galega e Literatura.
- f) Matemáticas.
- g) Música.
- h) Segunda Lingua Estranxeira.
- i) Tecnoloxía e Dixitalización.
- j) Xeografía e Historia.

Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha sesión lectiva semanal de titoría.

No segundo curso os centros docentes contarán con dúas horas de libre disposición que dedicarán a incrementar a carga lectiva das materias recollidas anteriormente, nos termos que establezan na súa concreción curricular. No IES de Cacheiras, estas horas de libre disposición reforzarán a Lingua Castelá e Literatura e a oralidade da lingua estranxeira.

Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha sesión lectiva semanal de titoría.

Exención da Segunda Lingua Estranxeira: o alumnado do primeiro curso que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso, recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do departamento de orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exenta ou exento.

A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal do alumnado afectado pola medida.

A distribución das materias en cada xornada e durante a semana realizarase atendendo exclusivamente a razóns pedagóxicas e organizativas.

- No terceiro curso as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

- a) Bioloxía e Xeoloxía.
- b) Educación en Valores Cívicos e Éticos.

- c) Educación Física.
- d) Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
- e) Física e Química.
- f) Lingua Castelá e Literatura.
- g) Lingua Estranxeira.
- h) Lingua Galega e Literatura.
- i) Matemáticas.
- j) Música.
- k) Xeografía e Historia.
- l) Unha materia optativa de entre as seguintes:
 - Cultura Clásica.
 - Educación Dixital.
 - Oratoria.
 - Segunda Lingua Estranxeira.

Para constituír grupo das ditas materias optativas do terceiro curso requirirase un mínimo de dez alumnas e/ou alumnos (coa finalidade de atender á diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderanse impartir as materias optativas cun número menor de alumnas ou alumnos que en ningún caso sexa inferior a cinco. Neste caso, precisarase a autorización expresa da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, logo do informe da Inspección educativa. Para estes efectos, os centros docentes remitirán a solicitude de autorización ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente antes do 13 de xullo).

Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha sesión lectiva semanal de titoría.

A distribución das materias en cada xornada e durante a semana realizarase atendendo exclusivamente a razóns pedagóxicas e organizativas.

- No cuarto curso as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

- a) Educación Física.
- b) Lingua Castelá e Literatura.
- c) Lingua Estranxeira.
- d) Lingua Galega e Literatura.
- e) Matemáticas A ou Matemáticas B, en función da elección da alumna ou do alumno.
- f) Xeografía e Historia.
- g) Tres materias de opción de entre as seguintes:
 - Bioloxía e Xeoloxía.
 - Dixitalización.
 - Economía e Emprendemento.
 - Expresión Artística.
 - Física e Química.
 - Formación e Orientación Persoal e Profesional.
 - Latín.
 - Música.
 - Segunda Lingua Estranxeira.
 - Tecnoloxía.
- h) Unha materia optativa, en función da oferta dos centros docentes, de entre as seguintes
 - Cultura Clásica, se non foi cursada no terceiro curso.
 - Filosofía.
 - Oratoria, se non foi cursada no terceiro curso.
 - Unha materia de opción non cursada das enumeradas na letra g).

Para constituír grupo das ditas materias optativas do terceiro curso requirirase un mínimo de dez alumnas e/ou alumnos (coa finalidade de atender á diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderanse impartir as materias optativas cun número menor de alumnas ou alumnos que en ningún caso sexa inferior a cinco. Neste caso, precisarase a autorización expresa da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, logo do informe da Inspección educativa. Para estes efectos, os centros docentes remitirán a solicitude de autorización ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente antes do 13 de xullo).

Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha sesión lectiva semanal de titoría.

A distribución das materias en cada xornada e durante a semana realizarase atendendo exclusivamente a razóns pedagóxicas e organizativas.

- Programa de diversificación curricular (no terceiro e no cuarto curso de ESO)
 - Os programas de diversificación curricular consisten nunha modificación e nunha adaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e están orientados á consecución do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria por parte do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do dito título.
 - Os programas de diversificación curricular terán dous cursos de duración correspondentes ao terceiro e ao cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria.
 - O equipo docente poderá propoñer a incorporación a este programa ao alumnado que se encontre nalgunha das seguintes situacións:
 - a) Ter cursado o segundo curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción a terceiro.
 - b) Ter cursado o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción a cuarto. Para estes efectos, o alumnado que non poida repetir o terceiro curso poderá incorporarse ao segundo curso do programa de diversificación curricular correspondente ao cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.
 - Excepcionalmente, o equipo docente poderá propoñer a incorporación ao segundo curso do programa de diversificación curricular correspondente ao cuarto curso ao alumnado que teña que repetir o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.
 - Os programas de diversificación curricular incluírán dous ámbitos específicos:
 - a) O ámbito Lingüístico e Social, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Lingua Galega e Literatura e Xeografía e Historia.
 - b) O ámbito Científico-Tecnolóxico, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Matemáticas.
- Estes programas incluírán tamén o resto de materias do terceiro e do cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria non incluídas nos ámbitos específicos, que o alumnado cursará con carácter xeral nun grupo ordinario. Para estes efectos, no cuarto curso, o alumnado só elixirá unha das materias de opción, excluindo as materias de Bioloxía e Xeoloxía, e de Física e Química, xa incluídas no ámbito Científico-Tecnolóxico.
- Cada ámbito específico será impartido por unha única profesora ou un único profesor/a con atribución docente nalgunha das materias que forman parte do ámbito.
- No caso de que o ámbito Lingüístico e Social sexa impartido por unha profesora ou un profesor dunha especialidade diferente á que é propia da materia de Lingua Estranxeira, deberá acreditar, polo menos, o nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas na lingua correspondente.
- Sen prexuízo do anterior, por razóns organizativas, a parte do currículo correspondente á lingua estranxeira do ámbito Lingüístico e Social poderá ser impartida, de xeito independente, por profesorado da especialidade da lingua estranxeira. Neste caso, a programación do ámbito deberá realizarse de forma coordinada entre o profesorado encargado da súa docencia.
- De conformidade co establecido no artigo 61.7 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, os grupos que se conformen para desenvolver estes programas, con carácter xeral, non superarán o número máximo de 10 alumnas ou alumnos nin terán un número inferior a cinco.
- Cada grupo do programa de diversificación curricular terá unha persoa titora, que terá, entre as súas funcións, a orientación do alumnado do programa e a súa atención personalizada, a coordinación do equipo docente que imparte o programa, a relación coas familias e a coordinación co profesorado titor do grupo de referencia de cada alumna e alumno integrante do programa.
- Nos programas de diversificación curricular empregárase unha metodoloxía específica que lle permita ao alumnado acadar os obxectivos da etapa e as competencias clave establecidas no perfil de saída, a través dunha organización en ámbitos de coñecemento, actividades prácticas e, de ser o caso, materias, diferente á establecida con carácter xeral.
- O programa de diversificación curricular concíbese desde un enfoque metodolóxico funcional, en que os contidos curriculares se deben tratar desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado, priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa.
- O alumnado do programa de diversificación curricular será avaliado polo profesorado que imparte cada un dos ámbitos e materias, baixo a coordinación do profesorado titor do programa e do profesorado titor do grupo de referencia. As cualificacións dos ámbitos realizaranse nos mesmos termos que as materias.
- O alumnado que acceda a un programa de diversificación curricular con materias pendentes de cursos anteriores

quenon estean integradas nalgún dos ámbitos do programa realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

- Materias que debe cursar o alumnado no primeiro curso de bacharelato

O alumnado admitido no IES de Caheiras para cursar as ensinanzas de bacharelato matricularase nunha das modalidades ou vías ofertadas, que poderán ser:

- a) Ciencias e Tecnoloxía.
- b) Humanidades e Ciencias Sociais.

O alumnado de primeiro curso de bacharelato terá que cursar materias comúns; materias específicas da modalidade elixida, obrigatorias e de opción; e unha materia optativa.

Todo o alumnado debe cursar as seguintes materias comúns:

- a) Educación Física.
- b) Filosofía.
- c) Lingua Castelá e Literatura I.
- d) Lingua Estranxeira I.
- e) Lingua Galega e Literatura I.

O alumnado da modalidade de Ciencias e Tecnoloxía debe cursar as seguintes materias de modalidade:

- a) Matemáticas I.
- b) Dúas materias de opción que se elixirán entre as seguintes:
 - Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais.
 - Debuxo Técnico I.
 - Física e Química.
 - Tecnoloxía e Enxeñaría I.

O alumnado da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais debe cursar as seguintes materias de modalidade:

- a) Latín I ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I.
- b) Dúas materias de opción que se elixirán entre as seguintes:
 - Economía.
 - Grego I.
 - Historia do Mundo Contemporáneo.
 - Latín I.
 - Literatura Universal.
 - Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I.

Todo o alumnado debe cursar unha materia optativa entre as seguintes:

- Anatomía Aplicada.
- Antropoloxía.
- Cultura Científica.
- Segunda Lingua Estranxeira I.
- Literatura Galega do Século XX e da Actualidade.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación I.
- Cultura Audiovisual.
- Linguaxe e Práctica Musical.
- Debuxo Artístico I.
- Artes escénicas I.

As materias de modalidade contarán cun mínimo de cinco alumnas e/ou alumnos para poderen ser impartidas, excepcionalmente, poderán impartirse cun número menor de alumnas ou alumnos coa autorización expresa da xefatura territorial. Para estes efectos, os centros docentes remitirán a solicitude de autorización ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente antes do 13 de xullo).

Cando un centro docente non poida ofrecer algunha materia de modalidade, facilitará ao alumnado que a curse a través das ensinanzas de persoas adultas mediante a modalidade de educación a distancia ou, de non ser posible, noutros centros docentes, sempre que a organización dos horarios de ambos os dous o permitan. En calquera caso, contará coa autorización das persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, cando se trate de alumnado menor de idade.

A impartición das materias optativas quedará vinculada a que exista un número mínimo de dez alumnas e/ou alumnos (coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse cun número menor de alumnas ou alumnos que, en ningún caso, será inferior a cinco. Neste caso, precisarase a autorización expresa da xefatura territorial da Consellería de

Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, logo do informe da Inspección educativa. Para estes efectos, os centros docentes remitirán a solicitude de autorización ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente antes do 13 de xullo)

Cambio de modalidade e cambio de materias: o alumnado poderá solicitar á dirección do centro o cambio de modalidade e de materias. Con carácter xeral, a dita solicitude efectuarase durante os dous primeiros meses do primeiro curso. De todas formas, aquelas peticións que excedan á primeira semana dende o comezo do curso só serán aceptadas (por razóns organizativas) de maneira excepcional.

- Materias que debe cursar o alumnado de segundo curso de Bacharelato.

O alumnado admitido no IES de Caheiras para cursar as ensinanzas de bacharelato matricularase nunha das modalidades ou vías ofertadas, que poderán ser:

- a) Ciencias e Tecnoloxía.
- b) Humanidades e Ciencias Sociais.

O alumnado de segundo curso de bacharelato terá que cursar materias comúns; materias específicas da modalidade elixida, obrigatorias e de opción; e unha materia optativa.

Todo o alumnado debe cursar as seguintes materias comúns:

- a) Lengua Castelá e Literatura II.
- b) Lengua Extranxeira II.
- c) Lengua Galega e Literatura II.
- d) Historia de España.
- e) Historia da Filosofía.

O alumnado da modalidade de Ciencias e Tecnoloxía debe cursar as seguintes materias de modalidade:

- a) Matemáticas II o Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.
- b) Dúas materias de opción da modalidade que se elixirán entre as seguintes:
 - Bioloxía.
 - Debuxo Técnico II.
 - Física.
 - Xeoloxía e Ciencias Ambientais.
 - Química.
 - Tecnoloxía e Enxeñería II.

O alumnado da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais debe cursar as seguintes materias de modalidade:

- a) Latín II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.
- b) Dúas materias de opción da modalidade que se elixirán entre as seguintes:
 - Empresa e Deseño de Modelos de Negocio.
 - Xeografía.
 - Grego II.
 - Historia da Arte.
 - Latín II.
 - Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.

Todo o alumnado debe cursar unha materia optativa de entre as seguintes:

- Métodos Estatísticos e Numéricos.
- Psicoloxía.
- Segunda Lingua Extranxeira II.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación II.
- Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia.
- As materias de modalidade de segundo curso de las enumeradas anteriormente.

As materias de modalidade contarán cun mínimo de cinco alumnas e/ou alumnos para poderen ser impartidas (excepcionalmente, poderán impartirse cun número menor de alumnas ou alumnos coa autorización expresa da xefatura territorial. Para estes efectos, os centros docentes remitirán a solicitude de autorización ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente antes do 13 de xullo).

Cando un centro docente non poida ofrecer algunha materia de modalidade, facilitará ao alumnado que a curse a través das ensinanzas de persoas adultas mediante a modalidade de educación a distancia ou, de non ser posible, noutros centros docentes, sempre que a organización dos horarios de ambos os dous o permitan. En calquera caso, contará coa autorización das persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, cando se trate de alumnado menor de idade.

A impartición das materias optativas quedará vinculada a que exista un número mínimo de dez alumnas e/ou alumnos (coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse cun número menor de alumnas ou alumnos que, en ningún caso, será inferior a cinco. Neste caso, precisarase a autorización expresa da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, logo do informe da Inspección educativa. Para estes efectos, os centros docentes remitirán a solicitude de autorización ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente antes do 13 de xullo)

Cambio de modalidade e cambio de materias: o alumnado poderá solicitar á dirección do centro o cambio de modalidade e de materias. Con carácter xeral, a dita solicitude efectuarase durante os dous primeiros meses do primeiro curso. De todas formas, aquelas peticións que excedan á primeira semana dende o comezo do curso só serán aceptadas (por razóns organizativas) de maneira excepcional.

- Materias pendentes do anterior plan de estudos:

O alumnado que se matricule en segundo de bacharelato e teña pendentes materias reguladas no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, deberá recuperarlas co currículo establecido no Decreto 157/2022, do 15 de setembro. Para estes efectos, terase en conta:

a) As materias con igual denominación entre o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, e o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, deberán recuperarse co currículo da nova materia.

b) Para as materias que cambian de denominación entre os dous decretos establécese a correspondencia que aparece no anexo III da RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

c) O alumnado que teña pendente de superar Fundamentos de Arte I ou Cultura Audiovisual II deberá substituír a dita materia por outra materia da modalidade que curse.

d) O alumnado que teña pendente de superar materias específicas ou de libre configuración, cuxa suma total de horas lectivas semanais sexa igual ou superior ás 3 horas, e para as que non sexan de aplicación as letras a) ou b), deberá substituír as ditas materias por unha materia optativa. No caso de que a suma total de horas lectivas non superadas sexa de 2 ou 1, o alumnado deberá matricularse desas materias pendentes, pero non terá obriga de recuperarlas.

- O alumnado que cursase segundo de bacharelato segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, e opte por non repetir o curso completo, deberá recuperar as materias cursadas con cualificación negativa de segundo e, de ser o caso, as materias cursadas con cualificación negativa de primeiro, segundo as condicións establecidas neste artigo.

- Cambio de modalidade no segundo curso de Bacharelato

- O alumnado que cursase primeiro do bacharelato segundo o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, e que promocioe ao segundo curso poderá solicitar á dirección do intercambio de modalidade ou vía antes do comezo das actividades lectivas. Excepcionalmente, o alumnado matriculado en primeiro curso poderá solicitar á dirección do centro o cambio de modalidade ou vía antes do 15 de outubro.

Para os efectos do cambio de modalidade, terase en conta:

a) As materias específicas de modalidade ou vía, obrigatoria ou de opción, de primeiro curso xa superadas que sexan coincidentes coas materias específicas da nova modalidade ou vía pasarán a formar parte das materias requiridas da nova modalidade, no caso de que a alumna ou o alumno non solicite cursar outras materias diferentes.

b) Unha das materias específicas de modalidade ou vía, obrigatoria ou de opción, do primeiro curso xa superada que non sexa propia da nova modalidade poderá ser considerada como a materia optativa requirida do primeiro curso. Neste caso, a alumna ou o alumno deberá indicalo no momento da solicitude do cambio de modalidade ou vía.

c) As materias específicas da modalidade ou vía, obrigatoria ou de opción, que abandona e que non forman parte das materias requiridas para efectos de titulación non se terán en conta para o cómputo da media de bacharelato.

d) Nos casos en que, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir ás clases das materias de primeiro que deba cursar como consecuencia do cambio de modalidade, estas materias trataranse de forma análoga ás materias pendentes.

e) En todo caso, ao finalizar o segundo curso de bacharelato, o alumnado deberá ter cursadas e superadas todas as materias comúns, seis materias específicas da nova modalidade ou vía elixida, das cales unha obrigatoria e dúas de opción serán de primeiro e unha obrigatoria e dúas de opción serán de segundo, e dúas materias optativas, unha de primeiro e outra de segundo.

- O alumnado que repita segundo ou que promocioe a segundo tras ter cursado o primeiro curso do bacharelato segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, poderá cambiar a unha modalidade do novo sistema, tendo en conta a regulación do artigo 16 e as seguintes condicións:

a) Deberá cursar as materias comúns, as materias de modalidade e a materia optativa de segundo curso establecidas

no Decreto 157/2022, do 15 de setembro.

b) Deberá cursar como pendentes as tres materias da nova modalidade ou vía, a obrigatoria e dúas de opción, do primeiro curso establecidas no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, no caso de non telas superado.

c) De ser o caso, deberá cursar as materias xerais do bloque de materias troncais, a materia de Lingua Galega e Literatura I ou as materias específicas que non superase do primeiro curso.

d) En todo caso, ao finalizar o segundo curso de bacharelato, o alumnado deberá ter cursadas e superadas todas as materias xerais do bloque de materias troncais e a materia de Lingua Galega e Literatura I do primeiro curso e as materias comúns do segundo curso; seis materias específicas da nova modalidade ou vía elixida, das cales unha obrigatoria e dúas de opción serán de primeiro e unha obrigatoria e dúas de opción serán de segundo; as materias específicas de primeiro curso e unha materia optativa de segundo.

- Cambio de materias

- O alumnado que promocióne a segundo curso con avaliación negativa nalguna materia específica de modalidade ou vía ou nalguna materia optativa do primeiro curso poderá substituíla por outra materia da mesma tipoloxía ofertada no centro. Neste caso, a alumna ou o alumno deberá solicitalo no momento da matrícula.

- O alumnado de segundo curso que opte por recuperar as materias cursadas con cualificación negativa sen matricularse do curso completo poderá substituílas por outras materias da mesma tipoloxía ofertada no centro, tendo en conta o anteriormente exposto.

- Anulación da matrícula

- O alumnado de bacharelato poderá solicitar a anulación de matrícula á dirección do centro docente, antes do 30 de abril, cando circunstancias de doenza prolongada, de incorporación a un posto de traballo ou de obrigas de tipo familiar ou persoal impidan seguir, en situación normal, os estudos.

- A solicitude, á cal cumprirá achegar as xustificacións pertinentes, será resolta nun prazo de 10 días pola dirección do centro. No caso dos centros privados, a competencia da devandita anulación corresponderá á dirección do centro público a que estea adscrito.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

O Equipo Directivo facilitará ao/á Vicedirector/a aqueles recursos humanos e materiais, que estean á súa disposición, para a realización de actividades.

O profesorado con horas complementarias de colaboración co Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares colaborará nas actividades organizadas por este departamento cando lle sexa solicitado polo/a Vicedirector/a e en coordinación coa Xefatura de Estudos.

Os membros da comunidade educativa poderán participar nas actividades do departamento solicitándoo ao/á Vicedirector/a e en coordinación coa Xefatura de Estudos.

- Criterios para a realización de actividades complementarias e extraescolares organizadas polo profesorado ou por un departamento:

- Considéranse complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballo de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

- Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais etc, se realizan fóra do horario lectivo. En ningún caso, o contido destas actividades pode ser igual ou similar ao dunha ensinanza oficial do currículo.

- Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

1. Aprobación do Consello Escolar.

2. Autorización escrita do propio alumno/a maior de idade ou dos pais/nais ou titores legais do alumno/a menor de idade.

3. Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos. En calquera caso, o número mínimo de profesores e profesoras acompañantes será de dous.

4. O departamento ou profesor/a responsable de organizar a actividade será o encargado de buscar o profesorado acompañante. En todo caso, salvo causa extraordinaria, un dos acompañantes, polo menos, será dese departamento.

5. Os distintos departamentos procurarán organizar actividades conxuntas, sempre que sexa posible, para reducir custos. Tamén se poderá colaborar con outros centros para reducir custos.

6. As axudas económicas do profesorado que acompaña ao alumnado adaptaranse á normativa vixente (Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia).

7. A organización e coordinación da excursión de fin de estudos (4º de ESO) é responsabilidade da Vicedirección e/ou titor/titores. O titor/a poderá delegar a organización noutro profesor que imparta clase no grupo.

8. As saídas organizadas para potenciar unha lingua estranxeira serán organizadas polos departamentos correspondentes e coordinadas pola Vicedirección.

- Aspectos básicos de xestión das actividades complementarias e extraescolares:

- Planificación: os departamentos didácticos especificarán nas súas programacións anuais a relación das actividades complementarias previstas tendo presente as seguintes consideracións:

1. Co fin de facilitar a organización do curso desde a Vicedirección, farán constar nas programacións, ademais da identificación da actividade, as datas aproximadas de realización e os cursos implicados.

2. As únicas actividades que se poderán engadir ao longo do curso serán as de carácter extraordinario, isto é, aquelas que dependan de convocatorias publicadas durante o curso.

3. É conveniente buscar a coordinación entre departamentos para rendabilizar as actividades.

Os departamentos didácticos serán os encargados de planificar as súas actividades, é dicir, correrá ao seu cargo concertar as visitas coas institucións ou organismos correspondentes, o que inclúe a fixación de datas e horarios e a relación do alumnado implicado e do profesorado acompañante.

Existe a posibilidade, previa petición ou non dos departamentos, de que a Dirección do centro poida vetar a participación nas actividades complementarias do alumnado con sancións disciplinarias.

Esta planificación comunicáraselle por escrito á Vicedirección como mínimo con dúas semanas de antelación á data de realización da actividade. Polo que a ela respecta, as súas responsabilidades serán a xestión do transporte, a xestión da recollida de achegas do alumnado e autorizacións e a comunicación pública da actividade nos taboleiros do profesorado, o que inclúe a elaboración das listas de asistentes etc.

- Recollida de cartos e autorizacións:

1. A entrega das fotocopias ao alumnado do impreso de autorización para participar nestas actividades realizarase en canto sexa comunicada á Vicedirección a súa planificación por parte dos departamentos.

2. A entrega de cartos e autorizacións por parte do alumnado efectuarase no prazo sinalado no impreso de autorización. Serán os responsables da actividade os encargados de recoller os cartos ou xustificantes bancarios do ingreso e as autorizacións e entregalos ao/á Vicedirector/a ou ao/á Secretario/a.

3. Enténdese que, de non mediar causa xustificada e por escrito, os cartos entregados non serán devoltos ao alumnado no caso de que este decida non participar a posteriori na actividade.

4. A anulación da actividade implica a devolución dos cartos recadados.

- Especificacións para o día da actividade:

1. O alumnado que non participe nela permanecerá na aula co profesorado correspondente á hora lectiva (ou, na súa ausencia, co profesorado de garda).

2. Aquelas actividades desenvolvidas dentro do centro e que non supoñan desembolso económico serán obrigatorias para o alumnado ao que se dirixe. Neste caso, o alumnado será acompañado polo profesorado que nese momento teña clase co grupo e/ou polo profesor/a organizador/a de dita actividade.

3. En ningún caso se poderá impartir materia nova ao alumnado que quedou no centro en prexuízo do que participa na actividade.

4. É requirimento inescusable acudir puntualmente ás actividades; no caso de retrasos inxustificadas, pérdese o dereito á asistencia (e, consecuentemente, non existe posibilidade de reclamar a devolución dos cartos).

- Despois da actividade

Tras a actividade, tanto o profesorado como unha representación do alumnado que participou nela realizarán unha valoración por escrito; esta valoración será entregada á Vicedirección co obxecto de elaborar a memoria do curso e a planificación do vindeiro.

- Indicacións específicas para as actividades complementarias desenvolvidas no centro ou no ámbito do concello

1. O profesorado acompañante do alumnado será, en principio, o asignado polo departamento. No caso de actividades moi numerosas, o profesorado implicado será o que tivese clase co alumnado nas respectivas horas abrangidas pola actividade.

2. O profesorado de garda e o profesorado que tivera clase nas respectivas horas abrangidas pola actividade será responsable do alumnado que non participe na actividade.

- Indicacións específicas para as actividades complementarias asociadas á celebración do magosto, Entroido e fin de curso

1. Estas datas poden ser obxecto de celebracións excepcionais organizadas tanto polo profesorado como polo alumnado.

2. Tanto o profesorado como o alumnado encargaranse de comunicar calquera previsión de actividades á Vicedirección do centro cunha semana de adianto á data correspondente, como mínimo.

3. O profesorado ten a obriga de cumprir co seu horario nas devanditas datas.

- Indicacións específicas para a regulación das actividades complementarias

1. Como norma xeral, nos días lectivos previos á data de cada avaliación non se poderán realizar actividades extraescolares ou complementarias que interfiran co horario lectivo, salvo que as probas da avaliación estean rematadas. De xeito excepcional e sempre consensuadas cos profesores/as das materias afectadas, poderíanse levar a cabo actividades propostas por entidades, procesos concursivos ou agrupacións culturais externos ao centro cunha data fixa e sen posibilidade de desenvolverse noutra data.

2. No caso de que se propoña unha actividade que conleve unha perda excesiva de horas nunha ou varias materias, dita actividade poderá realizarse sempre e cando se acade un acordo co profesorado das materias afectadas para que dalgún xeito poida recuperar as horas cedidas, no caso de que así o solicítase.

Á hora de encaixar unha actividade no cupo horario respectarase a orde de solicitude, pero terán preferencia as solicitudes de departamentos que non teñan xa organizada outra actividade para ese grupo e trimestre e quedarán nunha lista de espera por se algunha actividade prevista non se puidera finalmente realizar.

As solicitudes deberán incluír as datas fixas. Se finalmente, polo motivo que sexa, unha actividade non se pode realizar na data prevista, poderá moverse a outra sempre e cando non haxa algunha outra actividade en lista de espera.

- Indicacións específicas para a excursión de fin de curso (4º de ESO)

Criterios de organización da viaxe de estudos

1. A viaxe de estudos é unha actividade proposta polo centro e organizada polo/s titor/es en coordinación coa vicedirección. Estes analizarán a conveniencia ou non da súa organización vistas as circunstancias concurrentes en cada curso escolar.

2. Ten como obxectivos o enriquecemento cultural e a convivencia entre o alumnado.

3. As datas de realización deberán marcarse coa suficiente antelación para planificar exames, exames de pendentes, etc.

4. Por parte do/a responsable de Actividades Complementarias e Extraescolares, ofreceranse ao alumnado rutas alternativas que fomenten a máxima participación.

5. As datas de realización da viaxe estarán en función do lugar que se visite e da menor interrupción da actividade lectiva.

6. Poderán participar nestas actividades todos os/as alumnos/as, agás aqueles que fosen suspendidos deste dereito por decisión do/a Director/a ou o/a Xefe/a de Estudos, unha vez oídos o/a alumno/a e o/a titor/a.

- Consideracións sobre o comportamento do alumnado na viaxe de estudos

1. Durante a viaxe o alumnado deberá cumprir con todo rigor o programa de actividades establecido, mantendo en todo momento un comportamento correcto e respectando aos seus compañeiros/as e profesores/as, así como ás persoas e costumes do lugar visitado.

2. O alumnado deberá respectar as seguintes prohibicións expresas: consumo de alcohol, consumo e distribución de calquera tipo de drogas. Tampouco se permitirá que provoque altercados ou escándalos e que non respecte o mobiliario e as instalacións dos lugares que se visitan.

3. O non cumprimento das normas anteriores terá as seguintes consecuencias:

- Expulsión inmediata da viaxe e regreso do/a alumno/a ao seu domicilio. O custo económico desta medida correrá a cargo do/a alumno/a.

- Apertura de expediente disciplinario.

O custo económico dos danos provocados polo mal uso das instalacións será aboado polo/a alumno/a.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

- Criterios para o tratamento de materias pendentes. Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar

- O alumnado que promocióne con materias suspensas deberá seguir un Plan de Reforzo de materias pendentes en cada unha desa materias, destinado á súa recuperación e a súa superación segundo o establecido na Orde de 8 de setembro de 2021.

- Este plan será elaborado polo docente que imparta a materia o curso seguinte a partir do informe elaborado polo docente do curso actual, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

- En cada sesión de avaliación farase o seguimento deste plan, facendo os axustes que procedan, ata a avaliación final, na que se decide se obtén avaliación positiva, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria.

- En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

- Cada departamento fará constar na súa programación os criterios de recuperación de estas materias. Con carácter xeral temos que

- INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE PENDENTES 2022-23

- Instrumentos de avaliación

- Tarefas: cada departamento poderá elaborar e xestionar tarefas de entrega obrigatoria ao longo do curso que terán en conta na avaliación das materias pendentes. A xestión da entrega, recollida, corrección e avaliación das tarefas farase nun calendario previamente establecido por cada departamento.

- Exame/s: cada departamento indicará claramente se vai realizar varios exames ou só o oficial (obrigatorio) de maio. Os departamentos deberán:

- Explicar con claridade os contidos de cada exame (en consonancia coas tarefas que se vaian realizando).

- Establecer con claridade como computa cada exame na cualificación final.

- Comprobar que o alumnado entregou as tarefas (de ser o caso).

- En calquera caso, os exames axustaranse sempre aos contidos mínimos establecidos nas respectivas programacións.

- DATAS DE EXAMES

Dende a Xefatura de estudos elaborárase un calendario de exames das materias pendentes (garantizando que se cumpran os requisitos indicados nas programacións de cada departamento).

Estas datas entregaranse aos alumnos/as implicados e as súas familias e publicaranse na web do centro.

- Información ás familias:

En cada avaliación as familias recibirán información sobre a evolución do traballo de cada alumno/a nas materias pendentes.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

O alumnado que non promocioe de curso seguirá un plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Cada profesor/a establecerá os reforzos necesarios para o alumnado que o necesite e deixará constancia na memoria final do departamento.

Segundo o establecido na Orde de 8 de setembro de 2021, artigo 52. Ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborárase o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

1. Sesións de avaliación para o curso 22-23:

- As sesións de avaliación son as reunións que mantén o equipo docente de cada grupo, co obxecto de analizar o proceso de aprendizaxe de cada alumna e alumno, así como de tomar as decisións que adapten a intervención educativa ás características individuais do alumnado e ás do grupo.

- O equipo docente do grupo estará constituído polo profesorado responsable da avaliación das materias ou ámbitos en que estea matriculado o alumnado ou do dito grupo. Neste sentido, terase en conta que as materias ou ámbitos pendentes forman parte da matrícula do alumnado. Porén, cando o equipo docente teña que tomar decisións respecto dunha alumna ou dun alumno participará unicamente o profesorado responsable da avaliación das materias

ou ámbitos en que estea matriculada ou matriculado a alumna ou o alumno.

- Ao longo do curso realizaranse unha avaliación inicial, como mínimo tres avaliacións parciais e unha avaliación final.

- As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará o equipo docente. Analizarase a información sobre as características xerais do grupo e sobre as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantas alumnas e alumnos o compoñan. O profesorado especialista en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe asistirá ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

Nestas sesións de avaliación, con carácter xeral, contarase co asesoramento da xefatura do departamento de orientación e co apoio do equipo directivo.

- En cada sesión, a avaliación de cada materia ou ámbito é competencia do profesorado que o imparta ou, de ser o caso, realice o seguimento e avaliación das materias ou ámbitos pendentes.

- As decisións adoptadas polo equipo docente, que se acordarán de forma colexiada, irán referidas á promoción e á titulación, á avaliación das competencias clave e a todo aquilo que incida no proceso educativo de cada alumna ou alumno. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

- A titora ou o titor levantará a correspondente acta de desenvolvemento de cada unha das sesións de avaliación, na cal se fará constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e os acordos acadados e motivados referidos a cada alumna e a cada alumno, e ao grupo no seu conxunto, especificando aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes das alumnas ou dos alumnos e da práctica docente, e as propostas de mellora.

1.1. Datas de avaliación na ESO:

- Avaliación inicial: do 16 ao 19 de outubro de 2023

- 1ª avaliación: do 14 ao 20 de decembro de 2023

- 2ª avaliación: do 18 ao 21 de marzo de 2024

- 3ª avaliación e avaliación final ordinaria: : 24 e 25 de xuño de 2024

1.2. Datas de avaliación no primeiro curso de Bacharelato:

- 1ª avaliación: 19 de decembro de 2023

- 2ª avaliación: 20 de marzo de 2024

- Avaliación final ordinaria: 10 de xuño de 2024

- Avaliación extraordinaria: 21 de xuño de 2024

1.3. Datas de avaliación no segundo curso de Bacharelato:

- 1ª avaliación: 20 de decembro de 2023

- 2ª avaliación: 21 de marzo de 2024

- Avaliación final ordinaria: Según CIUG (arredor do 24 de maio de 2024)

- Avaliación extraordinaria: 21 de xuño de 2024

2. Avaliación

- A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

- No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

- A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

2.1 Avaliación inicial

A avaliación inicial diagnóstica, serve para determinar a liña base sobre o nivel de coñecementos, motivacións, actitudes, intereses, expectativas, dificultades, etc. do alumnado. Sen dúbida, permítelle ao profesorado reorganizar o programa formativo e fixar os obxectivos da aprendizaxe dun modo realista e operativo, en función do diagnóstico realizado. A avaliación inicial é esencial para que o rendemento académico sexa aceptable e que a aprendizaxe sexa significativa.

En esencia, a avaliación inicial que se levará a cabo no centro a mediados do mes de outubro, proporcionaralle ao equipo docente dun instrumento de avaliación das capacidades e dos coñecementos que posúe o alumnado que se incorpora aos novos curso, a fin de abordar o proceso educativo con garantías, así como prever e anticipar axustes individuais (atención á diversidade).

Poderíase dicir que é un xeito de obter a información precisa para identificar as necesidades do grupo ao inicio do curso, ciclo ou unidade didáctica para adecuar o programa ás capacidades do alumnado.

As principais características da avaliación inicial son as seguintes:

- Realízase ao principio de curso, para cada nivel educativo.
- Ten carácter orientativo
- Serve para coñecer a situación de partida do alumnado e da clase.
- Cada profesor/a aporta datos sobre a súa visión do grupo e de cada alumno/a.
- Permite o axuste das estratexias didácticas e pedagóxicas.
- Permite confrontar o que se ensina respecto do que se aprende.
- Orienta a programación, a metodoloxía a empregar, a organización da aula, as actividades a desenvolver, etc.

Por outra banda, cabe dicir que o profesorado conta con múltiples instrumentos para realizar a avaliación inicial: probas escritas, debates, observación na aula os primeiros días de clase, entrevistas, test de actitudes, test sociométricos, informes dos equipos de orientación, cuestionarios realizados polo profesorado, entrevistas dos titores coas familias, xogos, análise de producións realizadas polo alumnado (resumos, traballos, cadernos de clase, resolución de exercicios e problemas, probas orais, motrices, plásticas, musicais, etc.), autoavaliación, actividades de tutoría, etc.

Unha vez realizada a avaliación inicial, o coñecemento das características básicas e necesidades do alumnado vai permitir ao equipo docente tomar unha serie de decisións relativas a:

- i. Planificar e programar as actividades docentes.
- ii. Adoptar medidas de atención á diversidade nas aulas.
- iii. Seleccionar metodoloxías a empregar nas aulas.

2.2. Avaliacións parciais

- Ao longo do curso realizaranse, cando menos, tres sesións de avaliación parciais para cada grupo. Nestas sesións farase tamén o seguimento do proceso de recuperación das materias pendentes do alumnado do grupo, de ser o caso. Na ESO, a derradeira destas sesións deberá coincidir coa avaliación final ordinaria.

- O profesorado, incluído o encargado do seguimento e a avaliación das materias ou ámbitos pendentes, deberá consignar nas actas de avaliación as cualificacións das materias ou ámbitos dos cales sexa responsable.

- As datas para a realización destas sesións de avaliación parcial concretaranse procurando unha repartición equilibrada na duración dos períodos.

2.3. Avaliación final

- O equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado, de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

- O profesorado, incluído o encargado do seguimento e a avaliación das materias ou ámbitos pendentes, deberá consignar na acta de avaliación final as cualificacións das materias ou ámbitos de que sexa responsable.

- O equipo docente, coordinado pola persoa titora, consignará na acta de avaliación final as cualificacións das competencias clave.

3. Promoción

3.1 Promoción na ESO

1. O equipo docente decidirá sobre a promoción de cada alumna ou alumno na avaliación final de cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación.

No caso dos programas de diversificación curricular, a decisión sobre a permanencia neles un ano máis adoptárase exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

2. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contaránse de xeito independente.

3. Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran

todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

4. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao aprofundamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Para a elaboración e o seguimento do dito plan específico personalizado seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021.

6. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

7. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

3.2 Promoción no Bacharelato

Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Non obstante, o alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgúns materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

4. Titulación.

4.1 Criterios xerais de titulación ESO

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación.

A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 da Orde 25 de xaneiro de 2022, e tendo en conta os criterios de titulación.

Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.

Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

i. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

ii. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

iii. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirse sen cualificación.

As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.

O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

4.2 Criterios xerais de titulación no bacharelato

O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. Considerarase inasistencia continuada condo un alumno/a se ausente máis dun 10% da carga horaria da materia ao longo do curso.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada. O título de bacharel será único e expedirse con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

5. PROCEDIMENTO DE REVISIÓN E DE RECLAMACIÓNS AO LONGO DO CURSO E ÁS CUALIFICACIÓNS FINAIS

5.1 Procedemento de reclamación

O propio alumno/a maior de idade e/ou o seu pai/nai ou titor legal se foi autorizado por escrito ou o pai/nai ou titor legal do alumno/a menor de idade poderán solicitar do profesorado e dos titores ou titoras cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado, así como sobre as cualificacións finais ou decisións que se adopten como resultado dese proceso.

No caso de que, tras as oportunas aclaracións, exista desacordo coa cualificación final obtida nunha materia, módulo ou ámbito ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno ou alumna, este ou o seu pai, nai, titor ou titora legal se é menor de idade poderán solicitar por escrito a revisión da cualificación ou decisión de que se trate.

5.2 Procedemento para as reclamacións das cualificacións finais na secundaria (ESO e bacharelato)

5.2.1 Procedemento de revisión no centro

1. O alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán solicitar, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización e funcionamento, ao profesorado e á persoa docente titora cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. En todo caso, a reclamación formal abranguerá unicamente as cualificacións finais.

2. No caso de que persista o desacordo coa cualificación final obtida nunha área, materia ou ámbito, ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno ou alumna, este ou as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeña a representación legal poderán solicitar por escrito a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días lectivos, ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

3. A solicitude que teña por obxecto a revisión dunha cualificación, que conterá cantas alegacións xustifiquen a desconformidade coa cualificación final ou coa decisión adoptada, será tramitada a través da xefatura de estudos, quen a trasladará ao equipo docente ou ao departamento didáctico responsable da área, materia ou ámbito con cuxa cualificación se manifesta o desacordo, e comunicará tal circunstancia á persoa docente titora. Cando o obxecto da revisión sexa a decisión de promoción ou titulación, a solicitude trasladarase á persoa docente titora do alumno ou alumna, como responsable da coordinación da sesión final de avaliación en que a decisión foi adoptada.

4. Cando a solicitude de revisión teña por obxecto a revisión dunha cualificación final, no primeiro día lectivo seguinte, ou se for o caso, hábil, a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión, cada equipo docente ou departamento didáctico, segundo proceda, analizará as solicitudes de revisión recibidas e elaborará os correspondentes informes que recollan a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto de revisión.

No proceso de revisión da cualificación final obtida nunha área, materia ou ámbito, os membros do equipo docente ou do departamento didáctico contrastarán as actuacións seguidas no proceso de avaliación do alumno e alumna co establecido na programación didáctica, con especial referencia aos seguintes aspectos, que deberán recollerse no informe:

a) Adecuación dos contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recollidos na correspondente programación didáctica.

b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.

c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área, materia ou ámbito.

d) A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.

O equipo docente ou o departamento didáctico correspondente trasladará o informe elaborado á xefatura de estudos, quen comunicará por escrito como máximo no día lectivo seguinte, ou se for o caso, hábil, ao alumnado, ás súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeña a representación legal, a decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada e informará desta á persoa docente titora facéndolle entrega dunha copia do escrito cursado co xustificante de recepción pertinente.

5. Á vista do informe elaborado polo equipo docente ou departamento didáctico e en función dos criterios de promoción e titulación establecidos con carácter xeral no centro e aplicados ao alumno ou alumna, a xefatura de estudos e a persoa docente titora, como persoa coordinadora do proceso de avaliación, considerarán a pertinencia de reunir en sesión extraordinaria o equipo docente co fin de que este, en función dos novos datos achegados ou pola solicitude das persoas proxenitoras ou persoa que desempeña a representación legal, se for o caso, valore a necesidade de revisar as decisións adoptadas.

6. Cando a solicitude de revisión teña por obxecto a decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno ou alumna, celebrarase unha reunión extraordinaria no prazo máximo de dous días lectivos, ou se for o caso hábiles, desde a finalización do período de solicitude de revisión. Na reunión revisárase o proceso de adopción da dita medida á vista das alegacións realizadas.

Na acta da sesión extraordinaria recollerase a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións do equipo docente e a ratificación ou modificación da decisión obxecto da revisión, razoada e motivada conforme os criterios para a promoción ou titulación dos alumnos e alumnas establecidos con carácter xeral na proposta curricular.

A dirección do centro comunicará por escrito ao alumno ou alumna e ás súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeña a representación legal a ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción ou titulación, o que porá fin ao procedemento de revisión.

7. Se, tras o proceso de revisión, procedese a modificación dalgunha cualificación final, ou ben da decisión de promoción ou titulación adoptada, a persoa titular da secretaría do centro, co visto e prace da dirección do centro, anotará nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico, a oportuna dilixencia.

8. As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente, que se lle remitirán en formato dixital.

En todo caso, o alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeña a representación legal poderán reclamar ante a xefatura territorial correspondente contra as decisións adoptadas segundo o procedemento establecido no punto seguinte.

5.2.2 Procedemento de reclamación ante a xefatura territorial:

1. No caso de que, tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final de curso obtida nunha área, materia ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción ou titulación adoptada polo equipo docente,

o alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán presentar por escrito á dirección do centro docente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2. A dirección do centro docente, no prazo máis breve posible e en todo caso non superior a tres días hábiles, remitirá o expediente á xefatura territorial. O devandito expediente incorporará os informes elaborados no centro, copia fiel dos instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación do alumno ou alumna, así como, se é o caso, as novas alegacións do reclamante e o informe, se procede, do director ou directora sobre estas.

3. O Servizo de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do equipo docente ou departamento didáctico respectivo e da proposta curricular, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á estimación da reclamación en función dos seguintes criterios:

a) Adecuación dos contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recollidos na correspondente programación didáctica.

b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.

c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área, materia ou ámbito.

d) Cumprimento por parte do centro do disposto na orde correspondente.

4. O Servizo de Inspección Educativa poderá solicitar a colaboración de persoal docente especialista nas áreas, materias ou ámbitos a que faga referencia a reclamación para a elaboración do seu informe, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.

5. No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo de Inspección Educativa, a xefatura territorial adoptará a resolución pertinente, que será motivada en todo caso, e que se comunicará inmediatamente á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e que será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da xefatura territorial poñerá fin á vía administrativa.

6. Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación dalgunha cualificación final e dos consecuentes efectos de promoción ou titulación para o alumno ou alumna, a persoa titular da secretaría do centro, co visto e prace da dirección, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e, se é o caso, nos restantes documentos de avaliación, facendo referencia á resolución estimatoria da reclamación.

Cando, á vista da resolución adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, reunirse o equipo docente en sesión extraordinaria.

7. De conformidade co artigo 119.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o exercicio do dereito á revisión e reclamación de cualificacións non pode resolverse cunha cualificación menor da inicialmente obtida.

5.2.3 Procedemento de reclamación no segundo curso do bacharelato:

Tendo en conta que o segundo curso de bacharelato é un curso terminal que posibilita iniciar estudos superiores a través dunha proba de acceso, e coa finalidade de permitir a revisión das reclamacións ás cualificacións finais co tempo suficiente para que o alumno ou alumna coñeza a súa situación académica antes do inicio da proba, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional ditará as instrucións específicas para cada curso académico, en que se establecerán o procedemento e prazos que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

- Criterios na ESO:

Poderá concederse como máximo a un número de alumnas/os igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total do alumnado matriculado no 4º curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

Poderá obter esta mención o alumnado que, logo da avaliación final, obtivese unha nota media do curso igual ou superior a 9 puntos en 4º ESO.

O número de alumnado matriculado en 4º ESO determina o número de matrículas de honra que poden conceder. Se houbera máis candidatos/as á distinción de matrícula de honra das que fora posible conceder, os criterios para outorgalas serían os seguintes:

- compárase a nota media con todos os decimais

- en caso de empate, nota media de toda a etapa.

- se persiste o empate, a matrícula dáselle a persoa con maior media en 3º ESO e así sucesivamente ata 1º ESO.

- en caso de persistir o empate farase un sorteo.

- Criterios no BACHARELATO:

O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

O número de alumnado matriculado en 2ºBAC determina o número de matrículas de honra que poden conceder.

Se houbera máis candidatos/as á distinción de matrícula de honra das que fora posible conceder, os criterios para outorgalas serían os seguintes:

- compárase a nota media con todos os decimais

- en caso de empate, nota media de toda a etapa.

- se persiste o empate, a matrícula dáselle a persoa con maior media en 1º BAC.

- en caso de persistir o empate farase un sorteo.

Esta mención quedará reflectida nos documentos de avaliación do alumnado.

En caso de reclamación por desacordo con algunha cualificación final e a rectificación, de habela, afectase á obtención desta mención, a xunta de avaliación reuniríase en sesión extraordinaria para revisar a relación.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

1. As programacións didácticas, deberán estar rematadas nas datas que se indiquen nas instrucións do correspondente curso.

2. Para a ESO e o bacharelato, a lexislación vixente establece que os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendados. Esta programación é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante de cada departamento.

Os diferentes departamentos do IES de Cacheiras deberán seguir o seguinte protocolo á hora da elaboración das distintas programacións didácticas:

- Cada un dos departamentos didácticos deberá elaborar a programación de cada unha das materias ou ámbitos que teña asignados. A xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da súa redacción final.

- Os Xefes/as de Departamento entregarán as programacións e/ou as correspondentes modificacións en formato electrónico mediante a aplicación PROEMS antes do comezo das actividades lectivas de cada curso escolar ou, no seu caso, dentro do prazo acordado, se fose distinto. A Xefatura de Estudos do centro comprobará que na programación de cada un dos departamentos figuran os apartados correspondentes (mencionados abaixo). De faltar algún deles, deberá instar ao departamento a completala. Unha vez que a Xefatura de Estudos teña no seu poder todas as programacións completadas e organizadas debidamente, deberá remitir unha copia ao Servizo de Inspección Educativa. No escrito de remisión farase constar expresamente que todas as programacións conteñen os apartados que a normativa vixente contempla.

O cambio de profesorado non debe implicar unha nova programación, senón que todo profesor/a que se incorpore a un departamento debe adaptarse á programación vixente.

O profesorado informará ao alumnado das programacións docentes da súa materia ou ámbito. Esta información básica incluírá os estándares mínimos avaliábeis e os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e cualificación. Así mesmo, a principio de curso o Xefe/a de Departamento dará a coñecer á comunidade educativa a programación didáctica do seu departamento, incluíndo unha versión electrónica no espazo do seu departamento na web oficial do centro.

A programación didáctica da ESO e BAC, cuxos currículos están regulados no decreto 156/2022 e 157/2022, será elaborada na aplicación PROENS (<https://www.edu.xunta.gal/proens/>) e constará dos seguintes apartados:

a) Introducción

b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave

c) Relación de unidades didácticas, coa súa secuenciación e temporalización

d) Metodoloxía

a. Concrecións metodolóxicas

b. Materiais e recursos didácticos

e) Avaliación

- a. Procedemento para a avaliación inicial
- b. Criterios de calificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou ámbito
- c. Criterios de recuperación, procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
- d. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias (só na etapa de BAC)
- f) Medidas de atención á diversidade
- g) Transversal
 - a. Concreción dos elementos transversais
 - b. Actividades complementarias
 - h) Práctica docente
 - a. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro
 - b. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

1. Con carácter xeral:

Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura, un plan de biblioteca, un plan dixital e un plan de actividades físicas e hábitos saudables, de acordo cos artigos 36, 37 e 38 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

-Estes plans serán únicos para cada centro docente e deberán desenvolver aspectos concretos da educación secundaria obrigatoria, así como das outras etapas educativas que se ofertan no dito centro, de ser o caso.

-Estes plans elaboraranse a partir dun diagnóstico da situación do centro que permita a definición de obxectivos de cara á mellora. Para o logro dos ditos obxectivos desenvolveranse en cada curso académico diferentes accións.

- Os plans orientaranse a reforzar e complementar a aprendizaxe curricular do alumnado do centro, así como ao desenvolvemento das competencias clave.

- Promoverase o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento destes plans.

No título III (Programas/Plans educativos) dos decretos 156/2022 e 157/2022 temos que:

Artigo 38. Bibliotecas escolares e lectura

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.

3. Os centros docentes disporán dunha biblioteca escolar. Tomaranse as medidas organizativas necesarias para que a biblioteca escolar teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do proxecto lector de centro. A biblioteca ten como obxectivos ser un centro de recursos e oportunidades para a lectura, a aprendizaxe e a información; un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, a adquisición de competencias claves, as metodoloxías activas e o traballo colaborativo, e ademais que estimule os intercambios culturais no centro docente.

4. Correspóndelle á dirección do centro docente a aprobación do programa de promoción da lectura, logo da proposta realizada polo claustro de profesorado. Procurarase a adecuada coordinación, de ser o caso, co proxecto de educación dixital do centro, de xeito que se reforce a adquisición das competencias para uso, tratamento e produción de información por parte do alumnado, e se aproveiten eficientemente os recursos ao dispor da comunidade educativa.

Artigo 39. Educación dixital

1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.

4. Os centros docentes que desenvolvan o currículo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería con competencias en materia de educación, segundo o procedemento que se estableza.

Artigo 40. Promoción de estilos de vida saudable

1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil.
 2. Os centros docentes desenvolverán medidas específicas dentro do seu proxecto educativo, de xeito que se promova a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar, en relación coa promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.
 3. O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidos polo profesorado coa cualificación ou a especialización adecuada, e de acordo cos recursos dispoñibles.
- Na PXA correspondente ao curso 22-23 poden consultarse todos este plans.
- Ademais, o dirección do centro promoverá, axudará a solicitar e participará en todos aqueles plans propostos pola Consellería e que sexan de interese para o profesorado ou algún departamento didáctico. No seguinte punto achegamos aqueles nos que participamos no presente curso.

2. Actividades complementarias e extraescolares propostas e/ou coordinadas pola vicedirección.

No presente curso, 2023-24, a nosa proposta de actividades extraescolares e complementares, que está estruturada en torno aos eixos básicos de actuación en consonancia co ideario do centro, é a seguinte:

2.1. Promoción e consolidación da lingua.

- Coordinación co coordinador do Equipo de Dinamización lingüística do centro para impulsar actividades propostas polo equipo. Faranse distintas campañas de normalización, leranse libros en galego no Club de Lectura, e fomentarse a creatividade na nosa lingua. Celebrarase o día das letras dedicado este curso a Luísa Villalta Gómez.
- Uso da linguaxe teatral en galego como ferramenta educativa e de inclusión a través do proxecto Aula teatral do IES de Cacheiras que continúa a súa andaina neste curso.
- Coordinación coas persoas responsables do Club de Lectura para realizar roteiros literarios, lecturas en galego, recitais, contacontos e todo tipo de actividades de promoción da lingua e a cultura.
- Continuación do traballo que se leva facendo nos anteriores anos por fomentar a ciencia en galego, coa implicación dos departamentos de ciencias, o Equipo de Biblioteca e EDLG. Celebración do Mes da ciencia en galego.
- Organización de diversos certames de creación literaria: Tes un conto que mete medo e o concurso de microrrelatos co gallo do Samaín, así como co concurso de poesía Un abreinte de palabras.
- Organización de encontros con escritores/as en coordinación co departamento de Lingua Galega, Equipo da Biblioteca e EDLG.

Celebración das festas tradicionais:

Samaín: Convocatoria de concursos literarios.

Magosto: Degustación de castañas asadas, xogos populares e música.

Entroido: Festival, concurso e posta en escena de disfraces.

2.2. Traballo de conciencia sobre o feminismo e a igualdade de xénero.

- Conmemoración do 25 N coa implicación de toda a comunidade educativa, o Concello de Teo e a ANPA.
- Charlas sobre violencia de xénero para 1º bacharelato en colaboración co Concello de Teo.
- Celebración do Día internacional da Muller e a Nena na ciencia o 11 de febreiro.
- Conmemoración da semana da igualdade, co gallo do 8 de marzo.
- Conmemoración do 17 de maio, Día Internacional contra a Homofobia.
- Continuación do Rincón Malva como lugar de visibilización do compromiso da nosa comunidade educativa coa igualdade e da columna malva da biblioteca coa adquisición de novos fondos co obxectivo de que o alumnado e profesorado adquiera formación en xénero, igualdade e educación afectivo emocional e sexual, con materiais escritos e audiovisuais para usar nas aulas.
- Exposicións variadas sobre a temática.
- Recreos activos. Continuaremos coa proposta de organizar competicións de deportes colectivos onde non haxa exclusión do outro sexo.

O centro impulsará todas as actividades necesarias para educar na igualdade e contra a violencia de xénero.

2.3. Programas educativos relacionados co programa de actividades extraescolares e complementarias

Aos proxectos xa desenvolvidos tradicionalmente no noso centro: PLAMBE, Club de lectura, Club de debate e Aturuxo Films, con longa traxectoria no noso centro, e á Aula de Teatro, que comezou a súa andaina no curso 21-22, súmanse os programas que desde o curso 22-23 están financiados con contratos programa, tanto na modalidade INNOVA como na modalidade INCLÚE.

Por segundo ano consecutivo o noso centro participa no programa de innovación educativa Polos Creativos.

Ademais, no presente curso participamos no Plan Proxecta, co proxecto Consumópolis, e comeza a súa andaina o Club de Ciencia.

2.3.1. PLAMBE. Fomento da lectura. Club de lectura. Biblioteca solidaria. Radio na Biblio

O noso centro pertence desde o curso 14/15 ao PLAMBE e participa activamente nas convocatorias dos Clubs de lectura.

A coordinadora da biblioteca escolar é M^a Teresa Rivera.

As actividades que se realizan dentro deste plan son as seguintes:

- Fomento da lectura través da renovación e promoción da biblioteca, da fonoteca e da videoteca, mellorando a accesibilidade do alumnado á información sobre os fondos.
- Consolidación do traballo xa realizado a través do Club de lectura e dos diferentes departamentos que colaboraron para a consecución do PLAMBE.
- O Equipo de Biblioteca axuda na dinamización, e potenciación da mesma, cunhas funcións específicas de prestar, fichar e colocar libros e tomar decisións sobre a Biblioteca, así como de colaborar no plan lector e de dinamización da lectura no centro. Este proxecto está a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro.
- Elaboración de actividades culturais, de animación á lectura en coordinación co EDLG e Vicedirección e que se detallan no apartado 2 e 3 deste mesmo capítulo III da PXA.
- Participación na convocatoria de Bibliotecas solidarias na modalidade de Voluntariado na biblioteca escolar.
- Participación na convocatoria de Club de lectura. A coordinadora do Club de lectura é María Xesús Rodríguez Fernández.
- Durante o presente curso o noso centro tamén foi seleccionado para desenvolver a Radio na Biblio. O coordinador deste proxecto é Sergio Clavero.

2.3.2. Club de debate

Participan os concellos de Teo, Ames, Negreira e Santiago. O Club de Debate é unha idea impulsada desde os Servizos de Normalización Lingüística dos concellos na que participan outros municipios de fóra desta comarca coma Betanzos, Ferrol, Carballo, As Pontes, Carral, Pontevedra, A Coruña, Oleiros, Vigo e Ourense. De feito, esta iniciativa recolle a proposta das cidades de Pontevedra ou A Coruña, que levaban tempo desenvolvendo proxectos similares. O Concello de Teo incorporouse mediante a sinatura dun protocolo de colaboración. Realízase en colaboración co Departamento de Xeografía e Historia. O profesor Xosé Candal é o coordinador.

2.3.3. Proxecto Aturuxo Films

Aturuxo Films é un proxecto pedagóxico que desenvolve a alfabetización cinematográfica e mediática curricularmente nas aulas e engloba programacións, material didáctico, formación de profesorado e asesoría para implantar estes contidos nos proxectos educativos de centro. Está coordinado polo profesor do Departamento de Educación Plástica e Visual, Sergio Clavero.

A súa proposta didáctica define a experiencia cinematográfica como un proceso que nos permite reeducar a mirada a través da alfabetización na súa linguaxe e aproveitar as súas metodoloxías e procesos de creación para abordar desde a reflexión crítica e a sensibilidade calquera temática partindo da realidade social e cultural. E o cinema, como a súa representación artística, permite ao alumnado construír o seu propio coñecemento a través da reflexión tras o visionado de películas e os procesos de creación das súas propias pezas cinematográficas.

Conta, entre outros, cos seguintes premios:

MENCIÓN PREMIOS DE ALFABETIZACIÓN AUDIOVISUAL 2013. Ministerio de Cultura.

PREMIO CISS PRAXIS LABOR DOCENTE 2013. Cuadernos de Pedagogía - Cinema Jove.

PREMIO DE ALFABETIZACIÓN AUDIOVISUAL 2014. Ministerio de Cultura.

1º PREMIO PROXECTA DE INNOVACIÓN EDUCATIVA 2018. Xunta de Galicia.

PREMIO NACIONAL DE BUENAS PRÁCTICAS EDUCATIVAS EN CENTROS DOCENTES 2019. Ministerio de Educación

PEONZA DE ORO PREMIOS ESPIRAL DE INNOVACIÓN EDUCATIVA 2020

MENCIÓN ESPECIAL PREMIOS GRANDES INICIATIVAS 2020 FUNDACIÓN ATRESMEDIA

1º PREMIO DOCENTE INNOVAGAL 2022 para Sergio Clavero. Consellería de Educación.

PREMIO MENTES AMI 2023. Fundación ATRESMEDIA

2.3.4. Programa Polos Creativos

Este proxecto multidisciplinar e transversal, coordinado polo profesor Sergio Clavero, artículase ao redor de dúas liñas de actuación estratéxicas recollidas na lexislación educativa; en primeiro lugar ao concepto de paisaxe e cambio climático en relación cos Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible ODS da ONU e a economía circular e, en segundo lugar, á alfabetización informacional, mediática e dixital para facilitar os procesos de investigación, comunicación, difusión e desenvolvemento dos diferentes proxectos. Estes proxectos intégranse curricularmente en diferentes materias para un desenvolvemento competencial do alumnado con metodoloxías activas ligadas á Aprendizaxe por Proxectos, a Aprendizaxe Cooperativa e o Aprendizaxe Servizo onde a creatividade convértese nun eixo central dos procesos de ensino-aprendizaxe.

A temática do cambio climático dota de contido, finalidade e transversalidade ao proxecto multidisciplinar xa que a súa complexidade permite traballar desde todas as áreas de coñecemento contidos curriculares das materias cuns obxectivos comúns. A alfabetización informacional, mediática e dixital permite e facilita os procesos de busca de información, documentación e investigación, coa súa posterior análise e reflexión, así como os procesos de creación en diferentes linguaxes aproveitando as posibilidades dos medios dixitais; procesos propios das metodoloxías activas de aprendizaxe.

O obxectivo fundamental é sensibilizar e actuar contra o cambio climático a través dunha investigación que nos sitúe ante a complexidade do problema e nos permita desenvolver actuacións para a redución das emisións de CO₂ e un cambio de hábitos para un desenvolvemento máis sostible. É importante que desde o coñecemento, a sensibilización e a acción individual provoquemos desde o poder comunicativo, reflexivo e pedagóxico da arte unha acción comunitaria que á súa vez provoque a resolución de medidas urxentes por parte dos nosos representantes. Con todo iso preténdese que a cidadanía adquiera o compromiso e a iniciativa na sustentabilidade.

Estrutúrase en diferentes fases con actividades progresivas coordinadas que integran os contidos curriculares de diversas materias e que van perseguir a sensibilización e a acción social para mitigar os efectos do cambio climático conectando ao alumnado coa súa contorna, a comunidade educativa e a veciñanza.

Para iso o alumnado vai traballar no desenvolvemento de proxectos colaborativos e coordinados que van ter finalidades concretas como, por exemplo:

- realización dunha ecoauditoría do centro e a posta en marcha de diversas actividades ou microproxectos que busquen solucións creativas, tecnolóxicas e medioambientais a partir de datos científicos e matemáticos para a redución da nosa pegada de carbono.

- creacións artísticas, visuais e audiovisuais para a reflexión, a sensibilización e a difusión da problemática e posibles solucións e accións para mitigar os efectos do cambio climático.

- desenvolvemento de prototipos, instalacións e solucións tecnolóxicas.

Preténdese activar ao profesorado, alumnado, comunidade educativa e veciñanza non desenvolvemento de procesos de ensinanza-aprendizaxe e proxectos colaborativos cunha finalidade social e comunitaria.

2.3.5. LUSOFONEANDO. Contrato programa EDUinnova. O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente.

O proxecto LUSOFONEANDO, é unha actividade motivadora na aprendizaxe do portugués na que se pretende contactar con diferentes referentes culturais lusófonos, a través de medios dixitais e promovendo un intercambio a través das redes e tamén en encontro real con alumnado de Portugal.

Relacionado co Proxecto Didáctico Lusofoneando, que desde o mes de novembro do 2023 está previsto desenvolver en 1º, 2º e 3º de ESO na materia de Portugués 2ª Lingua Estranxeira, promóvese o Programa Caminhos de Abril, co alumnado de Portugués Segunda Lingua Estranxeira, e con outro alumnado interesado, consistente na participación nun proxecto en forma de xogo por parte do alumnado (de xeito individual e grupal (pequeno grupo, gran grupo e colaboración entre aulas e cursos)), con actividades de aprendizaxe integradas nos referentes socio-culturais, xeográficos, históricos, éticos e literarios relacionados co 50 aniversario do 25 de abril nos territorios lusófonos, co apoio dos materiais analóxicos e das TIC, así como de recursos persoais (auxiliar de conversa e referentes nos territorios lusófonos) e exposición virtual e real dos mesmos, preténdese contactar con diferentes referentes culturais lusófonos, a través de medios dixitais e tamén promovendo un intercambio a través das redes e tamén en encontro real con alumnado de Portugal. Haberá unha continuidade en relación con estes diálogos desde novembro de 2023 a xuño de 2024.

Tamén assistiremos a eventos culturais que sexan ofertados ao longo do ano nas proximidades, aínda que fomentaremos tamén a realización no IES de Cacheiras destas actividades en portugués.

Pretendemos, xa desde a oferta á comunidade educativa, promover a resolución de retos propostos, dun blog e da exposición de diferentes produtos no IES de Cacheiras, así como diferentes interaccións desde o noso proxecto didáctico, tanto ao longo do desenvolvemento do mesmo, como na finalización, coa posta en común do produto final.

Promoverase unha viaxe para inmersión lingüística, cultural e para desenvolvemento do proxecto Lusofoneando de catro días de duración (procurando que como máximo dous deles sexan lectivos). Trátase dunha viaxe a Portugal con destino Lisboa (dous días) e visitas no camiño de ida e volta, con tres noites en Lisboa. A viaxe procurará tamén o encontro con alumnado portugués das mesmas idades que o noso alumnado e con referentes culturais das comunidades lusófonas.

Participación na Semana Cultural do IES de Cacheiras con varias actividades, así como eventos relacionados coa conmemoración dos 50 anos do 25 de abril. As actividades desenvolveranse desde a perspectiva metodolóxica da colaboración, o traballo por proxectos, a aula invertida e a atención á diversidade, mediante a DUA, deseño universal da aprendizaxe, que fomenta a inclusión e o apoio mutuos.

Este programa está coordinado pola profesora do Departamento de Portugués, Yolanda Rodríguez.

2.3.6. TALLER DE ESTATÍSTICA. Contrato programa EDUexcelencia. O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento.

Nos cursos 18/19, 19/20, 20/21 e 22/23 o noso centro resultou gañador do Concurso de Incubadora de Sondaxes e Experimentos convocado pola SGAPEIO, recibindo tamén o primeiro premio nacional da SEIO nos anos 20/21 e 22/23, polo que existe unha ampla experiencia no traballo de investigación estatística coa fin de amosar a súa aplicación social e utilidade na comprensión da vida cotiá. A análise de datos e a estatística constitúen a base de moitos proxectos matemáticos e científicos de grande importancia nos nosos días. Esta parte das matemáticas con frecuencia é tratada nas aulas de forma esquemática e sen desenvolver todo o seu potencial práctico. Co fin de

resolver este problema cremos necesaria a creación do TALLER DE ESTATÍSTICA DO IES DE CACHEIRAS o curso pasado que tivo boa acollida entre o alumnado, obtendo o 1º premio autonómico e nacional no concurso Incubadora de sondaxes e experimentos cun dos proxectos elaborados.

Este proxecto está dirixido ao alumnado que de maneira voluntaria queira participar e desenvolverase fóra do horario lectivo os mércores en horario de 15.00 a 17.00.

Está coordinado polas profesoras Trinidad Pazos, Ana Mª Rodríguez e Olga Simón, do Departamento de Matemáticas.

As actividades que se van desenvolver ao longo do curso son:

- 1.- Organización de grupos de traballo co alumnado participante no taller.
- 2.- Elección e discusión do tema a tratar en cada proxecto, procurando que os temas elixidos sexan de utilidade para a comunidade educativa.
- 3.- Realización de enquisas e elaboración dos experimentos necesarios para a recollida inicial de datos.
- 4.- Seguimento continuo dos experimentos a realizar.
- 5.- Aprendizaxe do manexo dos programas necesarios para a elaboración de táboas, gráficos e cálculo de medidas estatísticas necesarios na creación dun proxecto estatístico.
- 6.- Aprendizaxe do uso do software necesario para facer a análise de datos referido a estes estudos.
- 7.- Realización da análise dos datos.
- 8.- Redacción do informe estatístico.
- 9.- Elaboración da presentación do proxecto para defender ante un xurado.
10. Presentación do proxecto ao concurso Incubadora de sondaxes e experimentos, organizado pola sociedade estatística SGAPEIO.

11. Desprazamentos a nivel comarcal e nacional, en caso de resultar seleccionados neste concurso.

2.3.7. RECREOS ACTIVOS. Contrato programa EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables.

Desde hai anos no noso centro organízanse os RECREOS ACTIVOS, que pretenden fomentar a actividade física non competitiva e igualitaria nos recreos e tempos de lecer, creándose zonas diferenciadas de xogo no patio e organizando a participación de todo o alumnado do centro.

Esta actividade lévase a cabo ao longo de todo o curso, coordinada polo departamento de Educación Física e está destinada a todo o alumnado do centro.

As actividades que se van desenvolver ao longo do curso son:

- 1.- Organización das actividades deportivas que se van a desenvolver nos RECREOS ACTIVOS: torneos arbitrados polo profesorado e alumnado.

Tendo en conta as instalacións do noso centro e a gran cantidade de alumnado, optamos por organizar os espazos e actividades da seguinte maneira:

Na zona cuberta: tenis de mesa e fútbolín.

Na zona exterior e semicuberta: deportes e xogos colectivos e alternativos: baloncesto, fútbol sala, fútbol gaélico, datchball,...

Nos días de choiva na zona semicuberta organizaremos deportes de raqueta comezando polo bádminton.

Os deportes irán cambiando segundo a demanda e o interese mostrado polo alumnado.

- 2.- Elaboración dun horario de quendas e rotacións para os diferentes espazos
- 3.- Creación de equipos docentes que coordinarán as diferentes actividades.
- 4.- Rexistro e seguimento de participantes nas diferentes actividades.

2.3.8. LABORATORIO MEDIOAMBIENTAL. Contrato programa EDUsostibilidade. O centro educativo comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Este proxecto multidisciplinar e transversal artículase ao redor de dúas liñas de actuación estratéxicas recollidas na lexislación educativa; en primeiro lugar ao concepto de paisaxe e cambio climático en relación cos Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible ODS da ONU e a economía circular e, en segundo lugar, á alfabetización informacional, mediática e dixital para facilitar os procesos de investigación, comunicación, difusión e desenvolvemento dos diferentes proxectos. Este proxecto intégrase curricularmente en diferentes materias para un desenvolvemento competencial do alumnado con metodoloxías activas ligadas á Aprendizaxe por Proxectos, a Aprendizaxe Cooperativa e o Aprendizaxe Servizo onde a creatividade convértese un eixo central dos procesos de ensino-aprendizaxe.

A temática do cambio climático dota de contido, finalidade e transversalidade ao proxecto multidisciplinar xa que a súa complexidade permite traballar desde todas as áreas de coñecemento contidos curriculares das materias cuns obxectivos comúns. A alfabetización informacional, mediática e dixital permite e facilita os procesos de busca de información, documentación e investigación, coa súa posterior análise e reflexión, así como os procesos de creación en diferentes linguaxes aproveitando as posibilidades dos medios dixitais; procesos propios das metodoloxías activas de aprendizaxe.

O obxectivo fundamental é sensibilizar e actuar contra o cambio climático a través dunha investigación que nos sitúe ante a complexidade do problema e nos permita desenvolver actuacións para a redución das emisións de CO2 e un cambio de hábitos para un desenvolvemento máis sostible. Con todo iso preténdese que a cidadanía adquiera o compromiso e a iniciativa na sustentabilidade conectando ao alumnado coa súa contorna, a comunidade educativa e

a veciñanza.

Para iso o alumnado vai traballar no desenvolvemento de proxectos colaborativos y coordinados que van ter finalidades concretas como, por exemplo:

- Realización dunha ecoauditoría do centro e a posta en marcha de diversas actividades ou microproxectos que busquen solucións creativas, tecnolóxicas e medioambientais a partir de datos científicos e matemáticos para a redución da nosa pegada de carbono.

- Na materia de Proxecto competencial o alumnado vai continuar co traballo dos residuos xerados no propio centro educativo analizando e reflexionando sobre o lixo que xera o ser humano día a día para tratar de reducir, reutilizar e reciclar estes residuos e sacarlles partido. Abordarase desde un punto de vista científico e artístico.

- HORTA. Ampliación e desenvolvemento da horta escolar creada no curso 2022-23 con produtos ecolóxicos.

Este programa está coordinado pola profesora do Departamento de Educación Plástica e Visual, Ana Delia Rodríguez.

2.3.9. TEATRANDO COA...AULA DE TEATRO DO IES DE CACHEIRAS. Contrato programa Inclúe. INCLÚE-T.

A AULA DE TEATRO DO IES DE CACHEIRAS comezou a súa andaina no curso 21/ 22 cun total de 44 integrantes. Preparou tres espectáculos que percorreron varias localidades galegas (Compostela, Ourense, Touro, Palas,) e de fóra de Galicia (Asturias, País Vasco e Zaragoza). No curso 22/23 consolidouse esta actividade, aumentando o número de participantes. Preparou tres espectáculos que se percorreron localidades galegas e de fóra de Galicia (Alcalá de Henares, Almagro, Granada e Madrid con funcións en Argamasilla de Alba, San Clemente e Tabernas)

Está coordinada polo profesor do Departamento de Lingua Castelá, Afonso García, que imparte este obradoiro co profesor José Blanco Eijo, fóra do horario lectivo, todos os martes de 15.30 a 17.00, de outubro a maio. Está destinada a todo o alumnado do centro que queira participar de forma voluntaria.

Antes da estrea de cada espectáculo haberá unha rolda de prensa teatralizada para presentar as funcións aos medios de comunicación. As datas provisionais fixadas para os espectáculos son as seguintes:

- 1.- Actuación no Salón de actos do IES de Cacheiras o venres, 1 decembro, para conmemorar o DÍA INTERNACIONAL DOS DEREITOS HUMANOS.

- 2.- Espectáculo no Auditorio da Ramallosa o venres, 15 de decembro, para as familias do alumnado e o público xeral.

- 3.- Funcións para o alumnado dos COLEXIOS de Teo, o mércores, 20 de decembro, con motivo das vacacións de nadal.

- 4.- Funcións en dúas Residencias da Terceira idade no mes de xaneiro, en horario extraescolar.

- 5.- Función solidaria no Teatro Principal de Ourense en colaboración coa ONG Meniños, de apoio á infancia, en febreiro ou marzo do 2024.

- 6.- No XV Festival de Teatro Escolar de Touro, o sábado 16 de marzo. Haberá un roteiro teatral poético, musical por unha aldea do Concello.

- 7.- No XVI Festival de Teatro Escolar de Palas de Rei que se celebrará o sábado, 13 de abril, na Casa de Cultura desta localidade. Haberá un roteiro teatral, musical e poético na aldea de San Xiao do Camiño.

- 8.- No III Festival de Teatro Escolar de Cacheiras o 27 de abril, no Auditorio da Ramallosa. Haberá un roteiro teatral, musical e poético pola aldea de Luou.

- 9.- Funcións en Asturias, País Vasco, Caen e Amstelveen entre os días 1 e 11 de maio. Estas actuacións irán enmarcadas nunha viaxe para o alumnado de Secundaria e Bacharelato con marcado carácter didáctico e realizaranse en colaboración con outras Aulas de Teatro.

- 10.- No XXVI Festival Intercentros, na primeira quincena de maio, no Teatro Principal de Compostela.

- 11.- Na Casa de cultura de Muros, o sábado 25 de maio, nunha excursión de despedida do curso teatral.

2.3.10. SEMANA CULTURAL. Contrato programa Inclúe. INCLÚE-T.

No curso 2021-22 organizouse a I SEMANA CULTURAL que se vertebrou ao redor dos SABERES DA ALDEA. Na esencia desta semana lateu a recuperación deseos saberes adormecidos que os nosos devanceiros aplicaron á realidade máis inmediata e que lles permitían unha existencia en comunión coa natureza, as respostas que foron capaces de artellar con arte e valentía en contextos que foron mudando e hoxe co cambio social e o avance doutras técnicas produtivas van esmorecendo, ou simplemente pola perda dese contexto que os propiciou ou porque non se consideran útiles xa. OS SABERES DA ALDEA non foi nin representou unha ollada de nostalxia, morriña ou saudade, senón unha volta ao pasado para entendermos o presente e enxergar con consciencia construtiva o futuro.

No curso 22/23 a II Semana Cultural titulouse PAISAXE E CAMBIO CLIMÁTICO e pretendeu facer partícipe á nosa comunidade educativa das accións polo clima que se están levando a cabo no centro educativo e na súa contorna así como as modificacións na paisaxe que o cambio climático produce no seu entorno.

No presente curso a Semana Cultural titularase EMOCIÓNATE e estará centrada no fomento da educación emocional con actuacións musicais, teatrais, conferencias, obradoiros,... Pretende a implicación do alumnado na organización da semana cultural mostrando o traballo realizado ao longo do curso nas aulas ou nos diferentes talleres e obradoiros que se desenvolven no centro. Organizaranse charlas e talleres que favorezan o aumento da empatía, a resiliencia, a mellora das habilidades comunicativas e a superación

Desenvolverase na semana do 18 ao 22 de marzo e estará coordinada por Trinidad Pazos.

2.3.11. Club de ciencia

As propostas de traballo vanse formular arredor das seguintes actividades:

- Realización de prácticas de laboratorio que non son factibles de realizar no horario habitual (fundamentalmente falta de tempo)
- Realización de proxectos científicos no laboratorio promovendo a súa participación en feiras científicas como Galiciencia ou outras.
- Charlas de investigadoras sobre a súa carreira científica.
- Visitas a centros de investigación.
- Realización dunha feira científica onde o alumnado do club de ciencia realizará e explicará prácticas desenvolvidas ao longo de todo o curso a outros membros da comunidade escolar: compañeiros, persoal non docente, profesorado e, no seu caso, a pais.

Estas actividades, prácticas de laboratorio e pequenos proxectos de investigación, vanse implementar de xeito que:

- a) Teñan todas carácter interdisciplinar, relacionadas coa contorna do centro de xeito que sensibilicen sobre o labor da muller no ámbito científico.
- b) Traballen a busca na Internet dos principios e leis básicos da ciencia con espírito crítico na análise das distintas fontes (T de STEAM)
- c) Entendan e atopen a explicación científica (física, química, biolóxica, matemática,...) subxacente aos distintos procesos das prácticas ou proxectos (S de STEAM)
- d) Melloren as súas competencias de traballo nun laboratorio/taller.
- e) Amosen ao resto do alumnado as experiencias que lles resultasen máis interesantes nunha Semana da Ciencia dentro da Semana Cultural. Destacar que se considera moi importante que sexa o propio alumnado quen faga a exposición ao resto de compañeiros/as e/ou pais e outros membros da comunidade educativa.
- f) Recollan e rexistren as distintas experiencias realizadas.
- g) Incidan no papel da muller na Ciencia e Tecnoloxía que aínda que foi ocultado, sempre estivo presente.

O Club de Ciencias ofertarase a todo o alumnado da ESO e 1º de bacharelato.

Este programa está coordinado polo profesor do Departamento de matemáticas, Ferran Cambroneró López.

2.3.12. Plan Proxecta. Consumópolis

Os membros do departamento de Economía levarán a cabo este proxecto xunto con outros docentes que imparten clase en ESO e Bacharelato conformando un equipo multidisciplinar.

Todos estes profesores tratan a temática do consumo responsable nas súas clases adaptándoa ás características de cada materia e do alumnado.

En Economía e Emprendemento: Tratamos o tema do consumo responsable de xeito transversal, en que consiste, cales son as súas ramas de coñecemento, e como afecta ao desenvolvemento do noso planeta.

En Proxecto Competencial trabállase, a través da realización de diversos estudos que permiten analizar en distintos momentos da vida do alumnado o seu comportamento a nivel consumista co fin de poder reduci-lo (dentro do centro, no seu día a día, na casa, cos amigos...) concienciándoos da importancia que todo isto tería para o futuro do noso planeta e para que, en moitos casos, sexan quen de aplicar a regra das tres R: reducir, reciclar e reutilizar.

En Xeografía e Historia o alumnado familiarízase coa evolución que ten sufrido ao longo dos anos o consumo por parte das familias e invéstigase as posibles variación sufridas nel co devir dos séculos.

En Matemáticas invéstigase acerca do impacto diario dese consumo de auga, electricidade, etc no noso instituto a través da elaboración de estudos estatísticos, realizados dentro do proxecto Polos Creativos.

Empregaremos o material proporcionado por CONSUMÓPOLIS, impartiremos algunha charla e incluso poderanse visualizar curtametraxes ou películas con este contido.

Participaremos no concurso CONSUMÓPOLIS, crearase e presentarse un proxecto final que recolla materiais elaborados polo alumnado sobre esta temática.

O plan proxecta está coordinado pola profesora do Departamento de economía: Isabel Cristina López Otero.

3. EDixgal:

Durante o curso 2018-19 comezamos a experiencia eDixgal no noso centro, implantando o proxecto no primeiro curso da ESO e acadando resultados satisfactorios. Continuamos con esta liña de traballo, no curso 2019-20, implementando eDixgal no 2º curso da ESO e, que se estendeu no curso 2020-21 a 3º e 4º ESO, abarcando deste xeito toda a ensinaza obrigatoria na actualidade.

4. Biblioteca escolar: o Proxecto Lector ten que ser a referencia para a elaboración do Plan Anual de Lectura (PAL), un documento que concreta obxectivos e liñas estratéxicas de acción para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro (PLC) nun curso escolar concreto, e que estará incluído na Programación Xeral Anual do Centro.

Destacamos os obxectivos xerais que se propoñen dende a nosa biblioteca:

OBXECTIVOS PARA O CURSO 2023-24.

1. Colaborar coas actividades do Club de Lectura "Raíña Lupa".
2. Desenvolver actividades en colaboración cos distintos departamentos didácticos a partir do lema proposto pola Consellería de Educación: "Centro creativo das aprendizaxes".
3. Renovar o Equipo de Biblioteca, tendo en conta a incorporación de novo persoal, que agardamos axude a:

- a) Ampliar a influencia da biblioteca con espazos noutras zonas do centro, despois de ter engadido nos cursos pasados zonas diferenciadas na biblioteca.
- b) Potenciar a zona de xogos, coa celebración de actividades que a dean a coñecer entre o alumnado, aproveitando as posibilidades do xogo como canalizador das aprendizaxes.
- c) Continuar coa catalogación dos fondos da biblioteca e do centro segundo o sistema de catalogación internacional.
- d) Seguir co labor de expurgar os libros obsoletos.
4. Continuar co programa de Bibliotecas Escolares Solidarias, coa iniciativa Voluntariado Na Biblioteca Escolar . Este será o noveno ano consecutivo que participemos nesta iniciativa.
5. Organizar xornadas de alfabetización no uso e aproveitamento da biblioteca, orientadas fundamentalmente a 1º ESO, que permitan ampliar o número de alumnado que colabora no voluntariado da biblioteca.
6. Continuar co proxecto de dinamización presentado en xuño 2015, tendo como prioridades:
 - a. Dinamizar desde a biblioteca escolar o mundo da lectura, con actividades de fomento da lectura, tal como se vén facendo no curso anterior, con, por exemplo, exposicións que xiran arredor do mundo da lectura e da literatura, recomendacións dos fondos da biblioteca mensualmente, proxeccións de películas.
 - b. Dinamizar desde a biblioteca escolar o mundo da información e da aprendizaxe con carácter dinámico e en constante actualización.
7. Continuar coa mellora do espazo da biblioteca (acondicionamento, estética, información aos usuarios...).
8. Seguir ampliando os fondos bibliográficos, audiovisuais e informáticos da biblioteca. Neste curso temos o obxectivo de intentar conseguir a proporción que recomentan as directrices internacionais de 60% de materiais de carácter informativo e 40% de materiais de ficción.
9. Seguir mellorando as TIC na biblioteca. Préstamos para fóra da biblioteca dos recursos TIC, ao profesorado que así o solicite, para optimizar recursos e non interferir coas actividades habituais desta.
10. Abrir a biblioteca a toda a comunidade educativa, se a dispoñibilidade do centro o permite, continuando o proxecto comezado en cursos pasados.
11. Implicar os diferentes departamentos no uso da biblioteca para a utilización desta como fonte de información, aprendizaxe e realización de traballos do alumnado.
12. Realizar programas e actividades de fomento da lectura que integren o audiovisual e o libro impreso.
13. Promover cambios no profesorado que faciliten a integración das tecnoloxías emerxentes, a mellora da calidade e a renovación das prácticas educativas. Para isto, reforzase a formación do profesorado para un maior uso dos amplos recursos que as bibliotecas escolares poñen á súa disposición.
14. Mellorar a comunicación con toda a comunidade educativa, buscando un lugar máis destacado na páxina web do IES, sen esquecer outras canles de comunicación: redes sociais (Instagram).
15. Colaborar cos proxectos e programas do centro, Aturuxo films, EDLG, Club de Lectura, Club de Debate, Polos Creativos, Aula de teatro, Radio na biblio e todos aqueles que se incorporen neste curso.
16. Continuar e afianzar a colaboración coa ANPA, o Concello de Teo e a Biblioteca do Concello, así como con outras entidades, bibliotecas e clubs de lectura.
17. Contribuír á normalización da lingua e da literatura galega e fomentar o plurilingüismo existente no noso centro, potenciando tamén a lectura noutros idiomas.
18. Axudar a transversalizar a perspectiva de xénero, desde a nosa responsabilidade para exercer unha acción contra a discriminación sexual.
19. Atender a diversidade e dar resposta ás necesidades do alumnado menos favorecido a nivel social, económico e cultural.
20. Fomentar o traballo en equipo, a educación inclusiva, a cooperación e os valores dunha educación para a cidadanía.

5. Viaxes.

- Excursión á neve, no mes de febreiro, viaxe de 4 días á cordilleira de León (ben na estación de esquí de Leitariegos ou na estación de esquí de San Isidro). 3º ESO.
- Viaxe de fin de etapa para o alumnado de 4º ESO. No 3º trimestre.
- Viaxe a Portugal de catro días de duración (procurando que como máximo dous deles sexan lectivos). Trátase dunha viaxe con destino Lisboa (dous días) e visitas no camiño de ida e volta, con tres noites en Lisboa. No 3º trimestre.
- Xira do alumnado da Aula de Teatro. Asturias, País Vasco, Caen e Amstelveen entre os días 1 e 11 de maio.. Estas actuacións irán enmarcadas nunha viaxe para o alumnado de Secundaria e Bacharelato con marcado carácter didáctico e realizaranse en colaboración coa Aula de Teatro do CPI de Touro, A Aula de Teatro do IES Antón Fraguas, de Compostela e o Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei. As datas e destinos poden variar en función da dispoñibilidade dos lugares de actuación. Darase tanto ás familias como ao alumnado as datas e programa definitivos

con suficiente antelación.

4. Programas internacionais de intercambio e inmersión lingüística.

- Programa de intercambio colectivo con Francia no mes de marzo de 2024. Para o alumnado de francés de 1º BAC. De non ser posible, valorarase a posibilidade dunha viaxe a Francia con este alumnado.
- Saída de inmersión lingüística unha semana ao sur de Reino Unido ou Irlanda. Para 1º Bacharelato. Mes de xuño.

5. Proposta de actividades complementarias e extraescolares dos Departamentos Didácticos

Como calquera programación de actividades complementarias e extraescolares, a relación seguinte está aberta a cambios e ampliacións no caso de xurdir algunha outra de interese para o alumnado.

5.1. Bioloxía e Xeoloxía

- Visita ao Museo de Historia Natural Luís Iglesias en Santiago de Compostela para os alumnos de 1º ESO.
- Visita a Feira de minerais que se realiza en Santiago de Compostela (Área Central) 1º ESO.
- Visita a centro de excelencia investigadora como o CIMUS, CIQUS ou IDIS no Campus da USC (4º ESO/ 1º Bach).
- Programa A Ponte (charlas/talleres educativos ofertados pola Consellería de Educación) (4º ESO/1º Bach).
- Participación en diversas sesións de monólogos científicos, charlas de escritores de divulgación científica que se ofertarán no centro.
- Xeorrutas. Visitas ao Patrimonio Xeolóxico tan importante co que conta a nosa comunidade, e tan necesaria a súa posta en valor. (1ºBach).
- Viaxe didáctica para alumnos de 3º ou 4º por algún punto de interese natural galego.
- Observacións astronómicas (posible colaboración co Concello).
- Saídas Cogumelos (posible colaboración co Concello).
- Saída con pernocta para visitar Atapuerca e o MEH (1º Bach/2º Bach).
- Saídas na contorna do centro para realizar diversas observación (flora, fauna, xeoloxía).
- Colaboración coa biblioteca en calquera das actividades relacionadas coas Ciencias.
- Asistencia a charlas de interese científico ofertada por diversas entidades/organismos.
- Participación, fóra do horario escolar, no Club de Ciencias.

Valoraranse as actividades que en calquera momento sexan ofertadas pola ANPA, Concello , Consellerías, etc e que o Departamento considere pertinente.

O elevado número de alumnos por nivel do centro supón unha serie limitación á hora de realizar a maioría das visitas propostas, xa que moitas delas teñen un número restrinxido de participantes. O departamento NON considera facer sorteos, nin realizar ningunha selección de alumnado por nivel para escoller un número inferior de participantes.

5.2. Educación Plástica e Visual

- Visitas a museos e a exposicións puntuais que sexan do interese do grupo, especialmente aquelas dirixidas ao alumnado de secundaria con visitas guiadas e talleres didácticos.
- Exposicións periódicas dos traballos dos alumnos e exposición de fin de curso cunha selección das obras máis interesantes. Cando sexa posible esta exposición terá carácter didáctico con apoio de paneis explicativos sobre os contidos traballados e os procedementos e técnicas utilizadas.
- Participación con outros departamentos, coa biblioteca ou co concello de Teo en diferentes actividades.
- Participación en concursos e festivais de cinema. Acudirase a aqueles festivais nos que estando seleccionados como finalistas, sexamos invitados a acudir co alumnado.
- Organización de ciclos de cinema de autor e temáticos como o cambio climático relacionado co traballo en Polos Creativos.
- Conferencias, obradoiros relacionados cos contidos das materias do departamento.

5.3. Economía

- Saídas a empresas (Clesa, Pull and Bear, Índitex). 4º ESO e bacharelato. No 2º ou 3º trimestres.
- Charlas de educación cívico- tributaria. 3º e 4º ESO. 2º trimestre.

5.4. Educación Física

SAÍDAS:

- 1º ESO en colaboración coa biblioteca: coñecemos a biblioteca pública de Cacheiras andaina dende o centro ata a biblioteca. 2ºtrimestre.
- 2º ESO saída a Santiago para facer escalada en colaboración con outros departamentos.
- 4º ESO participación na excursión de fin de etapa..
- BACHARELATO Saída a Santiago para facer pádel en colaboración con outros departamentos.
- RECREOS ACTIVOS: campionatos de ping-pong de deportes colectivos: baloncesto, fútbol-sala, de voleibol.....
- Visita de clubs deportivos da zona para darse a coñecer entre o alumnado.

COLABORACIÓN EN FESTAS E FESTIVAIS DENTRO DO CENTRO: Magosto, entroido, fin de curso....

5.5. Física e Química

- Charlas científicas ao longo do curso.
- Visita a Galiciencia. 4º ESO. Maio

5.6. Latín

- Asistencia ao festival de Teatro 2024 Grecolatino de Lugo
- Participación no concurso "Odisea 2024"
- Visita a algún museo, monumento ou excavación arqueolóxica da comunidade.
- Asistencia a algunha proxección cinematográfica relacionada coa materia en Santiago de Compostela.

5.7. Lingua Castelá e Literatura

- Saídas dun día ou unha tarde á proxección dun filme ou asistencia a unha representación teatral.
- Saídas culturais de un día para realizar actividades variadas como visitas a museos, casas museo, espectáculos musicais ou teatrais.

5.8. Lingua Galega e Literatura

- Visita de Xoán Curiel co seu proxecto Cantigas e murais para o coñecemento do Reino Medieval de Galicia (3º de ESO, 1º trimestre).
- Participación no MICE Petís do Museo do Pobo Galego (un 2º de ESO por concretar).
- Encontro con escritores e/ou escritoras, particularmente autores/as dos libros de lectura obrigatorios.
- Obradoiros literarios.
- Visitas artístico-literarias (exposicións, museos, roteiros literarios...).
- Asistencia a proxeccións cinematográficas e representacións teatrais.
- Participación no Día da Poesía e do Libro en coordinación coa biblioteca.
- Elaboración de murais ou outras actividades para conmemorar a celebración do Día das Letras Galegas.
- Dinamización dos Clubs de lectura (como mínimo para 2º de ESO).

5.9. Lingua Estranxeira Francés

- PROGRAMA DE INTERCAMBIO COLECTIVO CON CAEN. 8/9 días, Datas por confirmar. Para 1º BAC.
- DELF: Preparación do exame DELF B1 e DELF B2 convocado pola Consellería de Educación en colaboración coa Alliance Française Para 1º e 2º BAC.
- Actividade con La Marinière, realización e degustación de crêpes no instituto, actividade sobre Bretaña, cultura e gastronomía, guiada por Jérémy Thomas, auxiliar de conversación de francés en Vigo. Para 2º ESO.
- Conferencia de Isabelle Kerdudo, profesora de francés da escola oficial de linguas, e xornada de baile bretón. Para 3º ESO.
- Cinema Numax, película en versión orixinal en francés para 1º ESO, no cinema Numax en Santiago de Compostela. Data por determinar.
- Cinema Numax, película en versión orixinal en francés para 2º ESO, no cinema Numax en Santiago de Compostela. Data por determinar.
- Cinema Numax, película en versión orixinal en francés para 3º ESO, no cinema Numax en Santiago de Compostela. Data por determinar.
- Cinema Numax, película en versión orixinal en francés para 4º ESO, 1ºBAC e 2º BAC, no cinema Numax en Santiago de Compostela. Data por determinar.
- L'Afrique conté. Contacontos africano a cargo de Samuel Mountounjou.. Data por determinar. Esta actividade realízase en colaboración con outros centros da contorna. Para 1º 2º BAC, 3º ESO e 4º ESO.

5.10. Lingua Estranxeira Inglés

- Teatro en inglés. ESO. 2º-3º trimestre.
- Contacontos en inglés a cargo de Charo Pita. 2º-3º trimestre.
- Club de lectura en inglés para 4º ESO e 1º bacharelato.
- Saída de inmersión lingüística unha semana ao sur de Reino Unido ou Irlanda. Para 1º Bacharelato. 3º trimestre

5.11. Matemáticas

- Participación en "Matemáticas na raia".
- Participación no programa "Pulsar".
- Desenvolver ao longo do curso actividades que teñan como referencia os xogos de lóxica e estratexia.
- Realización de actividades que relacionen as Matemáticas con outros campos científicos.

- Participar en actividades de astronomía.
- Celebración do Día escolar das Matemáticas (12 de Maio).
- Participación e colaboración coas actividades a desenvolver na semana da ciencia.
- Charlas e exposicións a cargo de persoas vinculadas as matemáticas.
- Participación en actividades relacionadas coa estatística.
- Calquera outra actividade que xurda ao longo do curso escolar e que este departamento considere oportuno realizar.

- Colaborar coa biblioteca en actividades relacionadas coas ciencias.
- Traballo coas cúpulas de Leonardo.
- Taller de Estatística.
- 1º ESO

- Rally matemático
- Visita ao IGE

- 2º ESO - 4º ESO
- Visita ao MUNCYT
- Participación en Olimpíadas matemáticas
- Participación no Canguro matemático
- Paseo xeométrico

5.12. Música

- O Departamento de Música ten prevista a asistencia a calquera concerto ou ensaio ao que consideremos interesante asistir fóra do centro, incluído o desprazamento a outro concello, se fose necesario.
- Tamén contempla a posibilidade de que acuda ao centro algunha banda de música ou agrupación musical.
- Asistiremos tamén a calquera exposición ou actividade musical que consideremos de proveito para o alumnado.
- Contémplase tamén a posibilidade de organizar un concerto no centro, ou fóra del, se fose necesario, a cargo do alumnado a fin de curso ou noutro momento que se considere oportuno.

5.13. Orientación e PT

- Obradoiro de Técnicas de estudo para 1ºESO impartido polo Departamento de orientación.
- Obradoiro de Sexualidade impartido por Quérote +. Alumnado de 3º ESO.
- Obradoiro de Prevención de Condutas Adictivas. Programa de prevención de drogo dependencias “Saber..... drogas”, impartido polo Servizo de Prevención de Condutas Adictivas dos concellos de Boqueixón, Teo, Touro e Vedra. 2º ESO e 4º
- Charlas sobre ciberseguridade para 1º ESO, sobre acoso e ciberacoso para 2º ESO, sobre drogas e alcol para 3º ESO, sobre outras adiccións (apostas, videoxogos,...) para 4º ESO e sobre delitos de odio e discriminación impartidas pola garda civil dentro do Plan director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e na súa contorna.
- Programa “A Ponte entre o ensino medio e a USC”- 2º Bach. Marzo/Abril. Charla 50 min. Universidade de Santiago de Compostela (USC).
- Obradoiro Ninguén sen menos dereitos, impartido pola ONG Movemento pola Paz para 2º ESO.
- Obradoiro Cidadanía global, impartido pola ONG Movemento pola Paz para 3º ESO.
- Obradoiro Menores nin unha gota, impartido pola Fundación Alcohol y Sociedad para 4º ESO.
- Club de lectura Fácil destinado ao alumnado con necesidade de apoio educativo de 2º ESO.

5.14. Portugués

- Proxecto Lusofoneando, para o alumnado de portugués de todos os niveis.
- Club de lectura en portugués.

5.15. Xeografía e Historia

As actividades complementarias e extraescolares levaranse a cabo se as circunstancias (tempo, financiación, dispoñibilidade do profesorado, etc) o permiten.

- Visita aos petróglifos cos alumnos de 1º de ESO.
- En colaboración co Departamento de Educación Física visita ao mosteiro de Carboeiro e ruta ata a fervenza do Toxa, con alumnos de 2º de ESO.
- En colaboración co Concello de Teo, participación na conmemoración da Batalla de Cacheiras (nivel por determinar).
- Visita ao Parlamento de Galicia.
- Visita ao Concello de Teo para coñecer o funcionamento da administración local.

- Visita cos alumnos de Historia da Arte de 2º de Bacharelato ao Pórtico da Gloria.
- En 3º de ESO levaranse a cabo actividades propostas pola USC, en concreto pola Facultade de Educación.
- Poderanse incorporar novas actividades complementarias e extraescolares ó longo do curso, que deben ser aprobadas, segundo se vaia vendo o desenvolvemento do mesmo.

6. Proposta de actividades complementarias e extraescolares da ANPA.

Temos a fortuna de contar cunha ANPA moi implicada na actividade do centro polo que a súa colaboración é constante. Indícanse a continuación as primeiras propostas para este curso que se irán ampliando a medida que avance este.

- Teatro O pequeno poni. Para o alumnado de 4º ESO. Organizado polo Concello e financiado pola ANPA. No mes de novembro.
- Charlas de regulación emocional para o alumnado de 2º bacharelato, profesorado e familias. No 1ª trimestre.
- Taller de narración oral, con Paula Carballeira para 1º ESO no 2º ou 3º trimestres.
- Contes d´Afrique, con Samuel Mountounjou. Alumnado de francés de 4º de ESO e 1º e 2º de Bacharelato. No 2º trimestre.
- Saídas a Númax na escola.
- Compra de material deportivo para os Recreos Activos.
- Colaboración en relatorios, exposicións e outras actividades.
- Colaboración na organización e no financiamento da Graduación do alumnado de 2º bacharelato.

7. Proposta de actividades complementarias e extraescolares do Concello.

A colaboración coas diferentes concellerías do Concello de Teo é continuada. As primeiras propostas para este curso son:

- Club de debate.
- Obradoiro de regueifas para o alumnado de 1º ESO. Novembro.
- Proxecto Cidades Amigas da Infancia.
- Colaboración co Consello Climático Xuvenil.
- Ruta dos petróglifos de TEO. 1º de ESO. 3º Trimestre.
- Talleres e obradoiros de Igualdade, Educación afectivo sexual e Drogodependencia detallados no apartado das ACES do departamento de orientación.
- Ruta da Batalla de Cacheiras: IES de Cacheiras e IES de Carral.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Esta concreción curricular así como as distintas programacións didácticas serán avaliada ao remate de cada curso escolar.

De ser necesaria algunha modificación deberá volver a ser aprobada polo claustro de profesoras e profesores do IES de Cacheiras.

Será publicitada na web do centro e comunicada (esta publicación) ás familias por medio da comunicación interna ABALAR móvil.

o) Outros apartados

1. Non consideramos necesario engadir novos apartados nesta concreción curricular

Non consideramos necesario engadir novos apartados nesta concreción curricular



Concreción

PLAN XERAL ATENCIÓN Á

DIVERSIDADE

Curso 2023-2024

IES CACHEIRAS

1. INTRODUCCIÓN

A atención a diversidade é un dos grandes retos para o sistema educativo, e en concreto para os centros escolares, require do axuste da intervención educativa ás necesidades reais do alumnado para asegurar unha acción educativa de calidade, o que esixe aos centros y ao profesorado, unha importante tarefa de reflexión e de traballo, xa que a atención á diversidade é tarefa de todos. Entendemos por diversidade as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares, diferenzas en canto a: *aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración, estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, entornos sociais e culturais...* Estes aspectos conforman tipoloxías e perfís no alumnado que deben determinar, en gran medida, a planificación e acción educativa.

Dentro desta diversidade xeral, pode que algún alumnado precise dunha atención diferente a ordinaria:

- Por presentar n.e.e (alumnado que requira por un período da súa escolarización ou ao longo dela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.
- Por presentar dificultades de aprendizaxe
- Polas súas altas capacidades intelectuais
- Por terse incorporado tardiamente ao sistema educativo
- Por condicións persoais e de historia escolar

Para todos eles, unha vez identificadas as necesidades específicas, será preciso ir adaptando as respostas educativas dende as programacións xerais e as programacións da aula, ata aquelas outras propostas que modifiquen mais ou menos significativamente a proposta curricular, podendo chegar a requirir propostas organizativas diferenciadas e recursos persoais de apoio mais ou menos especializados, sempre dende os principios de normalización e inclusión, é por iso, que priorizaremos as medidas ordinarias e soamente despois consideraranse as medidas extraordinarias, cando se valore e xustifique a súa necesidade.

2. IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES EN ALUMNADO, FAMILIAS E PROFESORADO

A identificación temperará das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade.

Todo isto farase a través dos seguintes mecanismos:

- Na avaliación inicial realizada a comezos de curso e dirixida a toda etapa da ESO.
- Nas xuntanzas da avaliación de cada trimestre.
- Ao finalizar cada curso avaliarase o proceso educativo de cada alumno e de cada alumna.
- En momentos puntuais ao longo do curso, segundo as necesidades detectadas.

En canto á valoración das necesidades, con respecto ao alumnado:

- Hai dificultades no desenvolvemento e afianzamento das técnicas instrumentais básicas: dificultades para extraer as ideas principais dun texto, para expresarse tanto por escrito como a nivel oral, dificultades no razoamento e lóxica así como no cálculo mental.



- Non hai adquiridos hábitos de traballo.
- Deficiente organización do traballo persoal (calendario, horario diario de estudo, axenda).
- Emprego dun método de estudo memorístico. Non teñen adquirido as técnicas de traballo (lectura comprensiva, subliñado, resumo, esquemas...).

En canto aos pais, nais, titores legais do alumnado:

- Necesidade de supervisión dos hábitos de estudo e a organización.
- Colaboración co centro para apoiar o traballo desenvolvido polos docentes (inculcar aos fillos/as esforzo, traballo e constancia).
- Maior comunicación co centro educativo (facilitando a comunicación familias-centro).
- Implicación das familias para participar nas actividades organizadas en colaboración co Concello de Teo ou na xestión da ANPA do centro (na medida en que a situación sanitaria o permita).
- Necesidade de dar a coñecer as diferentes opcións e alternativas que ofrece o sistema educativo actual, xa que resulta moi diferente ao que eles/as coñecen.

Con respecto as necesidades detectadas en relación ao profesorado:

- Problemática á hora de atender individualmente a un alumno ou alumna con necesidades específicas de apoio, xa que dentro dun mesmo grupo hai alumnos e alumnas con necesidades diferentes. Esta situación impide establecer actuacións variadas que favorezan a atención á diversidade do alumnado.
- En relación ao alumnado no centro e sobre todo nos primeiros cursos da ESO, observamos un incremento das dificultades xeneralizadas de aprendizaxe nas áreas instrumentais, fundamentalmente con referencia ao uso das linguas en xeral a nivel expresivo (oral e escrito) e receptivo, precisando adoptar medidas organizativas e curriculares axeitadas segundo as circunstancias.

3. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PARA O CURSO 2023-2024

3.1. MEDIDAS ORDINARIAS

Son todas aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro. A finalidade destas medidas é dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxes para facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas na ESO.

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado

Os agrupamentos, a confección de grupos e horarios estableceranse de acordo cos principios de: normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia. No claustro a comezo do curso serán explicados os criterios para a elaboración de horarios do alumnado así como a comunicación do número de grupos de cada materia.

No que respecta aos espazos, priorizaranse as seguintes actuacións:



1. Crear ambientes acolledores, estimulantes, cómodos e personalizados.
2. Organización flexible da aula.
3. Facilitar o acceso do alumnado aos departamentos didácticos, ao departamento de orientación, á biblioteca do centro, ao ximnasio, etc.

b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado

No mes de setembro desde as xefaturas dos departamentos didácticos concretarán nas correspondentes programacións didácticas os elementos establecidos segundo a normativa vixente. Así mesmo, cada profesor/a, desde a súa materia, adaptará a programación didáctica do seu departamento a cada grupo de alumnos/as en particular, unha vez realizada a avaliación inicial dos diferentes grupos, no tocante a:

Obxectivos e contidos:

- Adecuar os obxectivos ás peculiaridades da aula e do alumnado do grupo-clase.
- Precisar cales son os obxectivos e contidos mínimos de cada unidade didáctica.
- Seleccionar e priorizar aqueles contidos que sexan funcionais para o alumnado e que lle permitan aprender por si mesmo.
- Establecer secuencia de contidos que aseguren aprendizaxes básicos para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.

Metodoloxía:

Como punto de partida é necesario crear un clima positivo de respecto, confianza e esixencia tanto entre o profesorado e o alumnado como entre o alumnado. Para conseguir este propósito, o profesorado poderá establecer diferentes tipos de agrupamentos dentro da aula para atender á diversidade:

- Traballo en pequeno grupo -na medida do posible- para favorecer a relación entre o alumnado, a cooperación e a colaboración. A través desta proposta de traballo buscarase aproveitar as habilidades de cada un para o traballo en común.
- Titorización nalgunhas actividades por un compañeiro/a da aula (aprendizaxe entre iguais).
- Aprendizaxe por proxectos.
- Traballo individualizado profesorado/alumnado en momentos moi determinados e breves que favorecerán a seguridade do alumnado.

Actividades:

- Diversidade de actividades para cada contido.
- Actividades secuenciadas segundo a súa dificultade (cada alumno/a vai realizando e, unha vez superadas, pasan ás de nivel seguinte).
- Existencia de actividades de libre elección.
- De reforzo (para todo o grupo como repaso ou para alumnado con dificultades de aprendizaxe).
- De ampliación (para alumnado avantaxado).

Avaliación:

- Realizar unha avaliación inicial ao comezo do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Seleccionar técnicas e instrumentos de avaliación múltiples e variados, podendo adaptar os instrumentos empregados ás características do alumnado (tipo test, pregunta corta, oral, etc.).
- Diversidade nos criterios de cualificación: nota das probas, dos exames de trimestre, traballos de aula, actitude, comportamento, asistencia...

- Contextualizar os criterios de avaliación seguindo os mesmos criterios de adecuación empregados ao contextualizar os obxectivos.

c) A acción tutorial e a orientación

Organízase e desenvólvese a través do Plan e Programación de Acción Tutorial. Dentro das aulas virtuais habilitouse un cartafol de Tutoría, o que facilita a organización e difusión de recursos.

d) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia

Non se estimou necesaria/prioritaria esta medida para o curso 2023-2024.

e) Desdobramentos de grupos

Non se estimou prioritaria esta medida para o curso 2023-2024, xa que os recursos son limitados (a nivel de espazos, profesorado, etc.).

f) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

O reforzo educativo do profesorado con dispoñibilidade horaria concéntrase fundamentalmente nas horas de exención de 2ª lingua estranxeira tanto en 1º como en 2º ESO. Trátase preferentemente de profesorado dos departamentos de Lingua Castelá e Lingua Galega. Tamén se conta coas profesoras de PT.

g) Programa de enriquecemento curricular

Non se estimou necesaria/prioritaria esta medida para o curso 2023-2024.

h) Programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas

Non se estimou necesaria/prioritaria esta medida para o curso 2023-2024.

i) Programas específicos personalizados

Non se estimou necesaria/prioritaria esta medida para o curso 2023-2024.

j) Programa de habilidades sociais

Organízase e desenvólvese a través do Plan e Programación de Acción Tutorial.

3.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Son aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou cambios no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. É necesario a autorización: dirección do centro, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do departamento de orientación.

a) Adaptación curricular individual (ACI)

Durante este curso 2023-2024 están matriculados no noso centro dous alumnos en 2º ESO con ACI (os dous con

ACI xa en Primaria e o curso pasado) e 1 en 3º ESO (promocionan desde 2º do noso centro onde xa tiñan Adaptación Curricular).

b) Agrupamentos flexibles

Non se estimou necesaria/prioritaria esta medida para o curso 2023-2024.

c) Apoio do profesorado de PT ou AL (no noso caso non dispoñemos de profesorado de AL)

Durante este curso 2023-2024 contamos con dúas profesoras de PT, unha con destino definitivo no centro e outra con destino provisional que só ven ao centro luns e xoves, completando o seu horario no CEIP de Os Tilos. O alumnado, así como o número de horas de atención, pode variar ao longo do curso.

d) Flexibilización da duración do período de escolarización.

Non se estimou necesaria/prioritaria esta medida para o curso 2023-2024.

e) Programas de Diversificación Curricular (PDC)

Contamos con un grupo de PDC en 3º ESO e con un en 4º ESO.

f) Ciclos de Formación Profesional Básica (CFPB):

O noso centro non está autorizado para impartir este tipo de ensinanzas. Si se derivou a elas a alumnado de 2º e 3º ESO, e durante este curso se orientará a elas a aquel alumnado para o que o centro considere a mellor opción para continuar estudos.

g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

De momento non foi necesaria a implementación desta medida, xa que na actualidade non hai ningún alumno/a nas circunstancias para as que está pensada esta medida.

h) Grupos de adquisición das linguas

Temos matriculado no centro 2 alumnos procedentes de Ucraia e 1 procedente de Marrocos para o que se dispuxo un horario semanal para a adquisición da lingua castelán e galega (por dispoñibilidade horario de profesorado de distintos departamentos) por mor do seu descoñecemento total das linguas oficias.

i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

Non se estimou necesaria/prioritaria esta medida para o curso 2023-2024.

j) Exención da 2ª lingua estranxeira

Durante este curso 2023-2024 optouse por eximir de cursar a segunda lingua estranxeira a alumnado de 2º ESO (continuación da medida adoptada o curso pasado) e se agardará á avaliación inicial para determinar o número de exencións para 1º ESO.

Nas horas desta exención, o alumnado recibe atención por parte de profesorado dos Departamentos lingüísticos

(preferentemente Lingua Castelá e Galega) salvo aqueles casos de maiores dificultades nos que atención é responsabilidade das PT.

k) Integración de materias en ámbitos de coñecemento no primeiro curso de ESO

Non se estimou necesaria/prioritaria esta medida para o curso 2023-2024.

4. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MEMORIA

A avaliación deste plan efectuarase a dous *niveis*:

- A) Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado que participou nas diferentes actuacións e medidas de atención á diversidade.
- B) Avaliación da concreción do plan anual de atención á diversidade.

O *proceso* a seguir é:

- Análise e valoracións a través das reunións periódicas dos titores/as co orientador, como parte do desenvolvemento do PAT.
- Análise e valoración nas reunións dos departamentos didácticos.
- Seguimento a través das reunións do departamento de orientación.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións ao Claustro para o seu coñecemento.

Avaliación inicial: A revisión do plan realizarase a principios de curso, atendendo ás conclusións recollidas e obtidas na avaliación do curso pasado e as circunstancias existentes en ese momento.

Avaliación continua: Ao longo do curso, o equipo directivo e o departamento de orientación irán facendo un seguimento do desenvolvemento do plan para introducir os axustes necesarios.

Avaliación final: O obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación deste á realidade do centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

Os *instrumentos* para a recollida de datos serán: intercambios orais, escalas e cuestionarios e entrevistas, entre outros. Estes serán aplicados ás persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento (departamentos, titores/as, profesorado), como os seus destinatarios (alumnado, familias).

Os *criterios* de avaliación para determinar a calidade do plan de atención á diversidade son:

- Adecuación do plan ás necesidades reais do centro.
- Logros acadados no referente aos obxectivos previstos.
- Adecuación da temporalización.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
- Nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro.



- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Por último, e tal e como se sinalou en algúns apartados desta concreción para o curso 2023-2024, toda acción educativa durante este curso estará determinada pola propia evolución do mesmo, polo que se trata, en consecuencia, dun documento aberto na medida en que a situación permitirá a implementación dunha serie de medidas ou outras en función das necesidades que podan xurdir co propo devenir do curso (incorporación de novo alumnado, necesidades detectadas ao longo do curso...).



Concreción
PLAN DE CONVIVENCIA
Curso 2023-2024

IES CACHEIRAS

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN.....	páx 3
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.....	páx 3
2.1. A DIAGNOSE DA CONVIVENCIA NO IES DE CACHEIRAS.....	páx 4
3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	páx 5
3.1. Obxectivos xerais.....	páx 5
3.2. Obxectivos específicos.....	páx 6
4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA	páx 6
4.1. A nivel de contidos e metodoloxía do currículo.....	páx 6
4.2. A nivel de estilo educativo.....	páx 6
4.3. As normas de aula e o papel do alumnado e do profesorado.....	páx 7
4.4. O plan de acollida para alumnado e profesorado novo.....	páx 8
4.5. O plan de mediación para a resolución de conflitos.....	páx 8
4.6. Os programas preventivos co alumnado do IES.....	páx 8
4.6.1 Programa de loita pola equidade.....	páx 9
4.6.2 Programa de educación para a saúde.....	páx 9
4.6.3 Programa de cultura de paz e interculturalidade.....	páx 9
4.6.4 Programa lector.....	páx 9
4.6.5 Programa de adestramento en habilidades sociais.....	páx 9
4.7. O traballo cos pais/nais/familias.....	páx 10
4.8. A comisión de convivencia.....	páx 10
5. O PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.....	páx 10
6. CONCRECIÓN DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES DO DESENVOLVEMENTO DAS DIFERENTES MEDIDAS.....	páx 10
7. AS NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	páx 11
7.1. Composición.....	páx 12
7.2. Funcións.....	páx 12
7.3. Plan de reunión /xuntanzas.....	páx 13
7.4 Aula de convivencia inclusiva.....	páx 13
8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.....	páx 13
9. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	páx 13
10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA.....	páx 14
10.1. Seguimento e avaliación	páx 14
10.2. Revisión e enriquecemento.....	páx 14

** A estrutura deste Plan de convivencia baséase no Artigo 13 do Decreto 8/2015, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa en materia de convivencia escolar*

1. XUSTIFICACIÓN

Partimos da convicción de que acadar unha boa convivencia non só é unha condición para realizar o traballo escolar, senón que é unha aprendizaxe en si mesmo, ao que debe contribuír a educación escolar e que debe ser o resultado dun traballo sistemático, non ocasional. O noso propósito é que o alumnado teña un comportamento baseado na cultura da paz, da igualdade e respecto ante o diferente, que afronte os conflitos con diálogo e buscando o acordo; que adquira unha cultura democrática e cidadá para desenvolverse en liberdade, exercendo os seus dereitos e deberes con responsabilidade e participando activa e criticamente nos grupos sociais aos que pertence; en definitiva, que se rexa por principios éticos, promovendo o seu desenvolvemento moral.

Para isto preséntanse as seguintes propostas.

- Ollando ao presente, que o alumnado se atope seguro, acollido e considerado, dende a convicción de que só nun contexto emocionalmente positivo e estimulante é posible a convivencia e a aprendizaxe.
- De cara ao futuro, preténdese que os alumnos e alumnas adquiren as competencias necesarias para establecer relacións sans e construtivas consigo mesmos e cos demais, con actitudes coherentes cos valores democráticos e o respecto aos dereitos humanos, fundamento dunha educación para a cidadanía.
- En relación coa labor da escola, con este proxecto preténdese contribuír á formación integral de todos os alumnos e alumnas, tanto para ser persoas coma para vivir nunha colectividade, coa seguridade de que son as condicións mais idóneas para mellorar as aprendizaxes curriculares.
- Con respecto ao entorno do centro, espérase poder contar coas familias e con todas as persoas e entidades que teñan relación coa xuventude.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO

Convivencia é, segundo nós, a *condición de relacionarse entre as persoas a través dunha comunicación permanente fundamentada no afecto, respecto e tolerancia que permita compartir e convivir en harmonía cos demais nas diferentes situacións da vida*. Con este obxectivo o noso Centro dotarase de normas operativas claras e acordos precisos que permitan o exercicio dunha axeitada convivencia que contribúa ao desenvolvemento integral dos membros da nosa comunidade escolar. Con esas normas todos os integrantes do Centro deberemos ser capaces de identificar, recoñecer e superar os nosos erros e limitacións.

O noso Centro, no seu proceso de ensino-aprendizaxe, desenvolverá valores privilexiando entre eles o esforzo, a creatividade, a lealdade, a xenerosidade, a autenticidade e a responsabilidade persoal. Para logralos, a familia xoga un papel fundamental, pois os alumnos e alumnas, desde a infancia, aprenden condutas que favorecen unha convivencia harmónica e unha axeitada comunicación, dándolles a seguridade suficiente para desenvolverse dunha forma correcta no ámbito social, adquirindo así diversos valores e responsabilidades.

O profesorado debe actuar con flexibilidade, moderación e criterio, tendo en conta á persoa e as diferenzas individuais do alumnado, debe coidar que as súas accións non firan, senón pola contra, que a medida correctora que se aplique ao alumnado vexa que é xusta, necesaria, sentida, comprendida e aceptada para que así se converta en motivación para un cambio positivo.

2.1. A DIAGNOSE DA CONVIVENCIA NO IES DE CACHEIRAS

No IES de Cacheiras, podemos separar en dous grupos as condutas conflitivas que atopamos con maior frecuencia: As condutas disruptivas e As condutas violentas.

A. As condutas disruptivas. Algunhas das máis habituais son:

- Chegar tarde á clase.
- Pedir con certa frecuencia saír ao servizo.
- Pintar nas mesas ou paredes
- Tirar cousas pola clase
- Pintar no caderno ou no libro
- Consumir algún tipo de comida
- Desordenar mobiliario
- Brincar
- Emitir ruidos ou berros na clase
- Saír o entrar desordenadamente
- Non traer os deberes feitos
- Negarse a facer as tarefas de clase
- Falta de interese, pasividade ou inactividade
- Non traer o material escolar necesario: libros, cadernos, bolígrafo e roupa e calzado deportivo, no caso da clase de Educación Física.
- Interromper ao profesorado na clase.
- Non acatar as ordes do profesorado.
- Levantarse do sitio sen permiso.
- Faltarlle ao respecto a calquera profesor ou compañeiro.
- Gardar as cousas antes de tempo sen permiso.
- Rir as grazas aos que interveñen con intención de romper a dinámica de traballo na aula.
- Intervencións impertinentes, sen pedir permiso.
- Comentarios e valoracións que non veñan a conto e que rompen o ritmo de traballo.
- Cuestionar frecuentemente as decisións (incuestionables) do profesorado.

B. As condutas violentas. Nalgúns casos observamos algunhas condutas cun alto compoñente agresivo sen que as persoas que provocan o conflito sexan capaces de controlarse. Estas condutas acostuman a producir á outra persoa un dano físico, verbal ou psicolóxico, ás veces de xeito intencionado pero outras como consecuencia dunha reacción impulsiva (pero igualmente contraria á convivencia). Dentro destas condutas violentas distinguimos:

a. O Acoso escolar ou Bullyig. Non se detectaron ata o momento situacións de Acoso escolar (ou ciberacoso). Si se detectaron situacións puntuais, que de reiterarse no tempo si poderían ser diagnosticadas como Bullying, pero que se tentan atacar desde o primeiro momento (a través de reunións con implicados, familias, avisos ao profesorado para que se mantexa alerta...).

b. *O dano ás propiedades e vandalismo.* O vandalismo escolar é un dano intencionado e non autorizado contra as propiedades do Centro Escolar, é dicir, unha hostilidade maliciosa contra o edificio, o seu mobiliario e/ou o material educativo.

Si existen situacións desta índole, con maior ou menor incidencia:

- Pintar portas, pupitres ou paredes con nomes, mensaxes ou debuxos.
- Romper cristais ou portas intencionadamente.
- Estragar material educativo.

c. *As pelexas entre alumnos/as ou grupos de alumnos/as.* Trátase de episodios moi puntuais, máis a nivel verbal, ameazas... que físicas (deuse algunha situación, pero de carácter tan episódico que non se pode catalogar como problema real a nivel de centro).

3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Con este Plan perséguese unha serie de obxectivos, tanto xerais (*recollidos no artigo 12 do Decreto 8/2015*) coma específicos.

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralas e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- a) Fomentar o uso do diálogo, dado que o alumnado ten os seus propios puntos de vista que enriquecen o proceso educativo e que deben ser, polo menos, escoitados e contrastados.
- b) Promover a xestión alternativa de problemas, para o que é preciso crear o clima, definir e discutir o problema, explorar solucións alternativas...
- c) Favorecer a autoestima e a autoconfianza das persoas, a través da afirmación da súa dignidade.
- d) Establecer normas no marco dunha democracia participativa, escoitando as opinións dos alumnos e das alumnas naqueles puntos que lles atinxen.
- e) Promover a actitude aberta e empática ante o alumnado, tratando de facer un esforzo por ver os asuntos dende a súa perspectiva.
- f) Eliminar a agresividade destrutiva.
- g) Fomentar o afrontamento positivo do conflito, tomándoo coma unha oportunidade para educar e para conseguir que o alumnado mellore as súas capacidades persoais e sociais.
- h) Implicar a todas as partes na xestión do conflito coma o mellor camiño para resolvelo.
- i) Rexeitar a exclusión, o medo, as ameazas, a submisión, a ridiculización ou a humillación, o silencio como norma constante, o dominio, a indiferenza no trato interpersonal, o derrotismo, a competitividade interpersonal, etc...

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

Partindo de que convivir é vivir uns con outros sobre a base dunhas determinadas relacións sociais e a uns códigos no marco dun contexto social determinado, debemos aceptar o feito de que os conflitos son inseparables da convivencia democrática e, neste sentido, non podemos pretender que a educación transcorra sen conflitos, nin tampouco pensar que estes resultarán necesariamente negativos.

4.1. A NIVEL DE CONTIDO E METODOLOXÍA DO CURRÍCULO

Promoverase, de xeito transversal, a educación en valores, a educación intercultural, as estratexias para previr o racismo e a xenofobia, as estratexias para previr a violencia de xénero, o desenvolvemento das habilidades de comunicación (escoita activa, fomentar a empatía, expresar os propios sentimentos, etc.), o desenvolvemento das habilidades sociais (asertividade, axuda ao desenvolvemento da capacidade de xuízo moral, etc.), o desenvolvemento das habilidades para a resolución de conflitos (negociación, mediación, etc.), a toma de decisións, a mellora da autoestima e autoconhecimento, o desenvolvemento do autocontrol, etc.

4.2. A NIVEL DE ESTILO EDUCATIVO

Consideramos o estilo educativo asertivo o máis axeitado, en termos xerais, para o desenvolvemento do proceso educativo, para o que se promoverá que os educadores:

- Fixen a súa atención nos progresos e nos elementos mais positivos da conduta do alumnado.
- Eloxien tanto o esforzo coma os logros.
- Sancionen con firmeza e regularidade as condutas inaceptables.
- Destaquen especialmente o comportamento excepcional.



- Ignoren pequenos erros, imperfeccións ou deficiencias.
- Diferencien claramente entre a persoa, á que sempre aprecian, comprenden e valoran, e a conduta, que pode non ser a axeitada en certos momentos.
- Teñan paciencia activa e confían no progreso do/a educando/a, e mentres este se produce son comprensivos coa súa imperfección.

4.3. AS NORMAS DE AULA E O PAPEL DO ALUMNADO E DO PROFESORADO

O nivel de mellora da convivencia no grupo-clase enmárcase esencialmente na Acción Titorial. É conveniente que constitúan un referente metodolóxico unificado e xeneralizado para todo o profesorado co fin de evitar mensaxes incoherentes ou contraditorios que fosen prexudiciais para a consecución das nosas metas. É moi recomendable que as normas de aula sexan consensuadas entre a persoa titora, o profesorado e o alumnado, de xeito que todos se sintan partícipes e responsables do cumprimento das mesmas, aínda que a labor do Titor/a como coordinador das mesmas resulte imprescindible.

Para a elaboración destas normas deberanse ter en conta os seguintes criterios:

- Deben ser claras e concretas, para que resulte fácil determinar se se cumpren ou non.
- Enunciadas, preferiblemente, en positivo. Mellor facendo referencia a un comportamento correcto que a unha prohibición.
- Que resulten realistas e fáciles de cumprir.
- Que sexan xustas e comprensibles, que se entenda o seu sentido, a súa razón de ser.
- Non excesivas en número.
- Non poder ir contra as normas establecidas no centro nin contra outras de rango superior.
- Deben elaborarse nas primeiras clases de cada curso académico.
- Cada norma deberá conter unha medida correctora no caso de incumprirse. Esta debe estar relacionada coa norma que non se cumpre.
- Resulta imprescindible que todo o profesorado as cumpra.
- Tamén se deben incluír normas para o profesorado.

1- As normas para o alumnado deben referirse polo menos aos seguintes aspectos:

- Compromiso na asistencia, puntualidade e corrección na aula.
- Compromiso para traer á clase todo o material escolar que se precisen (libros, cadernos, bolígrafos...etc...).
- Compromiso para realizar puntualmente as tarefas que encomenda o profesorado.
- Compromiso para a escoita activa: atención, silencio e petición para intervir.
- Compromiso para respectar a todas as persoas da aula, sen interrompelas nin molestalas.
- Compromiso para respectar todo o material da aula, individual e colectivo.
- Compromiso para deixar a aula ordenada e limpa antes de abandonala, contemplando sempre o aforro de enerxía.

2- As normas para o profesorado deben referirse aos seguintes aspectos.

- Compromiso de puntualidade.

- b) Compromiso de respectar a todas as persoas da aula.
- c) Compromiso de cumprir as normas acordadas e de facelas cumprir de maneira xusta e imparcial.

Por último, resulta útil contemplar as posibilidades do alumnado para reclamar ante o incumprimento das normas por parte do profesorado (Xunta de Delegados/as, Tutoría, Dirección, etc...).

AS MEDIDAS CORRECTORAS

A modo de exemplo propoñemos as seguintes:

- Advertencia razoada do profesor/a oral en público.
- Advertencia razoada do profesor/a oral en privado, ao final da clase.
- Advertencia razoada do profesor/a por escrito.
- Realización de tarefas comunitarias (coordinado polo profesor).
- Unha chamada telefónica á familia (por parte do profesor, titor, ou xefatura de estudos).

4.4. O PLAN DE ACOLLIDA PARA ALUMNADO E PROFESORADO NOVO

Establécese un Plan de acollida para todo o alumnado, familias e profesorado novo, que entre por primeira vez no noso IES de Cacheiras. Este ten os seguintes obxectivos:

1. Brindarlles a mellor información posible para que se integren de forma satisfactoria no centro:
 - Informar sobre algúns aspectos de organización e funcionamento: horarios, actividades e protocolo de faltas de asistencia, materiais necesarios para o alumnado, tipo de bolsas e axudas para material escolar, libros de texto e colaborar na súa tramitación.
 - Reunións cos centros adscritos e visita dos alumnos ao IES de Cacheiras.
 - Informar sobre outros servizos e actividades do centro: actividades extraescolares, saídas, excursións, etc...
 - Informar sobre servizos sociais que poidan servir de axuda e referencia.
2. Dispor de persoas de referencia nas que poder canalizar as principais dúbidas, opinións, necesidades, suxestións, etc..., ao logo do curso.
3. Promover o acceso, permanencia e promoción educativa, articulando medidas que fagan efectiva a compensación de desigualdades de partida e orientando a súa promoción no sistema educativo.
4. Potenciar os aspectos de enriquecemento que achegan as diferentes culturas, desenvolvendo aqueles relacionados co mantemento e difusión da lingua e cultura propia do alumnado.

4.5. O PLAN DE MEDIACIÓN PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

Partimos de que a mediación escolar é un método de resolución de conflitos, mediante a intervención dunha terceira persoa, con formación específica e imparcial, co obxecto de axudar ás partes a obter por elas mesmas un acordo satisfactorio, polo que unha liña de traballo é pór en marcha un equipo de mediación en conflitos, para o que resulta imprescindible unha primeira fase de asesoramento e recollida de información sobre que pasos seguir, que perfís seleccionar...

4.6. OS PROGRAMAS PREVENTIVOS CO ALUMNADO DO IES

Os programas que se levarán a cabo durante este curso, a expensas de que se podan introducir outros por mor de

situacións ou problemáticas que poidan xurdir ao longo do curso sevrán os seguintes:

4.6.1. Programa de loita pola equidade

Á marxe da transversalidade do Programa a nivel curricular, realizaranse as seguintes actividades:

- Obradoiro en 2º ESO Ninguén sen menos dereitos
- Actividades en conmemoración do 25 novembro

4.6.2. Programa de educación para a saúde

Con medidas tanto a nivel curricular (Educación Física, Bioloxía...) como con obradoiros sobre sexualidade, prevención de drogodependencias, promoción de hábitos de vida saudables...

4.6.3. Programa de cultura de paz e interculturalidade

Á marxe da transversalidade do Programa a nivel curricular, colaboración co Concello no proxecto de UNICEF Cidades Amigas da Infancia e coa ONG Movemento pola Paz.

4.6.4. Programa lector

No IES de Cacheiras continúaase co PLAN LECTOR, que ten como obxectivos, relacionados con este Plan de Convivencia, os seguintes:

- Espertar a curiosidade na mocidade para acceder a libros do seu interese de xeito progresivamente autónomo.
- Ampliar os referentes culturais e estéticos , a través da inmersión no mundo dos libros.
- Facilitar o espazo físico e afectivo para o desenvolvemento da creatividade e imaxinación do alumnado.
- Lograr que o alumnado tome espontaneamente a palabra para expresarse..
- Facilitar a relación entre o lido e as experiencias cotiás do alumnado.
- Colaborar no fortalecemento do hábito de escoitar comprensiva e atentamente o que outros expresan, contan ou len, comprendendo e recordando o mais significativo, e reaccionando a través de comentarios, preguntas e respostas.
- Potenciar o interese por ler para descubrir e comprender o sentido de diferentes textos escritos.
- Propiciar o respecto polas normas de convivencia en conversacións, discusións e traballos grupais, aceptando as opinións alleas, o pensamento diverxente e as quendas para falar.
- Apoiar o labor docente en relación ao desenvolvemento de habilidades relacionadas co coñecemento teórico e práctico.

4.6.5. Programa de adestramento en habilidades sociais

No IES de Cacheiras, a través do Plan de Acción Titorial, organízanse actividades para desenvolver na aula en torno a varios bloques, dentro dos cales estarían “Ser persoa”, “Pensar”, “Convivir” e “Comportarse”. Ademais, existe no departamento de orientación outros modelos para o traballo en Habilidades Soiais por se fosen pertinentes.

4.7. O TRABALLO COS PAIS/NAIS/FAMILIAS

Somos conscientes de que todo o proceso formativo se sustenta nunha estreita colaboración entre escola e familia sen a que resulta difícil e en ocasións inútil o esforzo educativo pola súa colaboración para resolver os conflitos cos seu fillos e/ou fillas. En consecuencia desde o centro promóvese e facilítase dentro do posible a comunicación constante entre profesorado e familias, deixando claro que esta colaboración é imprescindible para lograr unha educación de éxito.

4.8. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia, tal e como se recolle no decreto 8/2015 do 8 de xaneiro (DOGA do 27 de xaneiro), constitúese no seo do Consello Escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar.

Estará composta pola persoa responsable da dirección do centro, que ocupará a presidencia, e polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro e integrando o principio de igualdade entre mulleres e homes. Unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións.

O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora a proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

5. O PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

De conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, o plan de convivencia de cada centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar. No noso caso seguirase o Protocolo publicado pola Consellería sobre Acoso e ciberacoso escolar, onde se recollen as principais liñas de traballo en termos de prevención, detección e tratamento.

6. CONCRECIÓN DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES DO DESENVOLVEMENTO DAS DIFERENTES MEDIDAS

O EQUIPO DIRECTIVO DO CENTRO debe:

- Incorporar a mellora da convivencia no proxecto educativo do centro.
- Pór ao servizo do plan os recursos do centro.
- Crear condicións para favorecer a participación de toda a comunidade educativa.
- Coordinar as actuacións xunto co equipo que compón o Observatorio de convivencia.
- Incorporar o Plan aos documentos institucionais.
- Introducir os cambios necesarios para o desenvolvemento do Plan nas estruturas organizativas e a xestión do centro.



- Favorecer un desenvolvemento coherente do plan a través da coordinación pedagóxica.

O PROFESORADO debe:

- Informarse.
- Formarse.
- Colaborar nas actividades do proceso de elaboración do Plan de convivencia.
- Realizar na súa práctica docente os cambios necesarios para actuar en coherencia cos principios educativos do plan e orientar aos seus alumnos e alumnas en consecuencia.
- Implicarse nas diferentes actuacións xerais de desenvolvemento do Plan.
- Reflexionar sobre o proceso seguido para mellorar o Plan de Convivencia.

O ALUMNADO debe:

- Informarse.
- Formarse.
- Asumir as súas responsabilidades.
- Respetar as normas do centro.
- Colaborar na elaboración e desenvolvemento do Plan de Convivencia.
- Aprender a ser coherente cos valores do centro.

AS FAMILIAS deben:

- Informarse.
- Formarse.
- Colaborar nas actividades do Plan de Convivencia ás que se lles invite a participar.
- Educar aos seus fillos en coherencia cos principios educativos do Plan de Convivencia.
- Realizar o seguimento das actitudes dos seus fillos.
- Colaborar co profesorado.
- Cooperar nas actividades do centro.

OUTROS PROFESIONAIS E INSTITUCIÓNNS deben:

- Informarse.
- Pór os seus recursos a disposición da escola.
- Colaborar cos profesores, os alumnos e as súas familias.
- Actuar en coherencia cos principios educativos do centro durante as colaboracións.
- Coordinarse co centro en todas as actuacións.

7. AS NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro concréntanse no plan de convivencia de conformidade co establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro,

de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar.

7.1. COMPOSICIÓN

Os seus membros serán elixidos polo consello escolar do centro segundo o establecido no artigo 6.2 do Decreto 8/2015 de xeito que estean representados, de forma equilibrada, mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa e sexan nomeados pola persoa responsable da dirección do centro, por proposta dos colectivos representados.

Estará composta por:

- | | |
|--------------------------------------|--------------------------------|
| - Director, que exercerá presidencia | - Un representante do alumnado |
| - Xefe de estudos | - Titor ou titora |
| - Un representante do profesorado | - Orientador/a |
| - Un representante dos pais ou nais | |

7.2. FUNCIONS

As funcións desta comisión de convivencia serán:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do seu desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión, función que será asumida polo equipo directivo cando non estea constituída, que será aprobado polo consello escolar do centro, tal como se recolle no artigo 10 da Lei 4/2011.
- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no plan e normas de convivencia.
- Elevar ao consello escolar de cada centro e recoller na memoria anual da comisión de convivencia as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo propostas polas escolas de nais e pais que se poidan crear no centro e se establezan no plan de convivencia.
- Funcións, por delegación do consello escolar:
 - Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do plan de convivencia do centro.
 - Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
 - Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica dos conflitos.
 - Propoñerlle ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

- Propoñerlle, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar ao consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, no que se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia: este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro ou o órgano da Administración educativa con competencias na materia.

7.3. PLAN DE REUNIÓN /XUNTANZAS

Con carácter ordinario, a comisión terá tres xuntanzas anuais (unha por trimestre) No entanto, con carácter extraordinario será convocada tantas veces como se considere oportuno ben por parte da presidencia (por iniciativa propia), ou ben por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

7.4. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Non se considera pertinente a súa posta en funcionamento este ano.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO

Co obxectivo de garantir o mellor desenvolvemento do Plan, así como de obter o máximo aproveitamento do mesmo, buscarase unha coordinación constante entre todos os membros da comunidade educativa. Así, á marxe das reunións da comisión de convivencia, desde a dirección do centro buscarase manter informado a todo o persoal docente das diferentes medidas e actuacións que se están a levar a cabo no centro, tanto a nivel de medidas correctoras como de actividades que se están a levar a cabo dentro do mesmo para favorecer un clima de convivencia positivo.

Será de especial importancia para o desenvolvemento do mesmo a colaboración con diversas entidades do entorno que podan poñer en marcha actuacións neste eido cos membros da comunidade educativa: tanto alumnado como profesorado e demais traballadores do centro.

9. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Aínda que todos membros da comunidade educativa son responsables e partícipes da desenvolvemento e difusión deste plan, é a comisión de convivencia a que deberá adoptar un papel protagonista na difusión do mesmo, para o que contará con diferentes canles:

- Consello escolar.
- Titorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso.
- Reunións da xunta de delegados.

- Reunións específicas con representantes das institucións ou organismos públicos ou privados dedicados á cultura no contorno do centro educativo.
- ANPA do centro ou dos centros educativos do contorno.

Os medios para levar a cabo esta difusión poderían ser:

- Reunións informativas, comunicacións escritas, sesións de traballo tutorial, asembleas...
- Folletos, trípticos.
- Exposición nos lugares oportunos do centro: paneis informativos, carteis...
- Blogs, páxinas web.
- Foros, campañas, inclusión na revista do centro, entrevistas.
- Foros municipais, institucionais, de asociacións e entidades.

10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA

Tal e como se recolle no artigo 6 do Decreto 8/2015, será responsabilidade da Comisión de convivencia realizar o seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

10.1 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

PROCESOS

- Ao longo do desenvolvemento do Plan, polos implicados en cada actuación.
- Ao finalizar cada avaliación: profesores e alumnos.
- Periodicamente, sobre cada un dos programas (tres veces ao ano ou máis frecuentemente ao poñelos en marcha)

RESULTADOS

Ao finalizar o curso.

10.2. REVISIÓN E ENRIQUECEMENTO

- Revisión dos contidos xerais do Plan:
 - Obxectivos.
 - Priorización de áreas de mellora.
- Adaptación dos contidos do Plan aos cambios da realidade do IES de Cacheiras.
- Modificación dos procesos de acordo coa súa avaliación
- Introducción de novas actuacións.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

IES CACHEIRAS

CURSO 2023- 2024

ÍNDICE

1. Principios xerais da acción titorial no IES de CACHEIRAS.....	páx. 3
2. Obxectivos xerais da acción titorial.....	páx. 3
3. Distribución de funcións e responsabilidades na Acción Titorial.....	páx. 4
3.1. Funcións da persoa titora.....	páx. 4
3.2. Funcións do equipo de profesorado.....	páx. 5
3.3. Funcións do departamento de orientación.....	páx. 5
3.4. Funcións da xefatura de estudos.....	páx. 5
4. Aspectos organizativos.....	páx. 6
4.1. Criterios para o nomeamento da persoa titora.....	páx. 6
4.2. Horarios.....	páx. 6
5. Ámbitos da Acción Titorial.....	páx. 7
5.1. Contidos da titoría.....	páx. 7
5.2. Liñas prioritarias de actuación para cada curso.....	páx. 7
6. Actuacións xerais para todos os cursos.....	páx. 9
7. Coordinación, seguimento e avaliación.....	páx. 15
8. Marco legal.....	páx. 16
9. Propostas de contidos.....	páx. 16
10. Esquema de traballo e temporalización.....	páx. 18

1. PRINCIPIOS XERAIS DA ACCIÓN TITORIAL NO I.E.S DE CACHEIRAS

A acción titorial pódese definir como o **conxunto de accións educativas** que se deseñan e realizan nun centro educativo para favorecer no alumnado a aprendizaxe, a integración dos coñecementos e experiencias, a socialización, a toma de decisións, o desenvolvemento da súa personalidade... polo que debe considerarse que **a acción titorial está intimamente relacionada co desenvolvemento da función docente**.

No IES de Cacheiras consideramos a acción titorial intrinsecamente vinculada á docente como conxunto de accións articuladas arredor desta. E baixo esta perspectiva, non é algo que dependa da boa vontade e disposición dunha parte do profesorado e/ou do Departamento de Orientación, senón que debe contar coa implicación de toda a comunidade educativa, formar parte do currículo e integrarse de xeito transversal no mesmo. Será, entón, un proceso necesario (colaborativo, continuo e sistemático) dentro da Comunidade Educativa para poder acadar a través das distintas titorías ao longo do tempo escolar a maioría dos obxectivos xerais do PE.

O Plan de Acción Titorial (PAT) é o marco no que especificamos os criterios e procedementos para a organización e funcionamento da acción titorial. Fixa un conxunto de actividades educativas incluídas ou complementarias ao currículo, baseadas nas necesidades do alumnado e dirixidas a eles, que están secuenciadas no tempo e estruturadas nas dimensións da acción titorial. Preténdese que este Plan sexa un marco aberto e flexible, xa que os obxectivos do mesmo poden ser traballados a través de actividades distintas, en función das necesidades específicas de cada titor/a e do seu estilo e das características particulares de cada grupo.

A partir das liñas de actuación xerais concretadas no PAT as persoas titoras desenvolverán as actividades, baixo a coordinación do Xefe de Estudos e contando coas propostas que aporte o Departamento de Orientación e a Vicedirección, proporcionándose o asesoramento e apoio necesario nas reunións que se manteñan a este efecto.

2.- OBXECTIVOS XERAIS DA ACCIÓN TITORIAL

Buscando o desenvolvemento integral da persoa, fin primordial da educación, os obxectivos deste plan son:

- a) Fomentar a integración e participación do alumnado na dinámica do Centro favorecendo actitudes de respecto, colaboración e tolerancia, así como o cumprimento de normas básicas de convivencia.
- b) Coñecer as características do alumnado, tanto persoal como grupalmente.
- c) Favorecer o desenvolvemento socioafectivo do alumnado.
- d) Seguimento individualizado do proceso ensino-aprendizaxe contribuíndo á mellora do rendemento académico.
- e) Facilitar a comunicación co alumnado e as súas familias, tanto no ámbito individual como grupal.
- f) Colaborar no proceso de toma de decisións, especialmente nas académicas e profesionais,

desenvolvendo actividades de orientación que doten ao alumnado da capacidade de toma de decisións responsables, con coñecemento das súas posibilidades e das oportunidades que se lle presentan, tanto no ámbito escolar como profesional.

- g) Coordinar as actividades titoriais asegurando a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións do plantel docente do grupo e favorecendo a formación da persoa titora para que poda desempeñar as funcións propias da forma máis axeitada ás características do grupo.

3.- DISTRIBUCIÓN DE FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES NA ACCIÓN TITORIAL.

As responsabilidades dos axentes educativos implicados no PAT son as seguintes

3.1.- Funcións das persoas titoras

- a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación.
- b) Proporcionarlles no principio de curso, ao alumnado e ás familias, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente ao calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) Coñecer as características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os apoios e os oportunos asesoramentos.
- f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para o alumnado do seu grupo.
- g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- h) Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informar ao equipo docente das características do alumnado, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- j) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.
- k) Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- l) Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- m) Colaborar co Departamento de Orientación nos termos que estableza a xefatura de estudos.
- n) Colaborar coas demais persoas titoras e co departamento de orientación no marco do PE.
- o) Orientar as demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, en colaboración co persoa delegada do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- p) Informar ao alumnado do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.

- q) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias.
- r) Exercer, dacordo co proxecto educativo, a coordinación entre os membros do equipo docente.
- s) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnado.
- t) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informadas ás familias e á xefatura de estudos.
- u) Implicar as familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e á orientación dos seus fillos/as.
- v) Atender, xunto co resto de profesorado, ao alumnado mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer dacordo coas directrices establecidas nas NOF.

3.2.- Funcións do equipo de profesorado.

- a) Participar activamente nas actividades do PAT, especialmente naquelas que o solicite expresamente a persoa titora.
- b) Facilitar a integración de todo o alumnado no grupo e no Centro.
- c) Orientar ao alumnado respecto ao seu futuro académico e profesional.
- d) Orientar sobre como estudar a súa materia.
- e) Colaborar e coordinarse coa persoa titora, aportándolle información e apoio.
- f) Atender as demandas da persoa titora na busca de accións de equipo para tratar os casos que se presenten na súa titoría.
- g) Axustar a resposta educativa ás necesidades, tanto grupais como persoais, do alumnado aplicando as necesarias medidas de atención á diversidade.

3.3.- Funcións do departamento de orientación.

- a) Colaborar coa xefatura de estudos nos criterios para asignar as titorías e na coordinación da acción tutorial.
- b) Elaborar o PAT tendo en conta as directrices da CCP e as necesidades e intereses manifestadas polas persoas titoras.
- c) Facilitar os recursos e asesoramento necesarios a cada titor ou titora para o seu desenvolvemento, intervindo directamente no seu desenvolvemento cando sexa solicitado.
- d) Facilitar a intervención doutras persoas da comunidade educativa ou alleas, en fases concretas do plan, para proporcionar o tratamento de aspectos especializados.
- e) Participar na aplicación dalgúns programas da titoría.
- f) Atender ás demandas dos distintos membros da Comunidade Educativa: Equipo docente, persoas titoras, alumnado, familias... A tal efecto no horario da xefatura de orientación habilitaranse as horas semanais para dar resposta a toda a comunidade educativa.
- g) Realizar o seguimento e avaliación do PAT.

3.4.- Funcións da Xefatura de Estudos.

- a) Establecer os criterios para asignar as titorías de cada grupo.
- b) Coordinar e dirixir a acción tutorial coa colaboración da xefatura do departamento de Orientación.
- c) Convocar, coordinar e moderar as reunións das persoas titoras.
- d) Velar polo cumprimento da planificación consensuada e dos acordos tomados.

4. ASPECTOS ORGANIZATIVOS

Corresponde á Xefatura de Estudos coordinar e dirixir a acción das persoas titoras e titoras coa colaboración do Departamento de Orientación, daccordo cos Plans de Acción Titorial (PAT), Plan de Convivencia (PC) e Plan de Atención á Diversidade (PAD).

No desenvolvemento desta programación estará implicado todo o profesorado que imparta docencia ao grupo.

O Departamento de Orientación contribuirá ao desenvolvemento do plan baixo a dirección da xefatura de Estudos, asesorando e colaborando coas persoas titoras nas súas funcións, facilitándolles os recursos necesarios e intervindo na medida das súas posibilidades, cando o soliciten. Formarán parte do Departamento de Orientación unha persoa titora do ámbito científico e unha do ámbito lingüístico.

4.1. Criterios para o nomeamento de persoas titoras

O sentido que ten a figura da persoa titora é a de coordinar a acción titorial e guiar e optimizar o traballo conxunto de todo o equipo docente. Para iso será necesario, á hora da elección das persoas titoras, ter en conta aspectos/criterios como:

- Criterios pedagóxicos.
- Continuidade no centro.
- Coñecemento do grupo en cursos anteriores.
- Continuidade no PDC, Agrupamentos...
- Maior número de horas de clase coa totalidade do grupo.
- Preferencia persoal.

Coordinación da acción titorial: A labor titorial non se pode levar a cabo de forma aillada, é necesario o intercambio de información, o contraste de experiencias, a reflexión conxunta, a avaliación continua do desenvolvemento do PAT... Para todo isto **é necesario contar con 1 hora de coordinación semanal por nivel educativos, que debido a súa importancia debería ser considerada como lectiva.**

Reunión de coordinación do equipo educativo: Cando a persoa titora o estime oportuno, poderá convocar ao profesorado implicado para tratar da problemática do grupo e o seu seguimento educativo.

4.2. Horarios

Na ESO

- Dedicarase unha hora lectiva semanal á titoría do alumnado do seu grupo.
- Unha hora semanal de atención a familias ou ao alumnado individualmente, tanto das persoas encargadas da titoría como do resto do equipo docente.
- As persoas titoras disporán dunha hora semanal nos seus horarios individuais de coordinación cos demais titores/as do mesmo nivel educativo xunto coas Xefaturas de Estudos e Departamento de Orientación.

No Bacharelato

- Unha hora de atención a familias tanto das persoas encargadas da tutoría como do resto do equipo docente.
- Buscar un marco/espazo temporal axeitado para o desenvolvemento da acción tutorial.

5. ÁMBITOS DA ACCIÓN TITORIAL

A acción tutorial que se desenvolverá no IES de Cacheiras concrétase en tres tipos de actuacións:

1. Actuacións para atender ao alumnado, individualmente e como grupo.
2. Actuacións de colaboración e coordinación do equipo docente
3. Actuacións para manter unha comunicación fluída coas familias.

5.1. Contidos da tutoría.

Os contidos do Plan de Acción Tutorial estruturase en catro bloques:

1. Acollida e integración.
2. Coñecemento do alumnado, organización e funcionamento do grupo-clase e do Instituto.
3. Seguimento, orientación e apoio á aprendizaxe.
4. Orientación académica e profesional.

Tamén se poderán incluír o desenvolvemento de programas formativos en colaboración con outras Institucións.

5.2. Liñas prioritarias de actuación para cada curso:

1º e 2º da ESO

1. Acollida e integración do alumnado no grupo e no Instituto.
2. Coñecemento das características e necesidades do alumnado.
3. Coñecer o funcionamento do centro e as normas de convivencia.
4. Estimular a participación na vida do centro: Xunta de Delegados/as, actividades extraescolares, etc...
5. Previr as dificultades de aprendizaxe e adoptar solucións.
6. Adquirir hábitos e técnicas de traballo intelectual: desenvolvemento progresivo de hábito de traballo na casa, uso de materiais de consulta, organización do tempo de traballo, etc.
7. Características fundamentais da nova etapa e itinerarios a escoller ao finalizar cada curso .

3º da ESO

1. Favorecer a integración do alumnado no grupo e no centro, procurando a formación dun

grupo unido e cohesionado.

2. Estimular a participación na vida do centro: Xunta de Delegados/as, actividades extraescolares, etc...

3. Desenvolver hábitos de traballo e comportamento para favorecer a súa adaptación persoal.

4. Coñecer o funcionamento do centro e as normas de convivencia.

5. Previr as dificultades de aprendizaxe e adoptar solucións.

6. Informar e orientar ao alumnado dos itinerarios que poden realizar.

4º da ESO

1. Favorecer a integración do alumnado no grupo e no centro, procurando a formación dun grupo unido e cohesionado.

2. Reforzar e profundizar nas técnicas de traballo desenvolvidas nos cursos anteriores .

3. Estimular a participación na vida do centro: Xunta de Delegados/as, actividades extraescolares, etc...

4. Información e orientación ao alumnado e ás familias das saídas académicas e profesionais que teñen ao finalizar a ESO.

1º de Bacharelato

1. Facilitar a acollida e integración do alumnado de nova incorporación ao grupo e ao Instituto.

2. Coñecemento das características da nova etapa educativa por parte do alumnado e familias.

3. Mellorar as técnicas de aprendizaxe e de estudio.

4. Estimular a participación na vida do centro: Xunta de Delegados, actividades extraescolares, etc...

5. Informar e orientar ao alumnado e familias sobre as posibilidades académicas e profesionais.

2º de Bacharelato

1. Estimular a participación na vida do centro: Xunta de Delegados/as, actividades extraescolares, etc...

2. Informar e orientar ao alumnado e familias, sobre temas relacionados co seu futuro académico e profesional.

6. ACTUACIÓNS XERAIS PARA TODOS OS CURSOS

Explicitámolas nas tres dimensións de actuación: alumnado, profesorado e familias; agrupándoas en bloques/programas con propostas de actividades tipo que serán levadas a cabo por cada persoa titora segundo o nivel ou grupo clase concreto, sempre partindo das súas características e/ou necesidades.

CO ALUMNADO

I. ACOLLIDA E INTEGRACIÓN

FUNCÍONS	ACTIVIDADES XERAIS	POSIBLES RECURSOS/ESTRATEGIAS	TEMPORALIZACIÓN E RESPONSABLES
<p>Facilitar a toma de contacto do alumnado co Centro, aula, instalacións e recursos, así como co titor/a, profesorado e compañeiros/as</p>	<ul style="list-style-type: none"> a) Recepción do alumnado: Actos de presentación do Equipo Directivo, Equipo Docente e Orientador. b) Presentación do titor/a c) Coñecemento do Centro: instalacións e servicios, organización xeral... d) Coñecemento mutuo dos alumnos: presentación dos novos e) Presentación do plan de traballo xeral: <ul style="list-style-type: none"> - Características do curso - Directrices xerais - Normas de convivencia - Horarios xerais - Material, axenda.. f) Todo o profesorado do grupo contribuirá as xornadas de acollida presentando ao alumnado as súas áreas. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Exposición en gran grupo ● Visitas guiadas ● Dinámicas de interacción 	<p>1ª Quincena do curso</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Equipo Directivo ● Titor/a ● Orientador/a

II. COÑECEMENTO DO ALUMNADO, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO GRUPO-CLASE E DO INSTITUTO

FUNCIONS	ACTIVIDADES XERAIS	POSIBLES RECURSOS/ESTRATEGIAS	TEMPORALIZACIÓN E RESPONSABLES
<p>Recoller información, opinións, e propostas do alumnado para coñecer as súas características, tanto individuais como grupais, e, consecuentemente, planificar mellor as tarefas docentes e orientadoras</p>	<p>a) Coñecemento do alumnado polo titor/a: recollida de información inicial:</p> <ul style="list-style-type: none"> - De novo ingreso: cuestionarios familiar e persoal, informe do centro de procedencia. - Do centro: Informes Individualizados. <p>b) Características do grupo: niveis de aprendizaxe, necesidades educativas, estrutura, dinámica, adaptación, inxedanzas, motivación.</p> <p>c) Organización de apoios.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Informe Individualizado de primaria ● Expediente académico ● Cuestionarios ● Entrevista semiestructurada ● Sociograma ● Rexistros de observación 	<p>Ao longo de todo o curso</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Titor/a coa colaboración do D.O
<p>Motivar ao alumnado e promover accións para a súa participación na vida do Centro e para a adopción de condutas maduras e responsables</p>	<p>Funcionamento da aula:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Responsabilidades: dereitos e deberes - NOF: participación na vida do Centro, Plan de Convivencia - Delegado: coñecemento e reflexión sobre as funcións, importancia e calidade do delegado de curso. Elección - Normas de clase. Convivencia, Plan de Convivencia - Horarios - Grupos de traballo - Control de conduta 	<ul style="list-style-type: none"> ● Dossier informativo ● Cuestionarios ● Traballo en pequeno grupo ● Debate ● Posta en común ● Murais ● Contratos de continxencia 	<p>Na primeira quincena do curso Ao longo de todo o ano</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Titor/a en colaboración co DO.
<p>Fomentar no grupo actitudes que faciliten a convivencia, a integración e participación en todas as actividades do Centro</p>	<p>Plan da titoría:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballo colectivo, sesións e actividades que se pensan realizar. Xustificación. Novas propostas. - Actividades lúdicas programadas e/ou a programar: festas do Instituto, conmemoracións... - Actividades culturais: representacións teatrais e musicais, actividades deportivas, saídas, visitas... - Actividades extraescolares 	<ul style="list-style-type: none"> ● Plan de actividades do Equipo de Normalización Lingüística ● Plan de actividades do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares 	<p>Primeiras sesións da titoría</p> <ul style="list-style-type: none"> ● A que figure no programa anual de actividades do centro ● Titor/a e/ou responsable da actividade concreta.

III. SEGUIMIENTO, ORIENTACIÓN, APOIO Á APRENDIZAXE.

FUNCIONS	ACTIVIDADES XERAIS	POSIBLES RECURSOS/ESTRATEGIAS	TEMPORALIZACIÓN E RESPONSABLES
<p>1. Obter información sobre a evolución de cada alumno/a nas distintas áreas.</p> <p>2. Reflexionar co alumnado sobre as dificultades que teñan nas materias e formular propostas e peticións positivas para superalas.</p> <p>3. Seguimento e control da asistencia e puntualidade do alumnado e comunicación ao profesorado e ás familias.</p>	<p>a) Con periodicidade, reflexión sobre a marcha do curso atendendo ao conxunto de factores que actúan sobre o proceso educativo: traballo persoal, funcionamento do grupo, actuación do profesorado, programas..., buscando solución aos problemas que xurdan.</p> <p>b) Preavaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Proporcionar información relevante sobre a xunta de avaliación: datas, criterios compartidos, acordos de avaliación, criterios de promoción. - Autoavaliación do funcionamento do grupo-clase, individual e do proceso ensino-aprendizaxe. - Recollida da información obtida e acordada co alumnado para a xunta de avaliación. <p>c) Postavaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entrega de boletíns de avaliación - Valoración cualitativa e cuantitativa dos resultados - Poñer ó corrente ó grupo dos acordos tomados : asunción de compromisos e responsabilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Cuestionarios de autoavaliación ● Exposición en grupo/pequeno grupo ● Entrevistas individuais 	<p>Ao longo do curso e, de xeito relevante, na sesión previa e posterior á xunta de avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Titor/a ● Delegado/a ● Grupo-clase
<p>Detectar deficiencias no uso de técnicas de traballo intelectual. Mellora no alumnado da capacidade de planificar o tempo e organizar o traballo de estudio persoal e afrontar en condicións óptimas os exames.</p>	<p>Desenvolver un programa de técnicas de traballo intelectual no que se coordinaran as actuacións do titor ou titora coas do resto do profesorado do grupo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Programas de técnicas de traballo intelectual. 	<p>Entre o 1º e segundo trimestre.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Titor/a ● Xefe de Estudios ● Orientador

IV. ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

FUNCIONS	ACTIVIDADES XERAIS	POSIBLES RECURSOS/ESTRATEGIAS	TEMPORALIZACIÓN E RESPONSABLES
<p>1. Axudar ao alumnado na súa autoavaliación facilitando recursos e estratexias para a adquisición dun maior coñecemento de si mesmo, a estrutura do sistema educativo e do mundo laboral</p> <p>2. Avaliar as vantaxes e inconvenientes das distintas alternativas académicas e profesionais na busca da mellor opción persoal</p> <p>3. Organizar adecuadamente as informacións e experiencias adquiridas para deseñarse un itinerario, trazar un plan para logralo e tomar as decisións oportunas.</p>	<p><i>DE AUTOCOÑECEMENTO</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento dun plan de toma de decisións - Cuestionarios autoaplicables e autoavaliabes de personalidade, valores, relacións persoais, intereses, aptitudes.. - Autoinformes persoais - Aplicación de inventarios sobre aptitudes intelectuais, intereses profesionais..... - Análise da traxectoria escolar <p><i>DE COÑECEMENTO DO MUNDO EDUCATIVO E LABORAL</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Comentario e análise de dossiers informativos (estudos, carreiras, profesións, xacementos de emprego...) - Folletos coas ofertas educativas propias do centro e do entorno - Información das materias optativas - Manexo e consulta de programas informáticos - Charlas de antigo alumnado e profesionais - Observación de profesións e traballos - Visualización de material con información académico-profesional - Posibles visitas a empresas e centros de interese <p><i>DE TOMA DE DECISIONS</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización de guías semiestructuradas - Entrevistas coa orientadora e/ou titor/a 	<ul style="list-style-type: none"> ● Cadernos de orientación-información ● Inventarios ● Cuestionarios ● Autoinformes ● Guías, folletos, bibliografía ● Programas informáticos ● Internet ● Charlas informativas ● Entrevistas ● Técnicas de grupo ● Apoio psicopedagóxico ● Vídeos ● Visitas ● Análise de casos 	<p>No 2º e 3º trimestre</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Coordina D.O., colabora a persoa titora e participa todo o profesorado e o equipo directivo.

CO EQUIPO DOCENTE

V. AVALIACIÓN DO PROCESO ENSINANZA-APRENDIZAXE

FUNCÍONS	ACTIVIDADES XERAIS	POSIBLES RECURSOS/ESTRATEGIAS	TEMPORALIZACIÓN E RESPONSABLES
<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoller e sistematizar información inicial útil sobre o grupo e de cada alumno/a. 2. Obter e contrastar información, opinións e suxerencias do profesorado sobre os variados aspectos que afectan ao grupo e/ou ao alumnado en particular. 3. Coordinar estratexias e criterios cos equipos docentes para dar resposta á diversidade. 4. Organizar, coordinar e presidir as sesións de avaliación educativa do grupo. 5. Implicar ao profesorado nas tarefas do PAT. 6. Axustar a resposta educativa ás necesidades, tanto grupais como persoais, do alumnado aplicando as necesarias medidas de atención á diversidade. 	<p>Avaliación inicial, con especial fincapé en 1º e 2º da ESO.</p> <p>Coordinación das sesións de avaliación</p> <p>Avaliación final:</p> <p>Cumplimentación dos Informes</p> <p>Consello Orientador</p> <p>Desenvolvemento e avaliación dos acordos tomados: responsabilidades compartidas</p> <p>Concreción da participación do profesorado nas tarefas orientadoras (estratexias de traballo intelectual, orientación académica e profesional...)</p> <p>Elaboración do plan de actuación para o tratamento da diversidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O propio PAT e o POAP - Organización de actividades de RE - Agrupamentos - Apoios - Adaptacións 	<ul style="list-style-type: none"> ● Expedientes de Primaria ● Cuestionarios ● Técnicas de observación. ● Probas de nivel nas materias instrumentais. ● Entrevistas ● Técnicas grupais ● Actas-resumo de avaliación ● Consello orientador ● Plan de atención á diversidade ● RE: horario escolar e extraescolar ● Apoios: dentro e/ou fóra da aula ● Agrupamentos ● Adaptacións curriculares 	<p>Equipo educativo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación inicial: outubro - Sesións de avaliación - Avaliación final <p>CCP</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación da avaliación. <p>Titor/a</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver as actividades de avaliación - Coordinar as medidas educativas - Xunto coa Orientadora, coordinar as adaptacións <p>Orientador/a</p> <ul style="list-style-type: none"> - Colaborar na organización de apoios - Adaptacións curriculares <p>Planificación das actuacións para tratar a diversidade: setembro/outubro</p> <p>Organización de reforzos específicos e apoios: setembro/outubro</p> <ul style="list-style-type: none"> - RE: todo o curso. Revisión trimestral - No seu caso, adaptacións curriculares: 1º trimestre - Reunións, a demanda do titor/a, para tratar problemas puntuais: no momento da solicitude.

FUNCIONES	ACTIVIDADES XERAIS	POSIBLES RECURSOS/ESTRATEGIAS	TEMPORALIZACIÓN E RESPONSABLES
<p>1. Contribuír á axeitada relación e interacción entre os distintos compoñentes da comunidade educativa.</p> <p>2. Informar ás familias de todos os temas relacionados coa educación dos seus fillos e fillas.</p> <p>3. Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.</p> <p>4. Intercambiar información sobre o alumnado para afondar nas situacións que o precisen enfocada a unha mellor orientación e formulación conxunta e corresponsable dun plan de intervención</p>	<p>Reunión colectiva coas familias do alumnado de grupo ou nivel para informar sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Programación xeral anual: obxectivos do Centro, Etapa, ciclo - Proceso de avaliación. Pautas de conducta - Actividades extraescolares e complementarias - Organización do plan de traballo individual - Propostas de colaboración <p>Reunións para informar e pedir colaboración ás familias en relación a diversos programas: técnicas de traballo intelectual, orientación vocacional</p> <p>Colaboración das familias en visitas, actividades extraescolares, festas, actividades culturais...</p> <p>Reunións coas familias de alumnado en risco.</p> <p>Entrevistas coas familias para:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comunicar as faltas de asistencia e controlar as xustificacións - Intercambiar información sobre actitude, comportamento, hábitos, intereses..., rendemento escolar, necesidades educativas, integración no grupo, traballo persoal, etc. - Deseño plan de intervención - Seguimento e avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> ● Documentos informativos ● Reunións de inicio de curso ● Reunións durante o curso, previamente convocadas ● Cuestionarios dirixidos ás familias ● Charlas-coloquio ● Exposición e debate ● Reunións en pequeno grupo ● Contactos e colaboración coa ANPA ● Entrevista individual 	<p>Ao longo do curso segundo planificación e necesidades puntuais da titoría</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Titor/a coa colaboración, no seu caso, do DO



7. COORDINACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

1º) A través das reunións periódicas das persoas responsables da titoría coas Xefaturas de Estudos e do Departamento de Orientación previstas, articularanse os recursos (tanto persoais como materiais) e o asesoramento e apoio necesario para que sexa posible o desenvolvemento dos plans dunha forma coordinada.

2º) Ao longo do curso, as Xefaturas de Estudos e de Orientación irán facendo un seguimento do desenvolvemento dos plans para introducir os axustes necesarios.

3º) Para a avaliación teranse en conta aspectos como:

A) Procedencia de datos

Empregaranse datos suministrados por:

- Persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento: departamento, titores/as, profesorado.
- Destinatarios: profesorado, alumnado, familias.

B) Instrumentos para a recollida de datos:

- Intercambios orais.
- Escalas e cuestionarios.
- Entrevistas.

C) Criterios:

- Adecuación do Plan ás necesidades reais do Centro.
- Logros acadados co referente dos obxectivos previstos.
- Adecuación da temporalización.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Cos datos recollidos elaborarase a memoria ao finalizar o curso. As conclusións obtidas da avaliación serán tidas en conta para introducir as modificacións e axustes necesarios no Plan nos vindeiros cursos.



8. MARCO LEGAL

LOMLOE Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.

LEI 4/ 2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27-01-2015)

9. PROPOSTAS DE CONTIDOS

Estrutúranse en grandes bloques de contidos, incidindo con maior ou menor énfasis en cada un deles en función do nivel:

1. Aprender a convivir:

- Xornadas de acollida
- Actividades sobre os dereitos e deberes e as normas de convivencia
- Participación no goberno do centro:
 - Consello Escolar
 - Xunta de Delegados/as (elección de delegados/as)
- Actividades sobre convivencia
- Actividades sobre habilidades sociais
- Actividades sobre a tolerancia e o respecto

2. Programas encamiñados ao autocoñecemento e desenvolvemento persoal do alumnado:

- Coñecemento e autocoñecemento da súa situación de aprendizaxe: dificultades, logros, habilidades, reforzos...
- Actividades e/ou Programas para desenvolver a autoestima, a atención á diversidade ...
- Análise da información referente ao alumnado.
- Educación para a saúde: (traballo preventivo sobre el consumo de sustancias, hábitos saudables,



3. Programas sobre técnicas de estudio e estratexias de aprendizaxe

- Autocoñecemento: o perfil como estudante
- Planificación e organización do estudo: tempos, lugares, condicións ambientais do estudo...
- Desenvolvemento de diferentes técnicas: resume, esquema, mapa conceptual...
- Información do manexo da Biblioteca do centro

4. Programas para a orientación académica e profesional

- Os organizados no Plan de Orientación Académica e Profesional

10. ESQUEMA DE TRABAJO E TEMPORALIZACIÓN

1º DE ESO

1º TRIMESTRE ALUMNADO	2º trimestre ALUMNADO	3º trimestre ALUMNADO
Xornadas de acollida: (a desenvolver nas primeiras semanas do curso) <ul style="list-style-type: none"> • Recepción • O Centro • Dinámicas de coñecemento persoal • Dinámicas de interacción • Cuestionarios para a Titoría 	Educación en valores, programas a determinar anualmente	Educación en valores, programas a determinar anualmente
Informar ao alumnado sobre as actividades extraescolares programadas polo centro e estimular a súa participación.		Orientación académica e profesional: <ul style="list-style-type: none"> • Información de 2º da ESO
A Titoría: Organización, Programación, plan de traballo, etc	Educación para a Paz: día mundial da Paz	Semana das Letras Galegas
Coñecemento do alumnado polo titor/A: recollida de información inicial: <ul style="list-style-type: none"> - De novo ingreso: cuestionario/s familiar e persoal, informe do centro de procedencia. - Do centro: informes Individualizados. 		Ocio e tempo libre
Características do grupo: niveis de aprendizaxe, necesidades educativas, estrutura, dinámica, adaptación, inxedanzas, motivación.	Técnicas de traballo intelectual	Avaliación da titoría.
Elección de Delegado ou delegada: <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento e reflexión sobre as funcións • Importancia e cualidades do delegado/a de curso. • Candidaturas e elección 		
Coñecer Plan de Convivencia e o NOF do noso centro. <ul style="list-style-type: none"> • Participación na vida do Centro. • Dereitos e deberes .Normas de Convivencia . 	Día Internacional da Muller	
Educación en valores, programas a determinar anualmente		
Respecto as diferenzas individuais: Dereitos humanos, Dereitos na Constitución	Preparación da 2ª avaliación: unha sesión anterior á xunta de avaliación onde se realiza unha autoavaliación e outra sesión despois para entrega de boletíns, valoración dos resultados, e transmitir ao alumnado os acordos tomados.	Preparación da 3ªavaliación: unha sesión anterior á xunta de avaliación onde se realiza unha autoavaliación e outra sesión despois para entrega de boletíns, valoración dos resultados, e transmitir ao alumnado os acordos tomados.
Preparación da 1ª avaliación: unha sesión anterior á xunta de avaliación onde se realiza unha autoavaliación e outra sesión despois para entrega de boletíns, valoración dos resultados, e transmitir ao alumnado os acordos tomados.		
FAMILIAS	FAMILIAS	FAMILIAS
Contacto inicial co alumnado de máis dificultades (setembro- outubro)	Seguimento do alumnado con máis dificultades	Seguimento do alumnado con máis dificultades
Reunións coas familias .	Atención individual (horario de titoría de familias)	Consulta de familias sobre o futuro dos seus fillos/as
Atención individual (horario de titoría de familias)		Atención individual (horario de titoría de familias)
PROFESORADO	PROFESORADO	PROFESORADO
Avaliación Inicial: Preparación da sesión e análise de dificultadesa	Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren	Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren
Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren	Reunión co DO cando se estime necesario.	Reunión co DO cando se estime necesario
Reunión con DO cando se estime necesario.	Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (2ª)	Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (3ª)
Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (1ª)		

2º DE ESO

1º TRIMESTRE ALUMNADO	2º trimestre ALUMNADO	3º trimestre ALUMNADO
Jornadas de acollida: (a desenvolver nas primeiras semanas do curso) <ul style="list-style-type: none"> • Recepción • O Centro • Dinámicas de coñecemento persoal • Dinámicas de interacción • Cuestionarios para a Tutoría 	Educación en valores, programas a determinar anualmente	Educación en valores: programas a determinar anualmente
Informar ao alumnado sobre as actividades extraescolares programadas polo centro e estimular a súa participación.		Orientación académica e profesional: <ul style="list-style-type: none"> • Tomando decisións • Mirando ao futuro • Información de 3º da ESO
A Tutoría: Organización, Programación, plan de traballo, etc.	Técnicas de traballo intelectual	Semana das Letras Galegas
Coñecemento do alumnado polo titor/a: recollida de información inicial: <ul style="list-style-type: none"> - De novo ingreso: cuestionario/s familiar e persoal, informe do centro de procedencia. - Do centro: informes Individualizados. 		Ocio e tempo libre
Características do grupo: niveis de aprendizaxe, necesidades educativas, estrutura, dinámica, adaptación, inxedanzas, motivación.	Preparación da 2ª avaliación: unha sesión anterior á xunta de avaliación onde se realiza unha autoavaliación e outra sesión despois para entrega de boletíns, valoración dos resultados, e transmitir ao alumnado os acordos tomados.	Avaliación da tutoría.
Elección de Delegado ou delegada: <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento e reflexión sobre as funcións • Importancia e cualidades do delegado/a de curso. • Candidaturas e elección 		
Coñecer o Plan de Convivencia , NOF do noso centro. <ul style="list-style-type: none"> • Participación na vida do Centro. • Dereitos e deberes .Normas de Convivencia . 	Educación para a Paz: día mundial da Paz	
Educación en valores: programas a determinar anualmente		
Respecto ás diferenzas individuais: Dereitos humanos, Dereitos na Constitución	Día Internacional da Muller	Semana das Letras Galegas
Preparación da 1ª avaliación: unha sesión anterior á xunta de avaliación onde se realiza unha autoavaliación e outra sesión despois para entrega de boletíns, valoración dos resultados, e transmitir ao alumnado os acordos tomados.		
FAMILIAS	FAMILIAS	FAMILIAS
Contacto inicial co alumnado de máis dificultades (setembro- outubro)	Seguimento do alumnado con máis dificultades	Seguimento do alumnado con máis dificultades
Reunións coas familias.	Atención individual (horario de tutoría de familias)	Atención individual (horario de tutoría de familias)
Atención individual (horario de tutoría de familias)		Información ás familias sobre o futuro dos seus fillos/as
PROFESORADO	PROFESORADO	PROFESORADO
Avaliación Inicial: Preparación da sesión e análise de dificultades.	Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren	Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren
Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren	Reunión co DO cando se estime necesario.	Reunión co DO cando se estime necesario
Reunión co DO cando se estime necesario.	Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (2ª)	Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (3ª)
Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (1ª)		

3º DA ESO

1º TRIMESTRE	2º trimestre	3º trimestre
ALUMNADO	ALUMNADO	ALUMNADO
Jornadas de acollida: (a desenvolver nas primeiras semanas do curso) <ul style="list-style-type: none"> • Recepción • O Centro • Dinámicas de coñecemento persoal • Dinámicas de interacción • Cuestionarios para a Tutoría 	Habilidades sociais e educación en valores, programas a determinar anualmente	Orientación académica e profesional: <ul style="list-style-type: none"> • Autoconecemento • Coñecemento da mundo educativo e laboral: • Información da estrutura de 4º da ESO • Có título ESO • Sen título da ESO
Informar ao alumnado sobre as actividades extraescolares programadas polo centro e estimular a súa participación.		Semana das Letras Galegas.....
A Tutoría: Organización, Programación, plan de traballo, etc.	Día Internacional da Muller: A violencia de xénero	Ocio e tempo libre.....
Coñecemento do alumnado polo titor/a: recollida de información inicial: <ul style="list-style-type: none"> - De novo ingreso: cuestionario/s familiar e persoal, informe do centro de procedencia. - Do centro: informes Individualizados. 		Avaliación da tutoría.
Características do grupo: niveis de aprendizaxe, necesidades educativas, estrutura, dinámica, adaptación, inqedanzas, motivación. Elección de Delegado ou delegada: <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento e reflexión sobre as funcións • Importancia e cualidades do delegado/a de curso. • Candidaturas e elección 	Habilidades sociais e educación en valores, programas a determinar anualmente	
Coñecer o Plan de Convivencia , NOF do noso centro. <ul style="list-style-type: none"> • Participación na vida do Centro. • Dereitos e deberes. Normas de Convivencia . 	Día Internacional da Muller: A violencia de xénero	
Habilidades sociais e educación en valores (programas a determinar anualmente)		
Respecto as diferenzas individuais: Dereitos humanos, Dereitos na Constitución	Habilidades sociais e educación en valores, programas a determinar anualmente	
Preparación da 1ª avaliación: unha sesión anterior á xunta de avaliación onde se realiza unha autoavaliación e outra sesión despois para entrega de boletíns, valoración dos resultados, e transmitir ao alumnado os acordos tomados.		
FAMILIAS	FAMILIAS	FAMILIAS
Contacto inicial co alumnado de máis dificultades (setembro- outubro)	Seguimento do alumnado con máis dificultades	Orientación académica e profesional: Autoconecemento, Coñecemento da mundo educativo e laboral:, Información da estrutura de 4º da ESO, con e sen o título ESO...
Asemblea coas familias.	Atención individual (horario de tutoría de familias)	Semana das Letras Galegas.....
Atención individual (horario de tutoría de familias)		Ocio e tempo libre.....
PROFESORADO	PROFESORADO	PROFESORADO
Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren	Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren	Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren
Reunión co DO cando se estime necesario	Reunión co DO cando se estime necesario	Reunión co DO cando se estime necesario
Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (1ª)	Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (2ª)	Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (3ª)

4º DA ESO

1º TRIMESTRE	2º trimestre	3º trimestre
ALUMNADO	ALUMNADO	ALUMNADO
Jornadas de acollida: (a desenvolver nas primeiras semanas do curso) <ul style="list-style-type: none"> • Recepción • O Centro • Dinámicas de coñecemento persoal • Dinámicas de interacción • Cuestionarios para a Tutoría 	Habilidades sociais e educación en valores, programas a determinar anualmente	Programa de orientación académica e profesional: <ul style="list-style-type: none"> • Co título ESO • Sen título da ESO
Informar ao alumnado sobre as actividades extraescolares programadas polo centro e estimular a súa participación.		
A Tutoría: Organización, Programación, plan de traballo, etc.	Programa de orientación académico profesional: ¿E despois da ESO..... que?	Ocio e tempo libre
Coñecemento do alumnado polo titor/a: recollida de información inicial: <ul style="list-style-type: none"> - De novo ingreso: cuestionario/s familiar e persoal, informe do centro de procedencia. - Do centro: informes Individualizados. 		Avaliación da tutoría.
Características do grupo: niveis de aprendizaxe, necesidades educativas, estrutura, dinámica, adaptación, inxedanzas, motivación.		Preparación da 3ªavaliación: unha sesión anterior á xunta de avaliación onde se realiza unha autoavaliación e outra sesión despois para entrega de boletíns, valoración dos resultados, e transmitir ao alumnado os acordos tomados.
Elección de Delegado ou delegada: <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento e reflexión sobre as funcións • Importancia e cualidades do delegado/a de curso. • Candidaturas e elección 		
Coñecer o Plan de Convivencia e NOF do noso centro. <ul style="list-style-type: none"> • Participación na vida do Centro. • Dereitos e deberes. Normas de Convivencia . 		
Respecto as diferenzas individuais: Dereitos humanos, Dereitos na Constitución		
Preparación da 1ª avaliación: unha sesión anterior á xunta de avaliación onde se realiza unha autoavaliación e outra sesión despois para entrega de boletíns, valoración dos resultados, e transmitir ao alumnado os acordos tomados.		
FAMILIAS	FAMILIAS	FAMILIAS
Contacto inicial co alumnado de máis dificultades (setembro- outubro)	Seguimento do alumnado con máis dificultades	Seguimento do alumnado con máis dificultades
Asemblea cos familias.	Atención individual (horario de tutoría de familias)	Información ás familias sobre o futuro dos seus fillos/as
Atención individual (horario de tutoría de familias)		Atención individual (horario de tutoría de familias)
PROFESORADO	PROFESORADO	PROFESORADO
Avaliación Inicial: Preparación da sesión e análise de dificultades.	Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren	Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren
Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren	Reunión co DO cando se estime necesario.	Reunión co DO cando se estime necesario
Reunión co DO cando se estime necesario	Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (2ª)	Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (3ª)
Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (1ª)		

1º BACHARELATO

1º TRIMESTRE ALUMNADO	2º trimestre ALUMNADO	3º trimestre ALUMNADO
<p>Xornadas de acollida:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Recepción ● Proporcionarles información sobre calendario escolar, horario, profesorado do grupo, calendario de avaliacións, etc ● Realizar actividades específicas dirixidas a facilitar o coñecemento mutuo entre o alumnado e entre estos e o titor ou titora e a iniciar a creación dun grupo unido e cohesionado a través de diferentes técnicas grupais. ● Proporcionarlle ao alumnado información sobre as características da etapa que inician: finalidades, avaliación, calificacións, posibilidades de permanencia, etc. 	<p>Manter entrevistas individuais co alumnado en risco de non superar o curso.</p>	<p>Manter entrevistas individuais cos alumnos/as en situación de non superar o curso.</p>
<p>Coñecemento do alumnado polo titor/a: recollida de información inicial:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Coñecer a situación académica, persoal e sociofamiliar do alumnado do grupo, especialmente de aqueles que se atopan en situacións desfavorecidas ou de nova incorporación ao centro, a través de instrumentos como os cuestionarios para a titoría. 		<p>Orientar ao alumnado con poucas posibilidades de superar o curso sobre as súas posibilidades de permanencia na etapa, condicións de cambio de modalidade, cambio na modalidade de estudos, etc</p>
<p>Elección de Delegado ou delegada:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Coñecemento e reflexión sobre as funcións ● Importancia e cualidades do delegado/a de curso. ● Candidaturas e elección 	<p>Desenvolvemento das actividades de orientación académico profesional:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Facilitar ao alumnado guías e materiais para a consulta individual de información sobre estudos e profesións. ● Proporcionar ao alumnado información obxectiva e precisa sobre os itinerarios formativos do bacharelato e as opcións de segundo curso. 	<p>Desenvolvemento das actividades de orientación académico profesional: Información sobre a optatividade de 2º de bacharelato e a súa implicación en estudos posteriores; Información sobre as PAU: estrutura, calificación e vinculación cos estudos universitarios; Información sobre o acceso e admisión nos CFGS e a conexión cos estudos universitarios; Acompañar ao alumnado na consulta a través da TIC sobre os estudos que poden realizar ao finalizar a súa escolarización..</p>
<p>Coñecer o Plan de Convivencia , NOF do noso centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Organización e funcionamento do centro: organigrama de goberno, órganos de coordinación docente, Xunta de delegados/as. Participación na vida do Centro. ● Dereitos e deberes . Normas de Convivencia . 		
<p>Informar ao alumnado sobre as actividades extraescolares programadas polo centro e estimular a súa participación.</p> <p>A 1ª Avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Recoller as aportacións e suxerencias do grupo sobre o desenvolvemento e resultados do proceso educativo ao longo do trimestre e trasladar á Xunta de avaliación as inxedanzas e propostas do alumnado. ● Informar ao grupo do desenvolvemento e acordos tomados na sesión de avaliación. 		<p>A 3ª Avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Recoller as aportacións e suxerencias do grupo sobre o desenvolvemento e resultados do proceso educativo ao longo do trimestre e trasladar á Xunta de avaliación as inxedanzas e propostas do alumnado. ● Informar ao grupo do desenvolvemento e acordos tomados na sesión de avaliación.
FAMILIAS	FAMILIAS	FAMILIAS
<p>Informar ás familias do alumnado con máis dificultades</p>	<p>Comunicarse coas familias do alumnado con poucas posibilidades de superar o curso para informarles sobre as opcións académicas das que dispoñen.</p>	<p>Comunicarse coas familias do alumnado con poucas posibilidades de superar o curso para informarles sobre as opcións académicas das que dispoñen.</p>
<p>Atención individual (horario de titoría de familias)</p>	<p>Atención individual (horario de titoría de familias)</p>	<p>Atención individual (horario de titoría de familias)</p>
PROFESORADO	PROFESORADO	PROFESORADO
<p>Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren</p>	<p>Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren</p>	<p>Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren</p>
<p>Reunión co DO cando se estime necesario.</p>	<p>Reunión co DO cando se estime necesario.</p>	<p>Reunión co DO cando se estime necesario.</p>
<p>Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (1ª). Levantar acta na sesión de avaliación dos acordos tomados.</p>	<p>Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (2ª). Levantar acta na sesión de avaliación dos acordos tomados.</p>	<p>Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (3ª). Levantar acta na sesión de avaliación dos acordos tomados.</p>

2º BACHARELATO

1º TRIMESTRE ALUMNADO	2º trimestre ALUMNADO	3º trimestre ALUMNADO
<p>Xornadas de acollida:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Recepción ● Proporcionarles información sobre calendario escolar, horario, profesorado do grupo, calendario de avaliacións, etc ● Realizar actividades específicas dirixidas a facilitar o coñecemento mutuo entre o alumnado e entre estos e o titor ou titora e a iniciar a creación dun grupo unido e cohesionado a través de diferentes técnicas grupais. ● Proporcionarlle ao alumnado sobre as características do curso que inician: finalidades, avaliación, calificacións, posibilidades de permanencia, etc. 	<p>Manter entrevistas individuais co alumnado en situación de risco de non superar o curso.</p>	<p>Manter entrevistas individuais co alumnado en situación de risco de non superar o curso.</p>
<p>Coñecemento do alumnado polo titor/a: recollida de información inicial:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Coñecer a situación académica, persoal e sociofamiliar do alumnado do grupo, especialmente de aqueles que se atopan en situacións desfavorecidas ou de nova incorporación ao centro, a través de instrumentos como os cuestionarios para a titoría. 	<p>Orientar ao alumnado con poucas posibilidades de superar o curso sobre as súas posibilidades de permanencia na etapa, condicións de cambio de modalidade, cambio na modalidade de estudos, etc</p>	<p>Orientar ao alumnado con poucas posibilidades de superar o curso sobre as súas posibilidades de permanencia na etapa, condicións de cambio de modalidade, cambio na modalidade de estudos, etc</p>
<p>Elección de Delegado ou delegada:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Coñecemento e reflexión sobre as funcións ● Importancia e cualidades do delegado/a de curso. ● Candidaturas e elección 	<p>Desenvolvemento das actividades de orientación académico profesional:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Facilitar ao alumnado guías e materiais para a consulta individual de información sobre estudos e profesións. ● Proporcionar ao alumnado información obxectiva e precisa sobre os itinerarios formativos do bacharelato e as opcións de segundo curso. 	<p>Desenvolvemento das actividades de orientación académico profesional: Información sobre as PAU: estrutura, calificación e vinculación cos estudos universitarios; Información sobre o acceso e admisión nos CFGS e a conexión cos estudos universitarios; Acompañar ao alumnado na consulta a través da TIC sobre os estudos que poden realizar ao finalizar a súa escolarización..</p>
<p>Coñecer o Plan de Convivencia, NOF do noso centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Organización e funcionamento do centro: organigrama de goberno, órganos de coordinación docente, Xunta de delegados/as. Participación na vida do Centro. ● Dereitos e deberes . Normas de Convivencia . 		
<p>Informar ao alumnado sobre as actividades extraescolares programadas polo centro e estimular a súa participación.</p> <p>A 1ª Avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Recoller as aportacións e suxerencias do grupo sobre o desenvolvemento e resultados do proceso educativo ao longo do trimestre e trasladar á Xunta de avaliación as inxedanzas e propostas do alumnado. ● Informar ao grupo do desenvolvemento e acordos tomados na sesión de avaliación. 	<p>Manter entrevistas individuais co alumnado en situación de risco de non superar o curso.</p>	
FAMILIAS	FAMILIAS	FAMILIAS
<p>Informar ás familias do alumnado con máis dificultades</p>	<p>Comunicarse coas familias daquese alumnado con poucas posibilidades de superar o curso para informarles sobre as opcións académicas de que dispoñen.</p>	<p>Comunicarse coas familias daquese alumnado con poucas posibilidades de superar o curso para informarles sobre as opcións académicas de que dispoñen.</p>
<p>Atención individual (horario de titoría de familias)</p>	<p>Atención individual (horario de titoría de familias)</p>	<p>Atención individual (horario de titoría de familias)</p>
PROFESORADO	PROFESORADO	PROFESORADO
<p>Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren</p>	<p>Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren</p>	<p>Contacto individual e reunión do equipo docente se as circunstancias o requiren</p>
<p>Reunión co DO cando se estime necesario.</p>	<p>Reunión co DO cando se estime necesario.</p>	<p>Reunión co DO cando se estime necesario.</p>
<p>Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (1ª). Levantar acta na sesión de avaliación dos acordos tomados.</p>	<p>Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (2ª). Levantar acta na sesión de avaliación dos acordos tomados.</p>	<p>Coordinación da avaliación. Xuntas de avaliación (3ª). Levantar acta na sesión de avaliación dos acordos tomados.</p>

1. ACTUACIÓNS DE APOIO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN AO P.A.T.

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
Establecer os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías	Elaboración/revisión da proposta do PAT Concretar as actividades comúns e específicas para cada nivel e etapa	Reunións iniciais coa CCP, cos titores/as.	Inicio do curso
Posibilitar a coordinación entre titorías do mesmo nivel, ciclo e etapa	Reunións cos titores do mesmo nivel da ESO para planificar, coordinar e avaliar as actuacións conxuntas e individuais.	Reunión do D.O. cos titores/as e X.E.	Ao longo do curso
Contribuír ao deseño e desenvolvemento das programacións titoriais de curso e nivel	Asesorar aos titores sobre as responsabilidades e tarefas da titoría. Recopilar e elaborar materiais para traballar na titoría Desenvolver a programación titorial na aula Participar en reunión coas familias Asesorar e atender a alumnos e pais- nais	Xornada de acollida de titores/as. Reunións de coordinación de titores/as Aportar material de titoría e elaboralo cando proceda Reunións de coordinación Reunión con pais-nais. Entrevistas individuais	Principio de curso Setembro-outubro Ao longo do curso Ao longo do curso Ao demandarse Ao demandarse.
Contribuír ao seguimento do proceso de ensino- aprendizaxe	Formular propostas na CCP Asesorar en procedementos, técnicas e instrumentos de avaliación do proceso de E-A Participación do D.O. nas Xuntas de Avaliación. Seguimento do alumnado e organizar os apoios necesarios	Reunións da Comisión de Coord. Pedagóxica Xuntas de Avaliación.	Ao longo do curso Trimestralmente.
Proporcionar a titores/as e profesorado técnicas e estratexias para facilitar a realización de actividades e relación co alumnado, profesorado e coas familias.	Asesoramento aos titores e profesores en técnicas de dinámica de grupos, relacións interpersoais, técnicas de observación e entrevista	Reunión de titorías Reunión de profesores/as	Ao longo do curso Ao demandarse.
Promover a formación de titores/as e profesorado mediante a autoformación e participación en actividades de formación organizadas.	Formación de titores/grupos de traballo Adquisición, análise e difusión de bibliografía sobre temas educativos Información sobre cursos, conferencias e actividades de formación	Reunión de coordinación Reunión de grupos de traballo Reunión de equipos docentes Carteis, Uso do taboleiro de anuncios	Ao longo do curso
Canalizar as demandas dos titores e outras instancias do centro e estudar con eles as posibilidades e formas de atendelas	Recollida de demanda dos titores Propostas do D.O. e estudo conxunto das formas de intervención posibles.	Reunións dos implicados	Ao demandarse.
Avaliar o funcionamento do Plano, as programacións titoriais e a intervención do D.O.	Determinar os procedementos e selección, elaboración de instrumentos para a avaliación Elaboración dunha memoria sobre o funcionamento do PAT.	Reunión de coordinación de titorías Reunións do D.O. Redacción da Memoria polo Xefe do D.O.	3º trimestre Xuño

BLOQUE A.- BENVIDOS: Actividades de acollida, presentación e integración. Ámbito Social

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS	ACTIVIDADES
Facilitar a toma de contacto do alumnado co Centro, a aula, as instalacións e recursos, así como cos compañeiros/as, titor/a e profesorado	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación da persoa titora e Equipo Directivo ao alumnado • Presentación de alumnado recién incorporado ao centro • Visita das instalacións e dependencias do centro e explicación das súas funcións • Informar sobre o equipo docente, horarios, clases, titorías, recreos, atención a familias, avaliacións, etc. • Información sobre a organización e funcionamento do centro. 	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición en gran grupo • Técnicas de grupo para mellorar as relacións interpersoais • Visitar as dependencias do centro.
Recoller información, opinións e propostas do alumnado útiles para coñecerlos mellor e para a planificación das tarefas docentes e orientadoras	<ul style="list-style-type: none"> • Recollida de información sobre antecedentes escolares, persoais, familiares e sociais, así como necesidades, experiencias, expectativas académicas e profesionais, motivacións, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionarios • Entrevistas iniciais • Sociograma • Técnicas de grupo. • Observacións • Informes de titoría e profesorado do curso anterior • Expediente académico.

BLOQUE B.- ACTIVIDADES DE CONVIVENCIA. Ámbito Social. Aprender a vivir xuntos.

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Promover actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación do alumnado na vida do instituto, elección de representantes, festas e excursións, actividades culturais e extraescolares, en colaboración co Departamento de Actividades Extraescolares	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de propostas, establecemento de comisións, pactar funcións e responsabilidades e planificar as intervencións de cada comisións (por exemplo: comisión de festas, comisión de actividades culturais, comisión de excursións, etc) 	<ul style="list-style-type: none"> • Técnicas de grupo: chuvia de ideas, Phillip 6.6. • Creación de comisións • Traballo en pequenos grupos.

BLOQUE C.- NORMAS, OBXECTIVOS E FUNCIONAMENTO DO GRUPO. Ámbito Social.

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Motivar ao alumnado a participar nas actividades do Instituto e no seu funcionamento	<ul style="list-style-type: none"> • Proporcionar información sobre a estrutura organizativa e os obxectivos do Centro (Órganos de goberno, unipersoais, colexiados, PE, etc) 	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición en gran grupo • Traballo en pequenos grupos.
Informar ao alumnado sobre a estrutura, organización, funcionamento do Centro e as posibilidades que ofrece	<ul style="list-style-type: none"> • Estudio, análise e valoración do Dereitos e Deberes do alumnado e Normas de Organización e Funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> • Traballo en pequenos grupos • Posta en común • Debate.
Promover que o grupo adopte normas de conduta e funcionamento maduras, exercitando os seus dereitos e responsabilidades para consigo mesmos, cos compañeiros/as, co profesorado e co Centro.	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición das formas de participación do alumnao na vida do Centro e canles para participar as persoas representantes • Actividades previas á elección de delegado/a (funcións, perfil, responsabilidades) 	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionarios • Estudio de casos • Role-Play • Campaña electoral • Votación.
Concretar a partir das normas xerais do Centro as que rexerán para a clase durante o curso	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dun mural que recolla as normas da clase 	<p>Traballo en pequenos grupos</p> <p>Posta en común</p>

BLOQUE D.- OBXECTIVOS E FUNCÍONS DA TITORÍA. Ámbito Social. Aprender a vivir xuntos.

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Informar ao alumnado sobre a Programación titorial: quen a elaborou, para que serve, que poden aportar.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentar o informe que contén os obxectivos, actividades e xustificalos • Contestar a un cuestionario que conteña preguntas relativas ás titorías, ás súas funcións, ás actividades, ás finalidades, á rentabilidade, etc. • Síntese e redacción das aportacións do alumnado e modificación das programación titorial no que sexa positivo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición en grupo • Cuestionario • Traballo en pequenos grupos • Posta en común.

BLOQUE E.- TÉCNICAS DE TRABAJO INTELECTUAL Ámbito Persoal. Aprender a aprender.

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Identificar os factores condicionantes do estudio e utilízalos en beneficio propio	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades para sensibilizar sobre a necesidade e o beneficio que supón o uso e aplicación estratéxica das técnicas no estudio persoal 	<ul style="list-style-type: none"> • Traballo en pequenos grupos • Cuestionario
Adquirir a capacidade de planificar o estudio	<ul style="list-style-type: none"> • Determinar os hábitos de estudio do alumnado 	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario inicial • 2ª aplicación un trimestre despois
Proporcionar e afianzar o uso das técnicas de traballo intelectual e integralas de forma unitaria no seu proceso de aprendizaxe mediante un método persoal de traballo intelectual	<ul style="list-style-type: none"> • Análise dos factores condicionantes do estudio e formas de utilízalas en beneficio propio • Exercitación do método de estudio L2SERM (lectura exploratoria, lectura comprensiva, subraiado, esquema, resume, memorización) 	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos en pequeno grupo • Posta en común. • Traballos individuais.
Aplicar as técnicas de traballo intelectual nas distintas áreas e materias	<ul style="list-style-type: none"> • Estratexias para aumentar o rendemento na clase (tomar apuntes, preparación de exames, lectura colectiva) • Exercitar o uso de técnicas específicas: diagramas, mapas conceptuais, resumes, gráficos, etc. • Técnicas de estudio específicas para a Universidade: notas a pé de páxina, citas bibliográficas, técnicas de documentación, uso de arquivos, ficheiros... 	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición en gran grupo • Traballo en pequenos grupos • Exemplificacións • Traballo persoal • Análise das producións • Verbalización por parte dos alumnos do proceso persoal seguido no estudio

Esta actuación enmárcase dentro dun enfoque curricular, é dicir, será a través de todas as áreas e materias a vía de acadar estes obxectivos.

BLOQUE F.- ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL. Ámbito Persoal. Aprender a facer. Educación para a vida activa. POAP

OBXECTIVOS	BLOQUE	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS
Axudar ao alumnado a adquirir un maior coñecemento de si mesmo, a estrutura do sistema educativo e o ambiente socio-laboral e profesional	Autocoñecemento	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario de exploración inicial • Cuestionario autoaplicables e autoavaliables • Elaboración de informes persoais sobre como se percibe o alumno e como o perciben os outros • Xogos grupais que favorecen o autocoñecemento: "Adiviña quen", "O meu autorretrato" • Aplicación de inventarios de intereses, guías de autoorientación • Estudio da traxectoria escolar • Estudio dos condicionantes da toma de decisións 	<ul style="list-style-type: none"> • Estudio de casos • Traballo e exposición en pequenos grupos • Cuestionarios • Entrevistas • Técnicas de documentación e autodocumentación.
Proporcionar información sobre os itinerarios académicos e profesionais que se lle ofrecen ao termino do curso	Coñecemento do Sistema Educativo	<ul style="list-style-type: none"> • Estudio de folletos e publicacións • Elaborar un organigrama do sistema educativo e un diagrama das posibles opcións ao remate do curso. • Visitas a Centros Educativos, de Traballo, Universidade. • Sesións informativas: USC. SUG. • Elaborar un folleto coas ofertas do centro. • Informe das materias optativas. • Comisión de investigación : ¿Que sabes da carreira...? • Mesas redondas con pais sobre o mundo laboral. • Consulta de programas informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Estudio de guías, folletos, e bibliografía. • Comprimentación de guías de autoorientación. • Visitas a centros educativos e produtivos. • Charlar informativas. • Tecnicas de grup.: Phillip66, simulacións, Role-Plays, Mesas redondas, • Creación de comisións de investigación, • Elaboración de ficheiros • Sesións de apoio psicopedagóxico na aula, no centro, fóra.
Facilitar ao alumnado coñecementos sobre o contorno socio-laboral e contactos e experiencias directas co mundo laboral.	Coñecemento do mercado laboral.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación de profesións e postos de traballo • Estudio sobre as actividades económicas da Comunidade . • Recollida, análise e comentario sobre noticias en prensa relacionadas coa actividade económica e laboral • Entrevistas e contactos con traballadores e profesionais. • Visitas a Centros produtivos e empresas. • Visualización de vídeos con información profesional 	<ul style="list-style-type: none"> • Conferencias. • Sesións informativas • Utilización de recursos informáticos e audiovisuais
Organizar adecuadamente as informacións e experiencias adquiridas para plantexarse un itinerario, trazar un plan pra logralo e tomar as decisións oportunas para acadar a meta fixada.	Proceso de inserción socio-profesional	<ul style="list-style-type: none"> • Investigación sobre organismos relacionados coa oferta de emprego. • Confección de documentos de utilidades (curriculum vitae, instancias...) • Simulación de entrevistas de emprego. • Busca de emprego a través da prensa. • Información sobre a autoocupación. • Realización dun informe individual sobre o proxecto persoall e profesional. • Representación gráfica do itinerario a seguir • Entrevista co titor e/ou co orientador 	

BLOQUE G.- SESIÓN DE AVALIACIÓN CO ALUMNADO. Ámbito Persoal. Aprender a Ser. Aprender a Coñecer.

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar a participación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe e avaliación - Observar como percibe o alumnado o clima da aula e como se desenvolve o proceso de ensino- aprendizaxe. - Analizar responsablemente o traballo realizado durante o trimestre e a súa repercusión nos resultados académicos. - Adoptar compromisos para reforzar o conseguido e corrixir os desaxustes e erros cometidos. - Analizar o conxunto de factores que interveñen no proceso educativo: actividade do profesorado, programación, método, materiais, organización da aula, tipo de comunicación que se establece na aula, cantidade e calidade dos apoios que recibe o alumnado. 	<p>PREAVALIACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facilitar informacións xerais sobre a avaliación, acordos de avaliación, acordos de promoción, criterios compartidos, datas da avaliación. Xuntas de avaliación. - Realizar a autoavaliación do alumno, a avaliación do funcionamento do grupo-clase e do proceso de ensino- aprendizaxe. - Concretar acordos e medidas para remediar os desaxustes e problemas detectados e establecer aquilo que o delegado/a ou o titor/a teña que levar á xunta de avaliación. - Preparar a xunta de avaliación co alumnado. <p>POSTAVALIACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entrega de informes de avaliación - Análise, valoración dos resultados tomando como base a gráfica acumulativa cos resultados de todas as asignaturas, elaborada pol persoa titora. - Informar ao grupo sobre o desenvolvemento da Xunta de avaliación, dos acordos tomados, así como as medias que se adoptarán para mellorar a situación. 	<ul style="list-style-type: none"> - Exposición en gran grupo - Cuestionarios de autoavaliación, do funcionamento do grupo e valoración do proceso de ensino-aprendizaxe. - Traballo en pequenos grupos - Reunión en Asemblea. - Entrevista individual co alumnado que o precisen.

BLOQUE H.- ACTUACIÓNS CO EQUIPO DOCENTE.

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES
<ul style="list-style-type: none"> - Obter información inicial sobre o alumnado útil para o desenvolvemento das súas funcións docentes, avaliadoras e orientadoras - Recoller información, opinións e propostas de cada docente sobre calquera tema que afecte ao grupo ou alumnado en particular - Unificar criterios co equipo docente e planear estratexias coordinadas para o tratamento flexible da diversidade. - Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo, organizar e presidir as sesións de avaliación. - Implicar ao profesorado en tarefas orientadoras e concretar a actuacións do equipo docente. - Mediar nas situacións de conflito entre profesorado e alumnado. 	<p>PROGRAMADAS.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización dunha avaliación inicial e determinar procedementos para recopilar información sobre a situación de partida do alumnado. - Establecemento de acordos compartidos polo equipo docente respecto á definición de obxectivos comúns, principios metodolóxicos xerais, contidos procedimentais comúns, instrumentos e criterios de avaliación, tratamento nas diversas materias dos temas transversais, medidas para a atención á diversidade. - Sesión de Avaliación - Definición da participación do profesorado en tarefas orientadoras (técnicas de traballo intelectual, orientación vocacional, avaliación do progreso de ensino-aprendizaxe) e establecemento de procedementos para o seguimento e avaliación ds intervención planificadas. <p>REUNIÓN PUNTUAIS CUN PROFESOR/A</p> <ul style="list-style-type: none"> - Análise de calquera conflito dun docente co grupo (dificultades na súa materia, metodoloxía, problemas de comportamento, etc) recollendo o seu punto de vista, para encauzar a situación delimitando o problema e as súas causas e para orientar as posibles vías de intervención por parte do docente e revisar a marcha do conflito.

BLOQUE I.- AVALIACIÓN DA TITORÍA

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
<ul style="list-style-type: none"> - Avaliar o funcionamento do Plano de Orientación Educativa e Profesional, o Plano de Acción Titorial e a Programación Titorial levada a cabo. - Analizar o desenvolvemento do PAT e as funcións da Orientación asignadas á persoa titora para corrixir os desaxustes observados e decidir o mantemento ou cambio de obxectivos, a adecuación das actividades, das estratexias de intervención e apoios recibidos, a temporalización, recursos, etc. - Optimizar a programación de cara o curso próximo. 	<ul style="list-style-type: none"> - Concretar co D.O. que aspectos van a ser avaliados (funcións asignadas, obxectivos programados, actividades realizadas, temporalización, persoas implicadas, recursos..) e en que momentos se realizará (ao final de cada bloque de programación, trimestralmente, anualmente) - Definir e/ou elaborar os instrumentos para avaliación e autoavaliación. - Análise e valoración dos resultados - Elaboración dun informe que se adxuntará á memoria do D.O. - Planificación para o curso próximo 	<ul style="list-style-type: none"> - Reunión de titorías. - Cuestionario dirixidos aos destinatario da intervención (alumnado, docentes, familias) - Cuestionarios de autoavaliación. - Intercambio orais - Contraste de experiencias - Niveis de participación.

BLOQUE J.- REUNIÓNS COAS FAMILIAS

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Contribuir ao establecemento de relacións fluídas coas familias	<ul style="list-style-type: none"> - Elaborar a citación ás familias, expoñendo os obxectivos da reunión e incluíndo a orde do día. 	<ul style="list-style-type: none"> - Reunión de inicio/ final de curso. - Reunións durante o curso previamente convocadas - Cartas informativas, informes de avaliación - Cuestionarios dirixidos ás familias. - Exposición e debate.
Informar ás familias sobre todos aqueles temas relacionados coa educación dos seus fillos/as e das actividades de orientación	<ul style="list-style-type: none"> - Reunión colectiva coas familias de grupo ou nivel coa presenza da persoa titora, Equipo Directivo e DO 	<ul style="list-style-type: none"> - Contactos e colaboración coa ANPA
Implicar ás familias en actividades de apoio da aprendizaxe e orientación dos fillos/as.	<ul style="list-style-type: none"> - Reunións para informar e pedir colaboración ás familias en relación a diversos programas. (Técnicas de traballo intelectual, Orientación Vocacional..) - Colaboración das familias en visitas, actividades extraescolares, semana cultural, festas... - Reunións da persoa titora coas familias de alumnado que poda presentar unha problemática particular (mal rendemento, disciplina, necesidades educativas especiais) 	<ul style="list-style-type: none"> - Reunión cun grupo reducido de pais-nais.
Intercambiar información sobre o alumnado co fin de lograr unha maior comprensión da súa situación, orientando nalgún tema ou problema específico, analízalo conxuntamente e formular un plano de intervención.	<ul style="list-style-type: none"> - Entrevista individual previa cita - Deseño do plano de intervención - Seguimento e avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> - Entrevista individual (hora de recepción de familias)

PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

CURSO 2023-2024

IES DE CACHEIRAS

PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES. CURSO 2023-2024.

Tal e como se indica no Artigo 38 do decreto 156/2022, os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

1. OBXECTIVOS

O principal obxectivo deste plan é capacitar ao alumnado para a elección de condutas que favorezan o coidado da súa saúde e o seu benestar, mediante a adquisición de coñecementos e habilidades en cuestión relacionadas coas competencias emocionais, a alimentación e a actividade física. Para a consecución do devandito obxectivo, propoñemos as seguintes liñas de intervención:

- **Educación socio-emocional:**

Sentirse ben consigo mesmo ou consigo mesma e cos demais xera benestar e iso, á súa vez, favorece un desenvolvemento saudable das persoas, “non hai saúde sen saúde mental”. A capacidade para alcanzar e manter ese estado de benestar emocional foi considerada como un dos aspectos incluídos na intelixencia emocional, entendida esta, como a habilidade para tomar conciencia das propias emocións e as doutras persoas, así como, a capacidade de regularlas. No ámbito escolar, a educación socio-emocional consiste nun proceso educativo, continuo e permanente, que pretende potenciar a adquisición das competencias socio-emocionais como elemento esencial do desenvolvemento humano, con obxecto de capacitar á persoa para a vida e aumentar o seu benestar persoal e social permitindo que alumnos e alumnas aprendan mellor e potencien os seus resultados académicos, ademais de contribuír a previr os problemas emocionais e de conduta que poidan aparecer nestas franxas de idade. As competencias que se abordarán desde esta liña de intervención son:

- Conciencia Emocional: capacidade para tomar conciencia das propias emocións e das emocións dos demais.
- Regulación emocional: capacidade para manexar as emocións de forma apropiada.
- Autonomía Emocional: capacidade de sentir, pensar e tomar decisións en por si.
- Competencia Social: capacidade para manter relacións adecuadas con outras persoas.
- Competencias para a Vida e o Benestar: capacidade de adoptar comportamentos apropiados e responsables para afrontar satisfactoriamente os desafíos do día a día.

- **Estilos de vida saudables:**

Sabemos que as condutas habituais que configuran o modo de vivir do noso alumnado e as súas familias van ser factores clave sobre a saúde dos mesmos. Por iso, desde o noso plan de actuación, en colaboración e coordinación coas áreas do currículo, cremos firmemente na necesidade de transmitir ao alumnado as claves dunha alimentación equilibrada así como a importancia do exercicio físico como fonte de desenvolvemento físico e mental, persoal e social. Creemos que a educación integral do alumnado é básica, necesaria e vital, así pois, “enganchar” ás nosas alumnas e alumnos na práctica de deporte e actividade física tanto dentro como fóra do contexto escolar é un obxectivo prioritario.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE CADA LIÑA DE INTERVENCIÓN

- **OBXECTIVOS PARA “EDUCACIÓN SOCIO-EMOCIONAL”:**

- Promover aptitudes que permitan tomar conciencia das emocións propias e dos demais, así como aprender a regularlas, mediante estratexias que favorezan o desenvolvemento persoal e social.
- Desenvolver habilidades que potencien a autonomía emocional, unha actitude positiva cara a un mesmo e cara aos demais, así como estratexias que permitan afrontar os retos da vida de forma sa e equilibrada.
- Desenvolver a empatía como valor fundamental para o crecemento persoal e social do noso alumnado.
- Potenciar a comunicación entre o alumnado como vehículo para a resolución e mediación de conflitos.

- **OBXECTIVOS PARA “ESTILOS DE VIDA SAUDABLE”**

- Sensibilizar sobre a importancia de realizar actividade física e levar unha alimentación variada e equilibrada, facendo especial fincapé no aumento do consumo de froitas e hortalizas e na diminución do consumo de bebidas azucradas.
- Formar e concienciar aos escolares sobre os beneficios saudables do consumo de froitas e hortalizas de tempada e proximidade, en compañía das súas familias.
- Capacitar ao alumnado para a elección de condutas que favorezan a súa saúde e benestar, mediante a adquisición de coñecementos e habilidades en cuestións relacionadas coas competencias socio-emocionais, a alimentación e a actividade física.
- Promover a adquisición de hábitos relacionados coa hixiene e o autocoidado.
- Facer partícipes ás familias, fomentando a súa colaboración na promoción da saúde e a prevención de adiccións.
- Difundir entre as familias, coa colaboración do ANPA, a posta en marcha deste programa.
- Incentivar a colaboración entre o ámbito educativo e o sanitario para a difusión de hábitos e vida saudable.

- Capacitar ao alumnado para a elección de condutas que favorezan a súa saúde e benestar, mediante a adquisición de coñecementos e habilidades en cuestións relacionadas coas competencias socio-emocionais, a alimentación e a actividade física.
- Aprender a buscar información de maneira segura.
- Formación no uso correcto das TIC.

3. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Para a consecución dos obxectivos marcados, desenvolveranse, ademais das actividades enmarcadas nos currículos das distintas materias, as seguintes actuacións:

- Programa de adestramento en habilidades sociais, que ten como obxectivos:
 - Mostrar condutas verbais e non verbais de “escoita activa”
 - Identificar emocións e sentimentos das outras persoas.
 - Comunicar os propios desexos, opinións, intencións, emocións, sentimentos.
 - Saudar de forma adecuada a distintas persoas do seu contorno social.
 - Saber despedirse correctamente.
 - Saber presentar aos compañeiros e compañeiras nas situacións adecuadas.
 - Aceptar a propia responsabilidade, ante un fallo cometido, e pedir desculpas adecuadamente nos casos en que sexa preciso facelo.
 - Responder de modo apropiado ás críticas que proveñan doutras persoas.
 - Expresar críticas axeitadamente, nos momentos oportunos, á conduta doutras persoas.
 - Chegar puntual ás clases e/ou ás citas e reunións que previamente fixou con outras persoas.
 - Saber encher os impresos de matrícula escolar.
 - Saber escribir unha carta solicitando algo que necesita ou agradecendo algo que recibiu
 - Saber felicitar, dar o parabén/dar o pésame,... de maneira correcta e nas situacións axeitadas.
 - Comportarse correctamente cando se asiste a festas de calquera tipo, conferencias, audicións...
 - Saber compartir e prestar os obxectos persoais.
 - Saber comportarse democraticamente en grupo.
 - Respetar as propiedades dos demais.
 - Utilizar as papeleiras no Centro, en rúas, parque e locais públicos.
 - Mostrar condutas de cortesía e boa educación en distintas situacións.

- Programa Recreos activos

Desde hai anos no noso centro organízanse os recreos activos, que pretenden fomentar a actividade física non competitiva e igualitaria nos recreos e tempos de lecer, creándose zonas diferenciadas de xogo no patio e organizando a participación de todo o alumnado do centro.

Esta actividade lévase a cabo ao longo de todo o curso, coordinada polo departamento de Educación Física e está destinada a todo o alumnado do centro.

- Charlas de regulación emocional

Organizadas en colaboración coa ANPA, realízanse ao comezo de cada curso académico co

alumnado de 2º Bacharelato para dotar de ferramentas que permitan afrontar con maior seguridade este curso tan estresante para o estudantado.

○ Teatro solidario e inclusivo

Desde o curso 21 -22 no IES de Cacheiras existe unha Aula de teatro formada por máis de 60 alumnos e alumnas.

O teatro é unha ferramenta que contribúe de xeito firme a acadar unha maior seguridade e autocontrol dun mesmo, desenvolve e potencia capacidades de comunicación, propicia unha optimización das relacións interpersoais (xa que melloran as habilidades xestuais, orais e corporais dos participantes); favorece a desinhibición; a creatividade; a autoestima equilibrada; logra unha comunicación efectiva e propicia a adaptación do ser humano ao seu medio.

○ Polos creativos

Este proxecto multidisciplinar e transversal, artículase ao redor de dúas liñas de actuación estratéxicas recollidas na lexislación educativa; en primeiro lugar ao concepto de paisaxe e cambio climático en relación cos Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible ODS da ONU e a economía circular e, en segundo lugar, á alfabetización informacional, mediática e dixital para facilitar os procesos de investigación, comunicación, difusión e desenvolvemento dos diferentes proxectos. Estes proxectos intégranse curricularmente en diferentes materias para un desenvolvemento competencial do alumnado con metodoloxías activas ligadas á Aprendizaxe por Proxectos, a Aprendizaxe Cooperativa e o Aprendizaxe Servizo onde a creatividade convértese nun eixo central dos procesos de ensino-aprendizaxe.

○ Obradoiros e actividades de educación en valores

Durante o presente curso desenvolveranse os seguintes:

- Obradoiro de Sexualidade impartido por Quérote +. Alumnado de 3º ESO.
- Obradoiro de Prevención de Condutas Adictivas. Programa de prevención de drogo dependencias “Saber..... drogas”, impartido polo Servizo de Prevención de Condutas Adictivas dos concellos de Boqueixón, Teo, Touro e Vedra. 2º ESO e 4º ESO
- Charlas sobre ciberseguridade para 1º ESO, sobre acoso e ciberacoso para 2º ESO, sobre drogas e alcol para 3º ESO, sobre outras adiccións (apostas, videoxogos,...) para 4º ESO e sobre delitos de odio e discriminación impartidas pola garda civil dentro do Plan director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e na súa contorna.
- Obradoiro Ninguén sen menos dereitos, impartido pola ONG Movemento pola Paz para 2º ESO.
- Obradoiro Cidadanía global, impartido pola ONG Movemento pola Paz para 3º ESO.
- Obradoiro Menores nin unha gota, impartido pola Fundación Alcohol y Sociedad para 4º ESO.



PLAN DIXITAL

IES DE CACHEIRAS

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- **Nome do centro: IES DE CACHEIRAS**

- **Situación e contacto:**

Costenla, 36 Cacheiras
15883 Teo -A Coruña-
Teléfono: 881 86 64 73
ies.cacheiras@edu.xunta.es

- **Centros adscritos:**

- ✓ CEIP de Calo
- ✓ CEIP A Ramallosa
- ✓ CEIP Os Tilos

- **Ensinanzas que ofrece o centro:**

- ✓ Ensino secundario obrigatorio (1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO)
- ✓ Bacharelato (1º e 2º):
 - Ciencias.
 - Humanidades e Ciencias sociais.

- **Características singulares:**

- ✓ Dispón de biblioteca, salón de actos, dúas aulas de informática, tres laboratorios, tres aulas de desdobres, cafetería, instalacións deportivas exteriores, ximnasio, encerados dixitais en todas las aulas, rede WIFI, etc.
- ✓ Horario de mañá para ESO e BACH.

- **Profesorado:**

- ✓ 65 (63 profesores de ensino secundario e 2 docentes de apoio)

- **Alumnado:**

- ✓ 654 alumnos e alumnas de ESO e BACHARELATO distribuídos do seguinte xeito: 23 grupos de ESO (6 de 1º, 6 de 2º, 6 de 3º y 5 de 4º) e 7 de Bacharelato (3 de 1º e 4 de 2º).

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro:**

O IES de Cacheiras está situado en Cacheiras, parroquia de San Simón de Ons que pertence a Teo, concello duns 19.000 habitantes en pleno proceso de transición desde un municipio de base agraria a un de formato urbano. O alumnado do IES reside, maioritariamente, no medio rural e en pequenas urbanizacións asentadas neste medio rural.

- **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.**

Nos últimos anos o desenvolvemento das TIC no mesmo foi inxente. As melloras desde entón ata a actualidade foron grandes e en todas as direccións. Dixitalizáronse todos os espazos do centro; impartíronse sesións de formación TIC; impulsáronse proxectos de innovación relacionados coas TIC...

O centro integrouse no plan E-Dixgal dende o seu comezo, polo que todo o alumnado da ESO posúe ordenador para traballar en casa e na aula.

A finalidade do noso Centro educativo é que o alumnado aprenda e fórmese como individuo da sociedade na que vive. En consecuencia, a propia organización vai mellorando a través da súa práctica e da reflexión sobre ela, así como das relacións que establece coa súa contorna. O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que vén recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos os documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios, buscando a mellora da competencia dixital e tratamento da información.

- **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**

O plan dixital pretende formar parte da Programación Xeral Anual de centro e converterse nun documento vivo que se adapte a situación de cada momento analizando as debilidades, fortalezas e necesidades que o centro posúa en cada momento.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Finalmente, na resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, dítanse instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Este Plan Dixital de Centro propón recoller as actuacións para mellorar a competencia dixital do Centro e de todos os sectores da comunidade educativa. O proceso de desenvolvemento e difusión das tecnoloxías é imparable. Tanto para a mellora dos procesos educativos que ocorren fóra ou dentro da aula, como para aqueles procesos que contribúen a que os centros educativos cumpran a súa función formativa, consolidáronse xa unha serie de recursos, ferramentas e servizos. Por este motivo é necesario que abordemos a tecnoloxía desde unha perspectiva máis global, entendendo o Centro como a unida de transformación e deseñando plans de mellora que

poidan ser desenvolvidos co impulso do equipo directivo do Centro. O Marco de Competencia para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes permítenos facer unha análise da realidade dos nosos centros e deseñar un plan de acción. Os centros educativos formamos parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado e por eles debemos dar respostas a estas necesidades e demandas da sociedade e mercado laboral para poder formar cidadáns do futuro coas competencias necesarias para desenvolverse nunha contorna dixitalizada. O uso da tecnoloxía é necesario nas diversas prácticas que teñen lugar nunha organización escolar, desde as relacións coas cuestións organizativas ata os procesos de ensino e aprendizaxe. É evidente que, para asegurar a igualdade social, a mellora das condicións de vida de comunidades e persoas, a educación é un recurso clave. A Estratexia Europa 2020 recoñece a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais e permita aproveitar as oportunidades. É necesario que as organizacións educativas revisen as súas estratexias co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos dixitais. Mediante o obxectivo do Plan Dixital de Centro preténdese:

- Avaliar a situación do noso Centro educativo con relación ao uso das TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competente para poder deseñar e emprender un proceso de transformación no Centro.
- Recoñecer o Plan Dixital de Centro como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o noso Centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.
- Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital nas mesmas.

1.4 Proceso de elaboración

O deseño do Plan Dixital de Centro debe recoller as ideas principais, determinar as prioridades e establecer os niveis de planificación [programas, proxectos e/ou accións] que marcarán o plan de traballo do Centro escolar no seu proceso de cambio e mellora. Así mesmo, a participación do equipo directivo no proceso de deseño e implementación do Plan Dixital de Centro é clave, tanto pola visión global que pode achegar, como pola capacidade para mobilizar recursos da organización e de xerar liderados distribuídos que permitan o cambio atendendo a procesos democráticos. O Plan Dixital de Centro debería permitir á comunidade educativa:

- Visualizar onde quere que chegue o Centro.
- Entender onde está actualmente.
- Trazar o camiño que leve dun estado ao outro.

A primeira versión deste plan dixital foi elaborado polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital seguindo os seguintes pasos:

- Unha primeira parte na que se realizou unha análise da situación do centro a través do SELFIE e do test CDC
- Unha segunda parte onde se elaboraron os informes DAFO e os obxectivos do Plan de Acción.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:**

Toda a infraestrutura do centro conta con conexións cableada de rede e wifi gracias ao proxecto Escuelas Conectadas. Ata o 2017 a velocidade da rede era pésima, non chegaba a 3 Mbps, nese ano dotouse ao centro dun radio enlace que anunciaba unha velocidade de 500 Mbps coa que se mellorou bastante. Dende o 2022 contamos con conexión de fibra, quedando o radio enlace como rede de respaldo, tal como nos comentaron dende a empresa que o instalou e que agora leva as comunicacións da consellería de educación. A wifi do centro cubre a totalidade do centro agás a zona dos despachos de dirección, aspecto importante e que a pesar de solicitalo en diversas ocasións non se considerou por parte da consellería. O alumnado edixgal conta con conexión permanente en todos os equipos, e o alumnado de bacharelato conta co seu usuario wifi só nos casos que se comprometa a utilizar os seus equipos portátiles nalgunha materia.

- ***Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:***

Dende o curso 2018-2019 o centro participa no proxecto E-DIXGAL. Empezamos con primeiro de ESO, ao curso seguinte incorporouse segundo de ESO e desde este curso 2021-2022 o proxecto está implantado en toda a etapa da ESO, o máximo que contempla o proxecto, chegando a un total de 488 alumnos e alumnas. O número de profesorado participante en materias E-DIXGAL é de 48 dun total de 65. Aínda que do resto podería participar moito máis profesorado de impartir docencia na ESO.

A parte das aulas edixgal todas as aulas do centro contan con kit de pizarra dixital, proxector de corto alcance e portátil de aula.

Os laboratorios, ximnasio, salón de actos, biblioteca, aula de plástica e aulas de tecnoloxía tamén contan con proxector e portátil de aula. No caso das aulas de tecnoloxía contan tamén con pizarra dixital.

En total o centro con 194 equipos sumando equipos de sobremesa e portátiles tanto de aulas como de departamentos, de aulas de informática e administración.

- 10 equipos portátiles e un de sobremesa (conserxería) para administración e o equipo de dirección. Todos eles agás o de conserxería con monitor traballando como pantalla ampliada.

- 44 portátiles de aula. 7 equipos de sobremesa nas aulas de pedagogía terapéutica e 14 nas aulas de plástica.
- 40 equipos de sobremesa (20 +20) na dúas aulas de informática e tres portátiles.
- 6 equipos todo en uno na sala de profesorado, ademais dunha máquina copiadora e escaneadora con acceso do profesorado mediante usuario e contrasinal.
- 14 portátiles e 6 ordenadores de sobremesa nos departamentos.
- Na biblioteca un equipo de sobremesa e 29 portátiles nun carro con autocarga para uso do alumnado na biblioteca.
- Portátil en salón de actos.

● **Servizos dixitais educativos:**

O centro emprega como canle de comunicación coa comunidade a web do centro e o espazo abalar e unha porcentaxe moi alta das familias ten operativa a aplicación Abalarmóbil. Na web está toda información relacionada cos distintos procedementos administrativos e educativos. Xa dende o 2021 está operativa a aula virtual e de uso máis recente unha porcentaxe do profesorado emprega Agueiro.

● **Xestión do mantemento do equipamento do centro:**

O mantemento tic do centro lévao dende o ano 2011 un profesor de tecnoloxía, e dende a entrada do proxecto edixgal a profesora coordinadora do proxecto E-DIXGAL traballa de forma coordinada co responsable TIC. Dado o elevado número de equipos faise o mantemento de software e hardware ata onde se pode chegar. Nos casos de avarías non cubertas polo proxecto EDIXGAL, na maioría dos casos mércanse repostos. Nos casos de avarías non identificadas cóntanse con empresas da zona para traballos puntuais.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

○ Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		ESO	Bacharelato
A -Liderado	Equipo Direct.	4,4	4,4
	Profesorado	3,8	3,8
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4,2	4,2
	Profesorado	3,2	3,2
	Alumnado	2,1	3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,2	4,2
	Profesorado	4,1	4,1
	Alumnado	3,1	4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,7	4,7
	Profesorado	4,1	4,1
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,2	4,2
	Profesorado	4,2	4,2
	Alumnado	3,6	3,9
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4	4
	Profesorado	3,6	3,6
	Alumnado	2,7	3,1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,6	3,6
	Profesorado	3,3	3,3
	Alumnado	2,3	3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4	4
	Profesorado	3,5	3,5
	Alumnado	2,9	3,3

○ Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	25	44	56,8%
PROVISIONAL	8	13	61,5%
INTERINO	4	6	66,7%
SUBSTITUTO	1	5	20%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
82,3	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	82,4	Integrador/a (B1)	79,3	Integrador/a (B1)
BAC	89	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	13	34,2%
B1	13	34,2%
B2	9	23,7%
C1	3	7,9%
TOTAL	38	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1: Considérase que a infraestrutura dixital respalda á ensinanza e o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. C2: No centro hai dispositivos dixitais para o seu uso polo profesorado. C5: Dispónse de asistencia técnica	C7: O sistema de protección de datos non está completamente implementado. C14: O profesorado considera que no centro os espazos físicos son insuficientes para a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxía dixitais. C1: Deficiente equipamento da aula de tecnoloxía
	PERSOAL DOCENTE	F4: O noso profesorado realiza actividades de aprendizaxe dixitais motivadoras para o alumnado G1: O profesorado usa tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado PEC4: O centro difunde información de interese e facilita o seguimento da actividade académica a través de servizos dixitais educativos D1: O equipo directivo reflexiona sobre as necesidades de DPC. D2: O profesorado comenta que ten acceso a actividades para o seu DPC no relativo ao ensino-aprendizaxe co tecnoloxías dixitais. D3: Existen intercambio de experiencias e debate no centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais. E4: O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais na comunicación relativa ao centro educativo.	B2: Non hai debate e ou reflexión sobre o uso das tecnoloxías. B3: Pouca experiencia no emprego de plataformas educativas e/ou outros recursos dixitais por parte do alumnado e profesorado de xeito colaborativo. F5: Hai discrepancia no uso das tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado. F6: O profesorado non fomenta suficientemente a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares empregando as tecnoloxías dixitais. G3: Tanto equipo directivo como profesorado como alumnado consideran que non se utilizan tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación axeitada ao alumnado. G8. Non se facilita ao alumnado tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe G5: Tanto equipo directivo como profesorado consideran que non utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe. G6: Non se usan as tecnoloxías dixitais para que o alumnado observe o traballo dos seus compañeiros.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	H6: O alumnado aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet. C8: Cóntase con dispositivos dixitais do centro para o alumnado da ESO	PEC4: o alumnado de bacharelato non coñece as vantaxes do emprego de software libre no ámbito educativo. H1-H3. Diferenza significativa entre alumnado e profesorado e equipo directivo en canto ao comportamento seguro e responsable H.4 O alumnado non aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa. C13: O alumnado de bacharelato non ten o hábito de traer o seu propio dispositivo. C8: Non se conta con dispositivos dixitais suficientes do centro para o alumnado de BAC
	FAMILIAS	PEC3: As familias do alumnado recibe información de	

		interese a través de servizos dixitais educativos corporativos.	
	OFERTA	A3 O equipo directivo apoia o profesorado para que exploren as novas formas de ensinanza coas tecnoloxías dixitais.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A1 Hai unha estratexia dixital no centro B1: Avaliáanse os progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. PEC2: O equipo directivo promove o emprego de software libre no ámbito educativo PEC4: O equipo directivo coñece a normativa relativa a adquisición de equipamento informático PEC3: Dende o centro educativo promóvese a participación do profesorado nas actividades formativas individuais organizadas	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A participación e a dotación aportada pola administración ao centro educativo a través do programa Edixgal.	CONCLUSIÓN 1: O espazo físico do centro resulta insuficiente para a xestión e práctica dun plan dixital. CONCLUSIÓN 2: Pouco recoñecemento (económico e lexislativo a nivel de horario) ao traballo de coordinación e de asesoramento TIC CONCLUSIÓN 3: Falta de espazo institucional de almacenamento na nube CONCLUSIÓN 4: Falta de tempo recoñecido para unha posta en común que permita elaborar unha liña de traballo común de centro.
	LEXISLACIÓN		Coñecemento insuficiente por parte do profesorado e do alumnado da lexislación relacionada coa protección de datos
	CONTORNA		
	ANPA	Boa coordinación e cooperación da ANPA	
	OUTRAS ENTIDADES		Poucas facilidades para a colaboración entre as distintas entidades públicas

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos que nos marquemos deben ser específicos e concretos. Deben ser medibles, alcanzables, realistas e definidos no tempo. Os obxectivos que aquí se enumeran foron expostos desde a comisión que se formou no grupo de traballo que impulsou este plan dixital:

- ❖ Mellorar o equipamento e infraestrutura do centro a través do proxecto Polos creativos
- ❖ Crear canles de colaboración entre o profesorado
- ❖ Adaptar actividades de aprendizaxe dixitais ás necesidades do alumnado con dificultades
- ❖ Empregar os libros de cualificación en contornas Moodle
- ❖ Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado de ESO para analizar a fiabilidade da información

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As principais necesidades serían:

- Renovación dos equipos das salas de informática, imprescindibles no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado de Bacharelato (non entra no programa E-Dixgal)
- Creación dunha aula equipada tecnolóxicamente e dixitalmente que permita levar a cabo distintos proxectos (esto pode verse reflexado na petición de participación no programa de Polos creativos). Para isto sería imprescindible a optimización dos espazos físicos (moi escasos no IES de Cacheiras con respecto a cantidade de alumnado)

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Infraestructura e equipos (C)						
OBXECTIVO 1: (1)	Mellorar o equipamento e infraestrutura do centro a través do proxecto Polos creativos				Acadado	
Responsable:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de actividades realizadas no Polo creativo					
Valor de partida: (3)	0 actividades do proxecto					
Valor previsto e data: (4)	25% das actividades previstas no proxecto			Finais de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Solicitud dun polo creativo	Dirección	Setembro 2022	Equipo dinamización Plan dixital e proxecto Profesorado participante		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitud a inspección de horario de dedicación do profesorado integrante no proxecto	Dirección	Setembro 2022	Ordenador e internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Instalación do equipamento adquirido a través do proxecto do Polo creativo	Departamento de tecnoloxía	Fin do primeiro trimestre	Equipamento concedido pola administración		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4:Levar a cabo as actividades de ensino-aprendizaxe do proxecto do Polo creativo	Profesorado implicado	Fin de curso	Polo creativo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)						

OBXECTIVO 2: (1)	Crear canles de colaboración entre o profesorado			Acadado		
Responsable:	Administradores das aulas virtuais			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de cursos creados no espazo colaborativo da AV corporativa e /ou en Edixgal					
Valor de partida: (3)	0 cursos creados no espazo colaborativo da AV corporativa e /ou en Edixgal					
Valor previsto e data: (4)	10 cursos creados no espazo colaborativo da AV corporativa e /ou en Edixgal		Fin de curso			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Creación dun espazo colaborativo na aula virtual corporativa	Administrador da aula virtual	Fin do primeiro trimestre	Ordenador e internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Solicitud dun espazo colaborativo en edixgal que non se borre ao finalizar o curso	Coordinador de edixgal	Fin do primeiro trimestre	Ordenador e internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Creación de cursos tipo por materia nalgún destes espazos colaborativos	Profesorado	Fin de curso	AV, ordenador e internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: Implementación na aula (F)						
OBXECTIVO 3: (1)	Adaptar actividades de aprendizaxe dixitais ás necesidades do alumnado con dificultades				Acadado	
Responsable:	Departamento de orientación				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de actividades adaptadas por materia					
Valor de partida: (3)	Non aplica (sen datos previos)					
Valor previsto e data: (4)	5 actividades adaptadas en todas as materias implicadas			Fin de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Convocar reunión do dep. de orientación para a selección das competencias nas que se fará adaptación e as materias implicadas	Persoa orientadora	Finais de outubro	Expediente do alumno/a e outros informes individualizados.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Adaptar os contidos ás necesidades	Profesor da materia	Fin de curso	Software específico para a adaptación, de ser o caso. Programacións das materias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Implementar as adaptacións na aula virtual de cada materia	Profesor da materia	Fin de curso	Aula virtual e ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PRÁCTICAS DE AVALIACION (G)						
OBXECTIVO 4: (1)	Empregar os libros de cualificación en contornas Moodle				Acadado	
Responsable:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de cursos nos que se levou a cabo a cualificación de tarefas e probas de avaliación propostas a través da contorna Moodle					
Valor de partida: (3)	5% do profesorado					
Valor previsto e data: (4)	25% do profesorado			Primeiro trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1:Formar en avaliación e emprego do libro de cualificacións en cursos Moodle a través dun PFPP	Coordinador TIC	Setembro 2022	Aula de informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2:Crear categorías e subcategorías para a xestión das cualificacións	Profesorado das diferentes materias	Outubro 2022	Aula virtual do centro Cursos de cada materia participante e criterios de cualificación destas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3:Incluír tarefas e probas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións	Profesorado das diferentes materias	Primeiro trimestre	Aula virtual do centro Actividades das materias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4: Cualificar tarefas e probas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións	Profesorado das diferentes materias	Primeiro trimestre	Aula virtual do centro e actividades creadas.			

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)						
OBXECTIVO 5: (1)	Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado de ESO para analizar a fiabilidade da información				Acadado	
Responsable:	Persoas titoras de cada grupo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de sesións lectivas dedicadas a analizar a fiabilidade da información (Instrumento: rexistro por parte das persoas titoras das sesións empregadas)					
Valor de partida: (3)	0 SESIÓN					
Valor previsto e data: (4)	2 SESIÓN			Fin de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1:Proporcionar o material aos titores/as para organizar estas sesións	Xefatura de estudos	Primeiro trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2:Organizar o traballo a realizar na aula para analizar a información	Persoas titoras de cada grupo	Fin de curso			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Elaborar dous retos con información de diferentes sitios web para valorar a súa veracidade por parte do alumnado	Xefatura de estudos	Fin de curso			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Para poder avaliar o plan, será necesario medir o grao de consecución dos obxectivos que nos marcamos. Tamén será necesario comprobar a efectividade das actuacións levadas a cabo. Para levar a cabo a avaliación, teremos en conta os seguintes instrumentos e ferramentas:

- Os indicadores de avaliación asociados a cada un dos obxectivos e accións.
- A ferramenta de avaliación SELFIE a través da cal poderemos facer unha análise da competencia dixital do Centro. Recoméndase realizar anualmente a final de curso.
- A avaliación da Competencia Dixital Docente
- A avaliación da Competencia Dixital do alumnado a través de SELFIE, preferiblemente a final do curso.

O plan avaliarase en función dos resultados obtidos no marco dos obxectivos e prazos previstos.

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

A difusión deste plan realizarase atendendo a:

- Difusión do Plan ao Claustro: en CCP mediante unha presentación e reunión posterior.
- Difusión á Comunidade Educativa: este Plan incluírase no PEC e difundirase a través da páxina web do centro.

12.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Como mecanismos de seguimento e avaliación do programa de auxiliares de conversa o IES de Cacheiras establece os seguintes para tal efecto no curso 2022-2023:

1. Realización de xuntanzas semanais (recollidas no horario do profesorado das seccións bilingües e no da auxiliar de conversa) para:
 - Levar a cabo o seguimento semanal das actividades docentes nas aulas de sección bilingües.
 - Propoñer actividades complementarias.
2. Realización de xuntanzas semanais (recollidas no horario do profesorado das seccións bilingües e no da auxiliar de conversa) para avaliar:
 - A mellora da comprensión oral do alumnado das sección bilingües.
 - A mellora da expresión oral.
 - A mellora da capacidade lectora.
 - A mellora dos coñecementos da cultura en lingua portuguesa.
 - Perfeccionamento da expresión e comprensión oral do profesorado vinculado ás seccións bilingües.
3. Ademais do anterior, pero fóra do apartado de avaliación:
 - Colaboración nas actividades que se programen no departamento de referencia.

**CURRÍCULO
INTEGRADO DE
LINGUAS**

IES CACHEIRAS

1. INTRODUCCIÓN

Tanto no DECRETO 156/2022 como no 157/2022 e mais na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, establécese o seguinte:

“Os centros docentes impartirán, de xeito integrado, o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.” (art. 14, punto 4 da ORDE de 26 de maio de 2023)

2. METODOLOXÍA

A metodoloxía didáctica buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída establecido no anexo I do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

O eixe dos currículos de linguas constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

A partir das orientacións pedagóxicas establecidas nos currículos das materias lingüísticas nos decretos 156/2022 (ESO) e 157/2022 (Bacharelato), observaremos as seguintes liñas de actuación comúns:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo con perspectiva de xénero.

- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquira as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).

– O desenvolvemento dos contidos de xeito gradual e progresivo, de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

– O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e co equipo de biblioteca, que permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese para contribuír á mellora nos procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a todo o que teña que ver coa alfabetización informacional.

– A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Tamén abordarán lecturas desde unha perspectiva de xénero.

3. TERMINOLOXÍA

Para facilitar a transferencia de coñecemento, convén unificar a terminoloxía, polo que se adoptaron os seguintes acordos:

- Utilizar a terminoloxía propia da sintaxe funcional:
 - Oración, cláusula e frase (nominal, substantiva, adxectiva, adverbial e preposicional).
 - Funcións das frases: NÚCLEO e MODIFICADOR, DETERMINANTE e NOMINAL, ENLACE ou RELATOR e TERMO.
 - Funcións da cláusula: SUXEITO, SUPLEMENTO ou COMPLEMENTO DE RÉXIME, COMPLEMENTO DIRECTO, COMPLEMENTO INDIRECTO, ATRIBUTO, COMPLEMENTOS CIRCUNSTANCIAIS, COMPLEMENTO AXENTE e PREDICATIVO.

- Optar polo termo *determinante* (fronte a adxectivo determinativo).
- Considerar *un, uns, unha e unhas*) determinantes indefinidos.
- Utilizar os termos *lexema* e *morfema*.
- Definir a parasíntese como a unión simultánea e necesaria dun prefixo e un sufixo derivativos a un lexema e como a combinación de composición e mais derivación.

4. CONTIDOS

Coa intención de non repetir innecesariamente os mesmos contidos en diferentes materias, os departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá acordaron que se priorizasen do seguinte xeito:

- Departamento de Lingua Castelá:
 - Métrica e recursos literarios.
 - Formación de palabras: morfemas e lexemas, derivación, composición e parasíntese, siglas e acrónimos.
 - Análise sintáctica en 3º e 4º ESO.
 - Comunicación e funcións da linguaxe.
 - Modalidades textuais.
 - Textos periodísticos.

- Departamento de Lingua Galega:
 - Xéneros literarios.
 - Relacións semánticas.
 - Funcións sintácticas en 1º e 2º ESO: SUXEITO, CD, CI, CC.
 - O texto e as súas características.
 - Variedades lingüísticas.
 - Cómic e cine.
 - Fonética.

Ademais, hai que ter en conta a existencia de contidos comúns que se van traballar nas dúas linguas polo seu carácter instrumental:

- Lectura comprensiva de textos e vocabulario.
- Prácticas de expresión escrita (resumos e textos breves narrativos, descritivos, expositivos...) e oral (breves debates, entrevistas, exposicións, narracións, argumentacións...en contextos cotiáns).
- Ortografía e puntuación.



14.- PROGRAMA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE PROFESORADO

O IES de Cacheiras segue a formarse mediante un programa de Formación Permanente de profesorado.

Este curso, o plan consta de tres liñas de actuación:

- EDIXGAL, creación de contido dixital
- Polos creativos
- ERASMUS +

Coas que se traballaran as competencias dixital, didáctica e comunicativa e se pretende alcanzar os seguintes obxectivos:

- Coñecer o modelo educativo asociado ao programa EVA.
- Diseñar e implementar na aula proxectos interdisciplinares no Polo Creativo de temática Emerxencia Climática.
- Solicitar unha Acreditación Erasmus.

No curso 23-24, participan neste plan 27 profesores/as. Isto supón algo máis do 42% dos docentes, o cal demostra a gran implicación do profesorado do IES de Cacheiras nunha formación continua e integradora.